

# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Núm. 17 [2014] • ISSN 1139-921X





# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Vol. 17 (2014)

2014

Fundación Cultural da Estrada  
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural

ISSN 1139-921X

[miscelanea.aestrada.com](http://miscelanea.aestrada.com)

## Director

Juan Andrés Fernández Castro

## Coordinador editorial

Juan L. Blanco Valdés

## Comité de Redacción

Juan L. Blanco Valdés | José Manuel Castaño García | María Xesusa Fernández Bascuas | Manuel Mosquera Agrelo.

## Consello Consultivo

Xesús Alonso Montero | Carlos Amable Baliñas Fernández | Xosé Luís Barreiro Barreiro | Roberto L. Blanco Valdés | Mercedes Brea | Manuel Cabada Castro | Isaac Díaz Pardo (†) | Xosé Neira Vilas | Xosé Manuel Núñez Seixas | Víctor F. Freixanes | Vicente Peña Saavedra | Augusto Pérez Alberti | Ofelia Rey Castelao | Anxo Tarrío Varela | Pilar de Torres Luna | Xosé Manuel Vázquez Varela.

© Fundación Cultural da Estrada,  
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela», 2014

## Edición

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

Aptdo. 78

36680 A Estrada

[www.museo.aestrada.com](http://www.museo.aestrada.com)

[www.miscelanea.aestrada.com](http://www.miscelanea.aestrada.com)

## Tradución de *abstracts*

Alexia Estraviz Loureiro

[alexiaestraviz@gmail.com](mailto:alexiaestraviz@gmail.com)

## Ilustración de cuberta

Museo Manuel Reimóndez Portela.

Fondo Celestino Fuentes

## Diseño de maqueta e maquetación

Rosa Costas

## Impresión

Gráficas Sementeira, S.A.

Chan de Maroñas, 2

15217 Obre - Noia

Dep. Legal: C 2618-2001

# Índice

- 9 Farolas da Estrada  
*Luis Manuel Ferro Pego*
- 19 Unha aproximación ás obras custodiadas no Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”  
*Ainhoa Álvarez Adriano e Vanesa Lago Somoza*
- 29 Misións populares xesuíticas no concello da Estrada (Pontevedra)  
*Manuel Cabada Castro*
- 59 1445. Un documento medieval (case) estradense (e breves notas)  
*Xosé M. Sánchez Sánchez*
- 69 Concelleiros estradenses I. Democracia (1975-2011)  
*Gisèle Maïssa Rodrigo*
- 97 Os “Reimóndez Figueroa” de Castrotión (Oca)  
*José Manuel Bértolo Ballesteros*
- 143 As viaxes do dirixible *Graf Zeppelin* polo ceo da Ulla  
*Henrique Neira Pereira*
- 149 Fragmentarios recuerdos autobiográficos para máis allá de la Canda y Padornelo  
*Manuel Cabada Castro*
- 183 Notas históricas introductorias para o estudo das pontes de pedra da Estrada  
*Damián Porto Rico*
- 211 O crime do cura de Sabucedo  
*Calros Solla Varela*

- 229 Sobre algunas personas influyentes en la villa de  
A Estrada y su término municipal  
*Isabel Leyes Borrajo*
- 255 A Estrada, partido xudicial
- 257 Olladas do pasado. Retratos de mulleres  
do rural estradense no 1953  
*Juan Andrés Fernández Castro*
- 303 Estradenses en el canal de Panamá  
*María Luisa Julia Pazos Pazos*

## In memoriam



María Porto Puente (1959-2014)

Secretaria do Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”







# Farolas da Estrada

Luis Manuel Ferro Pego

leonvenera@hotmail.es


**Resumo.** Neste percorrido polo concello da Estrada lembramos dúas farolas que foron retiradas do seu emprazamento orixinal, na actual praza de Galicia e na praza da Constitución, sendo trasladadas, a primeira, á Praza de Martínez Anido, e a segunda, á rotonda da Rúa da Cultura nesta vila. A primeira está tan enraizada na vida estradense que, a pesares do paso do tempo e de rebautizar a praza, esta sempre foi coñecida popularmente co nome de Praza da Farola.

**Abstract.** In this journey through the city council of A Estrada we recall two lamp-posts which were removed from their original location, in the current Galicia Square and Constitution Square, to Martínez Anido Square and the roundabout of Culture Street. The first one is so rooted in A Estrada life that it has always been known as *Praza da Farola* (Lamppost Square).

A farola que se ubica agora na praza Martínez Anido foi durante moitos anos punto de referencia da vila pola súa situación céntrica na praza do Xeneralísimo. Foi concibida como columna conmemorativa aínda que posteriormente se lle deu un uso práctico. De execución correcta, non aporta novidades a este tipo de monumentos de antecedentes tan antigos.

Actualmente, o corpo da farola, realizado todo en granito, está estruturado en dúas partes: pedestal ou podio e columna. O pedestal, que se ergue sobre unha base con varias molduras, ten forma cuadrangular e leva no centro de cada lado un escudo inscrito nun cadrado a modo de marco. Os escudos, dous e dous, representan o Concello da Estrada e o outros dous a Obras Públicas; enriba dun destes escudos vai a inscrición “AÑO DE 1951”. Na parte superior o pedestal está rematado por un axadrezado e varias molduras.

A columna levántase sobre unha base e o seu fuste, composto de cinco tambores, presenta acanaladuras no seu terzo inferior sendo lisa no resto. A modo de capitel presenta soamente dous ábacos, o superior un pouco máis grande, e soporta enriba un motivo escultórico en forma de floreiro.



Farola na súa antiga ubicación, fronte á casa consistorial da Estrada. Foto cortesía de Marisé García Hermida.

## Antecedentes

As columnas teñen unha función arquitectónica desde a súa orixe, sexa na cultura exipcia, cretense, grega ou romana. Na cultura grega comeza a utilizarse as columnas con fins basicamente ornamentais, tal é o caso da *Lanterna de Lisícrates*, pero é no mundo romano onde se ergueron diversas columnas con fins puramente conmemorativos, dos que temos como exemplo a *Columna de Traxano*, a de *Focas* ou a de *Antonino Pío*.

A partir de finais do século XIV erguéronse en España unhas columnas ou “rolos xurisdicionais”<sup>1</sup> que naceron como símbolos de

1 “Rolo” deriva do latín “rotulus” que significa cilindro.

demarcación das localidades cando conseguían o rango de vila e en certos casos marcaban os lindes de xurisdicións ou cotos. Os rolos xurisdicionais, que se instalaban na entrada da aldea ou vila e á beira da vía principal, non deben confundirse coas picotas, que se levantaban no medio da praza do pobo e servían para axustizar a reos ante os ollos do pobo. Pero como co tempo estes rolos foron empregados como picotas, acabaron por ser temidos e desprezados, ata que en 1813 as Cortes de Cádiz promulgaron un Decreto polo que se ordenaba, a petición dos propios concellos, a demolición de todos estes signos de vasalaxe e humillación. Hoxe en día aínda quedan en pé algúns e son considerados como auténtico patrimonio histórico artístico.

### **A columna conmemorativa de A Estrada**

O lugar que foi berce da vila de A Estrada ademais de ser un cruce de camiños tamén era o punto de referencia para deslindar as parroquias de Figueroa, Guimarei e Ouzande, e as xurisdicións eclesiásticas e señoriais. A xurisdición do marqués de Guimarei e do arcebispado seguramente tiñan este punto como linde. De aí que sexa posible que antes do século XIX xa houbo alí algún fito como referencia para delimitar as xurisdicións ou cotos.

Pero foi o 17 de setembro de 1840 cando en sesión municipal se estableceu que o concello levase o nome de “Ayuntamiento de Estrada” e se propuxo que no punto máis céntrico deste pequeno lugar, que era entón, se erguese un monumento dedicado á Constitución do Estado. Tal monumento consistía nesta columna cunha placa metálica coa inscrición: “*Constitución. 1840*”. E gravadas na pedra levaba estas outras palabras, compostas polo cura de Ouzande don Juan Manuel Fontela e dedicadas á memoria de Eduardo Otero e seu cuñado Gonzalo Arén, ambos do pazo de A Mota, e de Fernando Lorenzo, vituperados e fusilados en Guimarei polos carlistas o 7 de abril de 1836:

*El cuerpo municipal  
fija este punto en su historia  
para perpetua memoria  
del siete de abril fatal.*



Panorámica da praza do concello coa farola. Foto cortesía de Marisé García Hermida.

*A un porvenir venturoso  
consagra este lateral:  
digno es pueblo tan leal  
de paz, justicia y reposo.*

Pero non pasaron moitos anos cando en 1859 se decidiu retirar este monumento e tras moitas disputas cos veciños se acordou levar a lápida e inscricións á fachada da casa consistorial.

E así a columna estivo retirada durante un século ata que foi recuperada a mediados do século XX, sendo alcalde don Miguel de la Calle Sáenz, (xuño de 1942-31 de xuño de 1952). O 17 de novembro de 1948 foi aprobada polo concello a pavimentación da “Plaza del Generalísimo” (antes chamada *Praza Principal* ata 1912, de *Ramiro Ciorraga* ata 1932 e da *República* ata 1937). Na actualidade coñécese polo nome de Praza de Galicia.

Nos libro de actas do concello non aparece a data da instalación da farola, pero topamos reseñas sobre a pavimentación da praza e mesmo gastos en lámparas e material eléctrico. No libro que comen-



Actual situación da antiga farola do concello, na Praza de Hijos de A Estrada en Caracas.

za o 17 de novembro de 1948 e remata o 22 de maio de 1950, na Sesión Supletoria de data 28 de setembro de 1949, encontramos:

*Pavimentación de la Travesía de La Estrada en la carretera de Chapa a Carril.*

“Se da cuenta de la comunicación de la Jefatura de Obras Públicas, número 4.116 de fecha 21 del actual, en la que se expone que para terminar las obras de mejora de pavimentación, en la referida Travesía, se confeccionó unos presupuestos que ascienden a *doscientas veinte mil cuatrocientos cuarenta pesetas y cuarenta y tres céntimos*, siendo necesario que el Ayuntamiento ofrezca el anticipo reglamentario, y la Comisión por unanimidad acuerda contribuir con el sesenta por ciento de dicho presupuesto, con carácter de anticipo, para la ejecución de las obras de referencia por administración.”

No mesmo libro de actas, en Sesión Ordinaria celebrada o 12 de decembro de 1949;

*Pavimentación de la Plaza del Generalísimo Franco y Puerta del Sol.*

“Por el Sr. Ingeniero Jefe de Obras Públicas se da traslado del comunicado del Ilmo. Sr. Director General de Carreteras CC.VV., de fecha 22 de Noviembre último, cuyo contenido literal es el siguiente:

“Por Orden Ministerial de fecha 15 de noviembre corriente y con relación al proyecto de Terminación de las obras de mejora de pavimentación de la



A praza antano denominada “del Generalísimo”, a popular Farola, nunha foto dos anos sesenta. Foto cortesía de Marisé García Hermida.

Travesía de La Estrada en la carretera de Chapa a Carril Km. 20,495 al 21, 936 se ha dispuesto lo que sigue:

1º La aprobación del proyecto por su presupuesto total de Administración de 220.440, 26 pesetas. 2º Que la aportación obligada del ayuntamiento de La Estrada sea del 60% (60) del presupuesto lo que representa 132.264,26 pesetas y la del Estado de 88.176,17 pesetas. 3º Que se autorice a la Jefatura de Obras Públicas de Pontevedra para ejecutar las obras por el sistema de Administración cuando el Ayuntamiento de La Estrada deposite el importe de esa aportación de 132.264,26 pesetas. 4º Que cuando estén próximas a terminarse las obras que se ejecuten con cargo a la aportación del ayuntamiento, la Jefatura de Obras Públicas e Pontevedra lo comunique a este Ministerio para proceder a la habilitación de gastos correspondientes al Estado”

La Permanente se da por enterada de la presente comunicación y acuerda que previos los informes técnicos pertinentes se busque la fórmula adecuada para realizar la aportación indispensable para la ejecución de las obras de que se trata”.

Na Sesión Ordinaria de data 2 de outono de 1950, no apartado de Contas, lemos:

“Se aprueba la formulada por el Sr. Alcalde Presidente por gastos de representación ocasionados el día quince del actual con motivo de visita al Excmo. Sr. Gobernador Civil y hacer el ingreso de la cantidad correspondiente en la Jefatura de Obras Públicas con motivo de las obras de pavimentación de la Plaza del Generalísimo..260.-”

Na Sesión Ordinaria celebrada por la Corporación Municipal, o 17 de decembro de 1952, no apartado de Contas, dise:

“A Don Jesús Lago y Lago por lámparas y otro material eléctrico para la farola de la Plaza del Generalísimo Franco.. 73,10.”

Na Sesión celebrada o 31 de decembro de 1952, en Contas, dise o que segue:

“A la Viuda de Carballeda, por diverso material suministrado para la farola de la Plaza del Generalísimo..240.”

A partir de entón o nome de praza do Xeneralísimo tivo que competir co de Praza da Farola, nome máis popular. Desde entón a farola foi testemuña da vida dos estradenses, ata que sendo alcalde don Jesús José Fernández-Novoa Rodríguez, (febreiro 1971-19 de abril de 1978, cando se convocan as primeiras eleccións municipais democráticas), sufriu un cambio a praza do Xeneralísimo, retirándose a farola no ano 1972 e sendo substituída por un templete, onde se subía un policía municipal para dirixir o tráfico. Como lembramos ó comezo, a nova ubicación da farola é de momento a Praza Martínez Anido.

Outra farola moi coñecida, que estaba orixinarmente na praza de *José Antonio*, agora chamada da *Constitución*, foi retirada con motivo de erguerse na mesma unha fonte luminosa. Na sesión extraordinaria do concello con data 7 de setembro de 1978, recóllese “*Certificación remate fuente luminosa Plaza del Ayuntamiento*”, sendo alcalde don Jesús Durán Martínez, (19 de abril de 1978 - 25 de maio de 1983).

Coa chegada ó concello de don Manuel Reimóndez Portela, (23 de maio de 1983-30 de xullo de 1987), esperta do seu esquecemento esta farola, que se atopaba depositada nun almacén, sendo erguida de novo en 1984 na zona polideportiva-cultural de A Estrada, concretamente na praza *Hijos de la Estrada en Caracas*.



Farola no centro da hoxe coñecida como Praza de Galicia. Foto cortesía de Marisé García Hermida.



Busto do alcalde Manuel Reimóndez Portela na Rúa da Cultura.



Nun recanto da Praza do Mercado encontramos aquela farola cos escudos da Estrada e de Obras Públicas.

Para deixar a farola coas súas molduras tal como estaba, aproveitáronse as pedras procedentes do derribo da praza de abastos, e mesmo se puxo unha tubería no interior para permitir o enganche posterior do farol de coroación. O traballo foi realizado pola empresa “Construcciones Fontela” cun presuposto de 350.000 pts. aprobado polo concello o 10 de abril de 1984.

Sobre unha base e un pequeno pedestal octogonal, que fai de banco, levántase unha estrutura tronco-piramidal-hexagonal, tamén octogonal, de tamaño máis reducido que o pedestal e cunhas molduras en cada vértice inferior, realizado todo o conxunto en granito.

Unha inscrición sobre unha das caras di: *PLAZA DE HIJOS DE LA ESTRADA EN CARACAS 1982*. E debaixo hai unha cartela que pon: *Superficie 282 Km<sup>2</sup>, altitud 287 m, longitud 4<sup>o</sup> 45' 30"*, *latitud 42<sup>o</sup> 40' 35"*, *meridiano de Madrid*.



O alcalde Manuel Reimóndez Portela será o que de novo ergue unha nova farola, na conocida praza do Xeneralísimo . A Comisión de Goberno con data 27 de decembro de 1985, acorda por unanimidade contratar a Maceiras Filloy a construción da base de pedra para a farola, con un coste de 445.000 pesetas. Esta farola érguese na praza que na actualidade leva o nome de Praza de Galicia. Para o conxunto da sociedade estradense sempre será coñecida como Praza da Farola.

### **Fontes e bibliografía**

Arquivo Municipal de A Estrada; Libros de Actas.

*La Voz de Galicia*, 20.5.1995, artigo “La plaza más emblemática de A Estrada” de Olimpio Arca Caldas.

*Callejero Histórico de la Villa de A Estrada*. Olimpio Arca Caldas, 1995.

*La Estrada*, de Pedro Varela Castro, 1923.

*A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, 2007. Artigo “Alcaldes Estradenses” de María Jesús Fernández Bascuas.





## Unha aproximación ás obras custodiadas no Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”

Ainhoa Álvarez Adriano e Vanesa Lago Somoza  
vanelagosomoza@hotmail.com

**Resumo.** O presente traballo pretende amosar ó lector o resultado do labor de catalogación das obras artísticas que se levou a cabo no Museo Manuel Reimóndez Portela no presente ano 2014. Comézase por un achegamento a algúns dos exemplares máis notorios conservados neste museo. Cada unha das obras irá acompañada pola súa correspondente imaxe. Ó final do artigo facilítase un listado completo da totalidade das obras –pinturas, gravados e láminas– que contribúen a enriquecer o patrimonio de todos os estradenses.

**Abstract.** This paper aims to show the reader the result of the cataloguing work carried out in Manuel Reimóndez Portela Museum during this year 2014. It starts getting closer to some of the most notorious examples preserved in this museum. Each piece will be accompanied by its corresponding image. At the end of the article, it is provided a complete list of all the works (paintings, engravings and plates), which contribute to enrich the heritage of all the people in A Estrada.

O pasado mes de febreiro, grazas a un convenio asinado entre o Concello de A Estrada e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), foi posible levar a cabo a catalogación das obras conservadas no Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”.

Dito labor foi realizada por dúas historiadoras da arte que se atopaban elaborando, nese momento, un catálogo da produción artística albergada nas dependencias da casa consistorial da vila estradense. O seu cometido, no edificio do antigo matadoiro municipal, consistiu na recompilación de todos os datos posibles referidos ás obras que alí se custodian. Os fondos estudados clasificáronse segundo a natureza da técnica artística mediante a cal foron creados. Isto deu como resultado a elaboración dun catálogo no que se recollen datos sobre os títulos, a autoría, a datación, as dimensións e o estado de conservación de trinta pinturas, nove gravados e cinco láminas. Ademais, para previr calquera tipo de dano que afectase á súa integridade mentres as portas do museo permanezan pechadas de cara ó público, as obras foron convenientemente embaladas.

É preciso sinalar que estamos a falar dunha produción artística elaborada, na súa maioría, por autores galegos que teñen unha especial vinculación ca vila de A Estrada. É por iso que nalgunhas das obras aparecen reflectidos tradicións e lugares coñecidos para as xentes da zona.

O método de adquisición das obras por parte do Museo Manuel Reimóndez Portela faise –dende que se fundou no ano 1982– mediante compra, doazóns ou depósitos co fin de conservarlas debidamente e poñelas a disposición do público ó cal se lle proporciona unha información certa sobre as pezas que alí se exhiben.

A continuación ofrécese unha pequena escolma das obras máis destacadas.

No apartado adicado á pintura destacan oito obras que son clasificadas segundo o tema que reflicten:

### **Temática relixiosa**

Nesta sección sobresaen dous lenzos que aparecen asinados por Morales nos que se representan á Virxe María e a San Xosé co neno.

No primeiro deles pódese observar a imaxe da Virxe que é elevada ó ceo por unha agrupación de anxos. Este é un tema moi repetido ó longo da historia dentro da iconografía popular española.

A composición está dominada pola presenza da figura da nai de Xesucristo que aparece representada a unha idade xuvenil e vestida con túnica branca e manto azul, símbolos de pureza e eternidade respectivamente.

A segunda obra relixiosa de Morales amosa a imaxe de San Xosé barbado co neno Xesús en brazos apelando ó sentimental, resaltando a cercanía e o agarimo entre ambos. No que atinxe á vestimenta do santo cómpre sinalar que este é representado cun manto de cor marrón, que cae dende os ombreiros, e unha túnica verde. Pola súa banda, o neno Xesús leva un pequeno pano que lle cobre parte do seu corpo.

É salientable a presenza do atributo característico de San Xosé: a vara florida. Cóidase que soe ser de amendoeira, suplantada en moitas ocasións pola azucena ou o lirio –símbolo de pureza e castidade– tal e como acontece nesta representación.



Virxe María de Morales.




San Xosé de Morales.

### Temática popular

Dentro da colección do museo é moi frecuente atopar obras nas que se reflicten temas populares que teñen unha especial vinculación co concello e as súas tradicións. É o caso da obra de Susana Pazo Maside na que atopamos representada a coñecida festa da Rapa das Bestas de Sabucedo. A artista céntrase no momento exacto no que os cabalos salvaxes se atopan no curro, no que agarda un público multitudinario. Alí terá lugar o momento máis importante desta popular festa no que se procederá ó corte das crinas das bestas. Á dereita do lenzo destaca a presenza dun cabalo branco que está sendo sometido por tres aloitadores para levar a cabo o tradicional acto da rapa.

Dentro do conxunto de obras de temática popular tamén hai lugar para o xa mencionado Morales que, facendo gala das súas dotes como prolífico pintor, nos ofrece unha obra que representa un tema familiar para calquera galego. Estamos a falar dun lenzo no que se pode observar unha escena de romaría, á hora de xantar, con dúas polbeiras e catro homes que, nun ambiente distendido propio do



Rapa das bestas de Sabucedo de Susana Pazo Maside.



Escena de romería de Morales.



Augada de Castelao.

momento a representar, agardan pola súa ración de polbo á feira mentres toman unhas cuncas de viño.

Sen dúbida algunha a obra máis importante, que atopamos neste apartado, é unha augada de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao realizada no ano 1948. Nela, fiel ó seu estilo reivindicativo e reflexivo, representa a unha nena de condición humilde –vestida ó modo tradicional galego– protexéndose cun paraugas que suxeita coa man esquerda. No referente á man dereita convén sinalar a presenza dunha lousa cunha mensaxe que convida a cavilar ó espectador: “El tiempo es oro”.



Pazo e torre de Quimarei, óleo de Ramiro Cimadevila.

### Temática paisaxística

Varias son as obras, abeiradas no museo, que permiten contemplar diferentes paraxes naturais e espazos de interese do municipio estradense. Neste senso, cómpre destacar as obras realizadas por



Óleo de Manuel Cabaleiro.




Ramiro Cimadevila Cea e Manuel Cabaleiro López. O primeiro deles realizou un óleo sobre lenzo no que se amosa o pazo e a torre de Guimarei. O camiño situado no primeiro plano leva a vista do espectador á porta do pazo co escudo que centra a composición. Á esquerda da pintura érguese imponente a histórica torre da homenaxe adxacente á construción palaciana.

Pola súa parte, Cabaleiro preferiu reproducir na súa obra terreos de labranza, nun ambiente rural, amosándolle ó espectador unha paisaxe natural e tradicional galega.


### **Pintura abstracta**

A produción artística levada a cabo na vila estradense non quedou á marxe de correntes propias dos séculos XX e XXI como é a pintura abstracta. Artistas como Alejandro Sanmartín e Miguel Docampo Regengo introducíronse nesta tendencia que lles permitiu desenvolver o seu labor creativo deixando de lado a pintura figurativa.

No caso de Alejandro Sanmartín é salientable o emprego de diferentes técnicas e materiais para acadar unha expresividade artística persoal. Pola súa parte, Miguel Docampo realizou unha augada na que se distinguen diferentes trazos, que non parecen



Obra de Alejandro Sanmartín.





Augada de M. Docampo

responder a unha ordenación racional, sobre un fondo no que se intúe unha figura feminina.

### **Gravados**

No museo atópase unha ampla colección de gravados realizados por Miguel Docampo Regengo. Todos eles foron realizados mediante a estampación dunha placa de cobre na que se atopa o deseño da obra. A meirande parte destes traballos son monocromáticos e neles está presente a figuración humana, salvo algunhas excepcións. Cómpre sinalar a conservación, dentro da colección, dunha placa de cobre que deu lugar a unha das obras. É de salientar tamén o gravado de José Otero Abeledo, máis coñecido como Laxeiro. Pódese apreciar



Gravado de M. Docampo e a súa correspondente matriz metálica.

o rexeitamento da pintura naturalista apostando polo seu característico modernismo no que predomina o uso das cores primarias.

### Láminas

A colección de láminas está composta por cinco exemplares.

Este foi un pequeno resumo sobre a produción artística albergada no Museo do Pobo Estradense. Agardamos que resultase útil para todo aquel interesado na arte e que pronto o antedito museo volva



Gravado de Laxeiro.

a abrir as súas portas para que, tanto veciños como visitantes, poidan disfrutar das interesantes obras alí custodiadas.

### Listado completo de obras

RELIXIOSO	Autor descoñecido - Proyecto de Altar Mayor y Retablo para la parroquia de San Pelayo (CAD.002)
	Morales - Sen título (CAD.003)
	Morales - Sen título (CAD.006)
	Autor descoñecido - Fachada principal de la Iglesia de La Estrada (CAD.007)
	Autor descoñecido - Sen título (CAD.019)
	Autor descoñecido - La Purísima Concepción (CAD.021)
POPULAR	Sánchez-Ulloa - Sen título (CAD.001)
	Susana Pazo Maside - Sen título (CAD.004)
	Morales - Sen título (CAD.005)
	Alfonso Daniel Rodríguez Castelao - Sen título (CAD.012)
	Jesús Muras - Santa Sede (CAD.015)
	Jesús Muras - Sen título/Sen título (CAD.016)
	Morales - Sen título (CAD.022)
	Morales - Sen título (CAD.023)
	José María Barreiro - Gaiteiros no Camiño (CAD.025)
PAISAXE	Ramiro Cimadevila Cea - Sen título (CAD.008)
	Manuel Cabaleiro López - Sen título (CAD.009)
	Xoán Cerviño - Sen título (CAD.010)
	Daniel Cifuentes - Sen título (CAD.020)
	Santiago Tato Vidal - Porta do Sol (CAD.026)
ASBTRACTO	Manuel Avelino Fragoso Álvarez - Despois do Xardín Flotante (CAD.011)
	Alejandro Sanmartín - Sen título (CAD.013)
	María Chao - Sen título (CAD.014)
	Miguel Docampo Regengo - Sen título (CAD.017)
	Alejandro Sanmartín - Sen título (CAD.027)
	Alejandro Sanmartín - Sen título (CAD.028)
	Alejandro Sanmartín - Sen título (CAD.029)
Alejandro Sanmartín - Sen título (CAD.030)	
GRAVADOS	Miguel Ángel Docampo Regengo - Sen título (GRA.001 // GRA.002 // GRA.003 // GRA.004 // GRA.005 // GRA.006 // GRA.007 // GRA.008 // GRA.009) //
	José Otero Abeledo (Laxeiro) - Sen título (LÁM.005)
LÁMINAS	Autor descoñecido - San Miguel Arcángel (LÁM.001)
	Autor descoñecido - Sen título (LÁM.002)
	Autor descoñecido - Sen título (LÁM.003)
	Autor descoñecido - Sen título (LÁM.004)



## Misións populares xesuíticas no concello da Estrada (Pontevedra)

Manuel Cabada Castro

m.cabada@res.upcomillas.es

**Resumo.** A Compañía de Xesús ocupouse desde a súa fundación nas chamadas misións populares, de maneira especial en Galicia. Recóllese aquí documentación relacionada con esta actividade misioneira exercida polos xesuítas en diversas localidades pertencentes ó actual concello da Estrada. Trátase de varias crónicas (inéditas ou de non doada consulta) redactadas, por encargo dos seus superiores, polos mesmos misioneiros, que aportan interesantes informacións sobre a situación cultural, social, relixiosa, política, etc. dunha época que vai desde o ano 1675 ó 1968.

**Abstract.** The Society of Jesus dealt with popular missions since its foundation, especially in Galicia. This paper includes information related to this missionary activity of Jesuits in several places belonging to the current city council of A Estrada. It deals with some articles (unpublished or not easily found), written by the missionaries and ordered by their Superiors, which provide interesting information about the cultural, social, religious and political situation of a period that goes from 1675 to the year 1968.

As misións populares xesuíticas tiñan o seu propio estilo, que as distinguía en certo grao das doutros relixiosos. Os propios misioneiros xesuítas deixáronnos informacións concretas sobre os seus métodos e experiencias. Os seus superiores provinciais non deixaban efectivamente de solicitar deles con frecuencia que deixasen constancia escrita dos acontecementos máis relevantes ocorridos nas diversas misións que ían dando nun sitio e noutro. Os misioneiros, pola súa parte, sometíanse obediamente a estes mandados, non sen deixar de manifestar ás veces o grande esforzo que isto lles supuña, dado que eles eran sobre todo homes de acción e non dados á escritura. Tal como lle comentaba un deles ó seu superior provincial a finais de século XIX: “Describir los ministerios nos cuesta más que ejercitarlos”<sup>1</sup>.

Pois ben, nas misións populares participaba unha chea de xente, cantos querían e podían, aínda que viñesen de lonxe, por máis que a

1 *Memorias de las Misiones dadas por los P.P. Ignacio Santos y Juan Conde de la Compañía de Jesús, 1895-1898* (inédito).

misión se desenvolvese nun lugar pequeno como centro das diversas actuacións. Para se facer unha idea do seu funcionamento remito ó apartado “Esquema de una misión” inserto nun artigo do historiador E. Rivera Vázquez sobre o misioneiro popular xesuíta J. Conde<sup>2</sup>. Sintetizando ó máximo ese “esquema”, sería abondo con indicar que nas misións había diversos actos máis ou menos comúns: a entrada e recepción popular na parroquia central, a elección do campo da misión (algunha carballeira ou ámbito semellante) onde se desenvolvería normalmente a actividade da predicación (fundamentalmente centrada no tempo forte da chamada “primeira semana” dos Exercicios de Santo Ignacio), as prácticas sacramentais da confesión, eucaristías, etc. Todo isto realizado durante máis ou menos oito días.

O establecemento do “campo da misión” tiña moita importancia en Galicia, porque, como é ben sabido, a poboación galega se atopa diseminada en pequenos núcleos, nunha tupida rede de parroquias e lugares. As chamadas “misións xerais” populares de Galicia abranguían por iso normalmente varias parroquias. O seu centro de operacións, por así dicilo, estaba nalgunha parroquia concreta, mais os seus efectos estendíanse alén da mesma, dado que as igrexas rurais foran de feito construídas en función dos limitados veciños dunha determinada e particular parroquia e non podían polo tanto servir de axeitado lugar de reunión e concentración para unha multitude grande de persoas.

Estas misións “xerais” xesuíticas eran xa práctica antiga, estando de feito ligadas ó xurdimento mesmo da Compañía de Xesús no século XVI. De tal modo que se pode afirmar que Galicia tivo unha especial importancia na actividade misioneira dos xesuítas desde poucos anos xa despois da fundación da Compañía ata case o final do século XX. A mediados do século XX podía aínda constatar con razón o misioneiro popular, por entón Prefecto de Misións Populares e despois Provincial, Gregorio Sánchez-Céspedes: “El núcleo principal de las Misiones radica, como siempre, en Galicia”<sup>3</sup>.

2 Cf. Evaristo Rivera Vázquez, “El P. Conde, gran misionero jesuita enterrado en Quindimil”, Lugo: *Lucensia*, nº 20 (2000) 155-158.

3 G. Sánchez-Céspedes, “Misiones Populares. Informe de la Prefectura de Misiones Populares en el curso 1941-1942”. En *Santa Misión. Misiones Populares de la Provincia de León*, Memoria 1941-1942, p. 2.



Dous testemuños de misións na parede da ábsida de San Lourenzo de Sabucedo, A Estrada.

No que se refire xa máis directamente ós textos que presento neste artigo, só quero anticipar un breve comentario. Son textos que en xeral poden interesar a sociólogos, antropólogos, historiadores, estudosos do comportamento relixioso, etc. e, de maneira máis particular, a cantos pertencemos por nacemento ou adopción ó espazo xeográfico e cultural do actual concello da Estrada. Aínda que é tamén verdade que non poucas das informacións que aportan os misioneiros nestas súas crónicas poderían doadamente extrapolarse a outras comarcas do país galego. Diversas informacións poden servir ó tempo non só para coñecer as maneiras de se comportaren os misionados (as súas prácticas culturais, relixiosas, etc.) senón tamén as dos propios misioneiros (a súa mentalidade política, relixiosa, etc.).

Os textos, que aquí presento en orde cronolóxica (desde o ano 1675 ó 1968, un amplo período temporal que abrangue tres séculos), están tomados de publicacións de ámbito restrinxido, de non doada consulta polo tanto, ou tamén en diversos casos (que convenientemente se especifican) de escritos inéditos dos propios misioneiros, intentando naturalmente pola miña parte a meirande fidelidade textual ós mesmos. Neste sentido é para min grato e obrigado agradecerlles moi sinceramente ós responsábeis das diversas institucións e arquivos que coa súa xenerosa colaboración me proporcionaron diversa documentación. Entre eles compráceme nomear aquí

concretamente a César García Marcos (Madrid) e a Belén Aceves Román (Villagarcía de Campos: Valladolid), aínda que o nome do historiador Evaristo Rivera Vázquez, que fundou e organizou o Arquivo Histórico da Compañía de Xesús en Galicia (Vigo), tería que figurar en primeiro lugar, pois foi neste arquivo onde atopei os primeiros datos que se relacionaban xa co concello da Estrada. A todos, pois, o meu máis cordial agradecemento.

### **Misións en (Quireza), Rubín e Santa Cristina de Veá [1675]**

14. El jueves [27 de xuño de 1675] al amanecer me partí para el valle de Quireza, junto al partido de Montes, acompañado del Sr. Arcipreste de aquel partido y del Abad de Quireza, que nos tenía prevenido hospedaje en su casa. El P. Juan se quedó a concluir lo de Caldas, y tuvo que hacer todo el jueves y viernes hasta mediodía, que se partió a buscarme. Llegamos a Quireza, jueves veintisiete de Junio. Aquella tarde y el día siguiente no fueron grandes los auditorios; pero sábado, día de S. Pedro, y el domingo, fueron de más de ocho a nueve mil personas; y mayor el martes, día de la Visitación. Aquí concurrió todo el partido de Montes, vinieron de las Fragas, distantes cuatro leguas, mucha gente; y lugares enteros venían de quince leguas. Aquí se me cortó mucho el pecho, por haber pasado de extremo a extremo; pues el agua de la fuente de Caldas, por estar junto a unas burgas, era poco fría y muy saludable; y esta otra fría y muy cruda; y así tuve el pecho perdido algunos días especialmente el día de nuestra Señora, que lo había menester más.

Prosiguiéronse los sermones toda aquella semana con el fin de acabar el domingo, y ese día fue grandísimo el concurso más que nunca. Fue necesario decir que nos quedaríamos el día siguiente, porque faltaba mucha gente por confesar; y así hubo que hacer todo ese día y el martes por la mañana. Hasta partir no faltaron confesiones, y vinieron muchas de almas sumamente necesitadas.

Concurrirían aquí como unas doce mil personas; acudieron a este paraje todos los rectores del partido de Montes, y se fundaron dos congregaciones, una en Quireza y otra en el valle de Cerdedo, nombrando en una misma junta los prefectos y oficiales de entrambas; y



se pidió para hacer altar a S. Ignacio; y tomó a su cuenta este oficio un caballero llamado D. Francisco Leiro, patrón del convento de S. Francisco de Cambados, a quien hicimos asistente primero de la congregación. Estaba este caballero reñido con el abad de Quireza, y no se hablaban había mucho tiempo; y con la misión se hicieron amigos. Confesóse este señor muy despacio conmigo, asistió a todos los sermones con grande afecto y, al venir de Quireza a Tabeirós, nos acompañó una legua, y dentro de tres o cuatro días se murió, con muchas prendas de su salvación, invocando con mucha confianza a nuestro Padre S. Ignacio. Fue de su casa a la de sus suegros, y allí cayó malo, y en tres días murió; y habiendo venido a traer el cuerpo difunto, un hidalgo, capitán de la tierra, cayó también malo en la casa del difunto y allí murió. Habíase también confesado conmigo este hidalgo, y espero que la misión le habrá importado mucho para su salvación.

15. Estando en Quireza vino el arcipreste de Tabeirós, que es rector de Sta. María de Rubín, a convidarnos para hacer misión en aquel partido, como lo habíamos publicado al principio; mas después viéndonos malos de pecho, echamos voz que de allí nos habíamos de volver a Santiago, y él lastimado de esta segunda voz, vino a pedirnos pasásemos por allí. Dile palabra que el lunes pasaríamos por allí, porque tenía avisada la gente para ese día, con la voz primera de que habíamos de ir allí. Que al principio de la misión de Quireza, antes de hallarme tan fatigado del pecho, convine con el mismo arcipreste que el lunes ocho de julio<sup>4</sup> estaríamos en Rubín, y así lo avisó él al partido. Como no pudimos salir el lunes, por la mucha gente que quedaba sin confesarse, salimos martes, a las ocho de la mañana.

Hay de Quireza a Rubín casi cuatro leguas, y así llegamos como a las doce. Había mucha gente junta esperándonos, hízome lástima de dejarlos, y con eso dije que nos quedábamos aquel día. Concurrió la gente, y predicóse en el crucero de Rubín a cosa de ochocientas personas. Por fin viendo las ansias con que estaban todos, nos determinamos quedar. El día siguiente eran ya más de dos mil o tres mil y, creciendo los auditorios, fue necesario pasar los sermones a lugar más cómodo, y fue al Fojo, que es un soto distante de allí un cuarto de

4 No texto orixinal dise erroneamente "Junio".

legua, adonde cada mes se hace feria, junto a una ermita de S. Antonio aneja a Rubín. Aquí fueron grandiosos los concursos, especialmente el domingo, que serían más de diez mil personas.

Fue providencia divina, para salvación de muchas almas, esta misión, en la que luego mejoraron los pechos; y a mi compañero le dio la vida para cierto achaque que padecía el haberse hartado de agua de una hermosa fuente de Rubín. Echóse, para acabar, una procesión de doctrina, que salió del crucero de Rubín y vino a terminarse en el Fojo; hubo en ella, según algunos testificaron, casi cien disciplinantes; fue esta procesión martes, día del triunfo de la Cruz, o miércoles. Armóse una recia tempestad al llegar allá la doctrina y empezar el sermón, el cual se interrumpió un poco por esta causa; pero quiso Dios que, aunque la tempestad traía piedra, no cayó casi nada en aquel término, ni hizo daño. La procesión era larguísima, pues irían siete u ocho mil personas en ella, y al fin, un poco atrás, iba un hombre andando con las rodillas descubiertas por tierra, con un Sto. Cristo en las manos, con determinación de hacer todo aquel viaje de rodillas; yo le pedí se levantase y caminase con los pies.

Fundóse aquí también congregación de los clérigos e hidalgos de aquella comarca. Estuvimos hospedados en casa del arcipreste, que es rector de Rubín y se llama D. Rodrigo Romay, que nos trató con mucho agasajo. Aquí me dijeron que por el grande concurso de la gente se gastaban cada día dos moyos de vino. Eran sinnúmero los pobres y tullidos que venían a pedir en esta y en las demás misiones, y nos venían siguiendo; también nos seguían muchos clérigos mercenarios, para ayudarnos a confesar, porque hallaban buenas limosnas.

16. Como para concluir el arzobispado [¿arciprestazgo?] no nos faltaba más que una estación en la Puente de Ledesma, distante de allí dos leguas, dimos voz que desde Rubín habíamos de pasar allá. Mas como ni el arcipreste ni ningún otro respondían a nuestra voz, pasamos a Veá, que está como legua y media de Rubín, adonde no habíamos hecho antes intención de ir, porque estando tan cerca podían concurrir a Rubín. De Padrón, distante de allí dos leguas, despedí de primera instancia esta misión, y la negué a dos rectores que vinieron a pedirla; mas después, considerando que con ir allá tres o cuatro días podía lograr el lance de formar una buena congre-

gación, a instancia de D. Juan de Parga, cura de Sta. Cristina de Veá, que fue antes de la Compañía, y ha quedado con mucho afecto a la religión, y es de buen ejemplo, determiné partirme, jueves por la mañana, dejando al P. Juan en Rubín, para que ese día concluyese los rezagos de aquella misión y el viernes o sábado pasase a la Puente de Ledesma para dar principio el domingo veinticinco de Julio a aquella misión; que yo el lunes estaría allí para ayudarle.

Mas Dios nuestro Señor lo dispuso de otra suerte, pues dio un achaque al P. Juan, con el cual no se atrevió a pasar a la Puente de Ledesma; y así vino a juntarse conmigo. Proseguimos la misión de Veá hasta víspera de Santiago; predicando en un soto muy hermoso, que hay allí; y hubo mucho concurso y muy grande moción y fruto. El concurso sería de cinco a seis mil personas.

El miércoles, víspera de Santiago, rematamos con una procesión de doctrina que, saliendo de Sta. Cristina, paró en un soto del anejo. Hubo muchos disciplinantes; y no faltaron confesiones aquella noche, y el mismo día de Santiago, que partimos a cosa de las ocho de la mañana. Vinimos a comer al colegio y a descansar de tan larga y penosa tarea; pues llegamos molidos de mucho trabajo, ya que un mes de misión en este tiempo cansa más que tres de invierno; por haber en verano mucho día para trabajar y poca noche para descansar.

Poco después sucedió una gran desdicha entre la Puente del Ulla y la de Ledesma, pues unos labradores mataron violentamente a un sacerdote, cuando venía a su casa de haber dicho misa; y parece moralmente cierto se hubiera atajado este mal, si hubiera ido allá la misión; ¡no hay apear los juicios de Dios! Nosotros nos admiramos que, habiendo comunicado nuestro intento de pasar al arciprestazgo del Ulla, haciendo alto en la Puente de Ledesma, no vino a verse con nosotros ni el arcipreste, ni rector ninguno, contra todo lo que experimentamos en todas partes. Quedó fundada una lucida congregación en Veá, con altar a nuestros santos, la cual va creciendo cada día: tienen rosario y punto de meditación en dos iglesias del arciprestazgo que tienen más vecindad cerca<sup>5</sup>.

5 Estas misiones foron dadas polo berciano Tirso González de Santalla, que posteriormente chegaría a exercer en Roma o máximo cargo de goberno da Compañía de Xesús. O texto da crónica pode lerse en Elías Reyero (S. J.), Misiones del M. R. P. Tirso González de Santalla,

## Misión de S. Julián de Guimarey [1897]

Principió el dieciséis de octubre por la tarde con algunos fieles de la parroquia que pertenece al arzobispado de Santiago, provincia de Pontevedra y ayuntamiento de Estrada.

El día siguiente estuvo venturoso en gran manera cayendo de cuando en cuando algunas lloviznas que se hacía harto desagradable. Por lo cual nos contentamos con el parecer de todos que afirmaban que no había otro campo para la misión que una robleda no lejos de la iglesia en donde suelen bailar y tener las romerías. Bastante motivo era este para no aceptarlo, pero el dicho de todos y el mal estado del tiempo nos decidieron a poner ahí los reales. Aquella tarde el auditorio estuvo desasosegado, no se pudo sentar y no oía bien, apenas se conmovió. Desde luego conocimos que allí no se podía continuar si deseábamos hacer provecho en las almas. Por lo cual aquella misma tarde ojeamos uno que llena las condiciones que apetece. Por la mañana del día siguiente hablamos con el dueño, que lo cedió gustoso y en poco tiempo se colocó el púlpito y se arregló para predicar a las dos y media en que empezaba la misión.

Los de la parroquia que estaban muy casados con el campo primero andaban un poco reacios para la traslación sin atreverse a hablar en contra juzgando que la causa era por haber una mujer dueña de un huerto puesto alguna dificultad para que junto a él se colocara el púlpito en el día anterior. Sobre todo los vecinos eran los que le echaban la culpa motejándola. Hubo que decir en el sermón de la tarde la razón de por qué se había mudado de campo de la misión. Después conocieron todos cuán acertada había sido la mudanza y se congratularon grandemente.

---

XIII Preposición General de la Compañía de Jesús. 1665-1686 (Santiago, Tip. Editorial Compostelana, 1913), pp. 468-472. Hai unha breve síntese destas misións no capítulo segundo, "Breve itinerario de todas las misiones.- 1665-1686", desta mesma obra. Velaquí o seu contido: "Hay de Portonovo a Caldas cinco leguas. Empecé la misión de Caldas la dominica infra octavam Corporis Christi, 16 de junio. Estuve allí hasta el jueves 27, que partí al amanecer para Quireza, y el Padre Juan se quedó aquel día allí para concluir; predicó ese día y tuvo que confesar hasta el viernes a mediodía, que se partió. Dista Quireza de Caldas tres leguas largas; empezó esta misión el mismo jueves 27 por la tarde y se continuó hasta martes 9 de julio, que partimos para Taberós a las ocho de la mañana, habiendo confesado gran rato. Dista Quireza de Santa María de Rubín, que es el lugar adonde era cura el arcipreste de Taberós, casi cuatro leguas. Aquí empezamos la misión martes 9 de julio, y yo estuve allí hasta el miércoles 17 inclusive, en que se hizo la procesión y el sermón de perseverancia. El jueves de mañana partí a Santa Cristina de Veá, y el Padre Juan quedó concluyendo la de Taberós. Empezóse la misión de Veá el jueves 18 de julio y duró hasta día de Santiago, que vinimos a comer al Colegio; la víspera rematamos con procesión" (Reyero, o. c., 46-47).

Desde el primer día vinieron a la misión varias parroquias con sus cruces y en los días siguientes, en que el tiempo abonó, no solo con cruces sino también con pendones que era una gloria verlos por aquellos campos.

El concurso fue creciendo todos los días llegando a formar un hermoso y grande cuadro que, contemplado desde el púlpito, sorprendía. Días hubo en que se contarían más de diecisiete mil almas.

Al tercer día se dijo la misa bajo la tienda de campaña, porque ya en la iglesia no cabían por las mañanas. Ha sido uno de los mejores altares que hemos tenido en las misiones por la solidez y hermosura.

A la conferencia y confesión de los sacerdotes asistió regular número, no todos los que se presentaron a confesar. Lo cual no suele ser buen indicio, al que no se halla fácil remedio por más que se piense. Bueno es consignar aquí que nadie se quedó sin confesar tanto por la mañana como por la tarde, para que se vea cómo en el arzobispado de Santiago se puede obtener que los clérigos no huyan del confesonario comprometiéndolos de buen modo ante el público. No quiero decir con esto que todos arrimaran el hombro como es razón, porque hubo alguno que no se sentó sino en la mesa; sin embargo, de ellos se puede conseguir algo valiéndose de buenas industrias. Rehúyen por desgracia el trabajo. Nos vino a visitar el Coadjutor de Fragas y le suplicamos que se quedara para ayudarnos y para cantar, rezar el rosario y leer el examen en gallego. Con mucho gusto se quedó y trabajó a ley en todo y particularmente en el confesonario. Otro joven también durmió en Guimarey y confesó bastante. Los demás se iban a sus casas y venían al confesonario a las nueve de la mañana y más tarde, cuando ya habíamos confesado varias horas y concluida la misión se sentaban un rato levantándose pronto para volver a sus casas. Dios los llene de su amor y de celo por la salvación de las almas.

Las comuniones pasaron de dieciséis mil según la cuenta que llevaba exacta el Sr. Cura. Empeñóse este en hacer y cortar las hostias y le pasó lo que no podía menos.

Convencido de que no se satisfacía a la necesidad, echó mano a las tijeras y las cortó bien diminutas. Al fin hubo para todos, no quedando día alguno persona sin comulgar por falta de formas consagradas.

El de la comunión general en la primera misa diéronla cuatro sacerdotes y después en todas se administró y fuera de las misas hasta la una de la tarde en que se concluyó. En el día siguiente también comulgaron muchos por los difuntos hasta después de las doce. Gloria a Dios.

En la función de la tarde del día de la despedida trajeron las parroquias vecinas muchas, y algunas buenas, imágenes y pendones. Si la disposición del terreno fuera otra que se pudiera extender la procesión, hubiera sido digna de verse aquella procesión siguiendo a quince cruces con otros tantos pendones, algunos estandartes, y a unas catorce imágenes. Una carretera faltaba para lucimiento y para que aquellas gentes contemplaran tan grandiosa manifestación católica.

No fueron escasos los frutos de la misión. Se confesaron muchos indianos que hacía varios años que no lo hacían y otros no indianos ni indianas de algunos. Los hubo de hasta de veinticinco años y alguna mujer de más de veinte. Bendito sea Dios.

En los últimos días asistía gente de dos, tres y más leguas.

Son de alabar los de la Estrada que asistieron con mucha constancia acompañando la Cruz y el pendón sin distinción de clases ni de personas. Las señoras y señoritas principales iban a pie cantando como todas las demás aguantando el calor que no desdecía de los días más fuertes del verano.

No faltó el Señor Alcalde ningún día, el juez asistió también y otros bien portados.

Verdad es que el fervor que se desplegó con todos los concurrentes se notaba y a porfía procuraban aprovecharse.

Las gentes se mostraban muy reverentes con nosotros y todo lo atribuían a nuestro valimiento con Dios. Sirva de ejemplo. Confesaba un Padre bajo un árbol y a dos metros de distancia había un avispero. Como a pesar del calor y de la gente que estaba junto a él no picara a ninguna persona por más que zumbaban las avispas y rodearon a muchas, se admiraban los fieles de que pasara semejante cosa y lo atribuían a méritos del Padre. ¡Pobrecitos! Si supieran sus interioridades, otro concepto se formarían.

Fueron muy concurridas la función de ánimas y la bendición de los niños.

Mucho orden se observó durante la misión. Contribuyó grandemente a ello el Sr. Coadjutor de Guimarey, hombre muy conocido y estimado en el país, rico y a quien todos guardaban respeto y deferencia ora por ser de las familias principales de la tierra ora por sus años ora por lo mucho que sirve y recomienda a todos en sus negocios.

Nos acompañó en su coche hasta Santiago entreteniéndonos por el camino con enseñarnos las parroquias y contándonos cuanto bueno o malo había en el trayecto.

Debía de ser este un oficio relativamente lucrativo; a inversión de Afonso Pérez non resulta nada estraño en sectores urbanos acomodados que realizan investimentos en propiedades do espazo rural circundante. Os grupos acomodados das cidades, non só en Galicia, senón no conxunto da península e no Occidente baixo-medieval, diversifican os seus recursos, así como buscan participar máis do poder decisorio nas propias urbes. No caso compostelán varios exemplos nos veñen á memoria: como nobre, Álvaro Sánchez de Ávila, tenente da fortaleza de A Rocha e ao mesmo tempo posuidor de diversos dereitos económicos sobre varios espazos capitulares<sup>11</sup>; ou como o mercador, Pedro Leiteiro, que inviste en propiedades na zona de Boiro<sup>12</sup>. E agora Afonso Pérez, seguindo esta tendencia que vai prefigurando a configuración destes grupos sociais de cara á modernidade.

Un documento; só un documento. Iso é o que presentamos; como xa fixemos outras veces. Pero coa importancia que debemos de

9 López Ferreiro, Antonio, *Historia*, op. cit., t. VII, p. 391. Fanse eco destas referencias autores clásicos posteriores, coma Villa-Amil na súa *La catedral de Santiago*. Villa-Amil y castro, José, *La catedral de Santiago. Breve descripción histórica*, Madrid, 1909, p. 147. Panorámica da iluminación de documentos na Galicia medieval temos en: Yzquierdo Perrín, Ramón, "La miniatura en Galicia en la Baja Edad Media", cap. en Lacarra Duca, M<sup>o</sup> del Carmen (coord.), *La miniatura y el grabado de la Baja Edad Media en los archivos españoles*, Zaragoza, 2012, pp. 103-156. Y varias precisiones también interesantes en Barral Rivadulla, Dolores, "Menstrales, mentalidades y su reflejo en el arte bajomedieval gallego", *Semata. Ciencias Sociais e Humanidades*, vol. 12 (2000), pp. 387-409.

10 López Ferreiro, Antonio, *Historia*, op. cit., t. VII, p. 391.

11 Sánchez Sánchez, Xosé M., "Don Álvaro Sánchez de Ávila, tenente de Rocha Forte, o la nobleza gallega bajomedieval en la transición hacia la modernidad", *Cuaderno de Estudios Gallegos*, vol. 57, n<sup>o</sup> 123 (2010), pp. 91-193.

12 Unha interesante personaxe que ben merecería un estudio pormenorizado, como o que fixemos para don Álvaro. Temos boas pegadas documentales, por exemplo, na *Colección de Documentos Soltos* do ACS.

conferirllle: a da pegada documental, a documentación de procesos, espazos, lugares e territorios; unidades de produción e persoas e aconteceres, que titulara o noso benquerido José M.<sup>a</sup> Díaz Fernández. Presentamos unha fonte que engadir ao elenco existente, pero, sobre todo, presentamos unha nova pegada medieval da zona de Ribadulla.

## Apéndice documental

1445, xullo, 12. Santiago de Compostela.

*Renuncia que fai o iluminador veciño de Compostela Afonso Pérez, e a súa dona, Aldara López, en beneficio do cabido de Santiago do foro que tiña sobre as viñas, terreos, casas e propiedades da cuarta parte do beneficio sen cura de San Mamede de Ribadulla, que pertencía á mesa capitular, cun novo arrendo sobre dita cuarta parte ao propio Afonso Pérez e dona por tempo da súa vida e por renda anual de trescentos marabedís, de xeito que á súa morte quedará libre e desembargado para o cabido sen pasar á súa dona o beneficio, senón unicamente as viñas e casas, polas que debería pagar anualmente douscentos marabedís.*

Fol. inv71<sup>o</sup>-v<sup>o</sup>.

Anno do nasçemento de Noso Sennor Ihesu Christo de mill et quatroçentos et quarenta e çinquo annos, doze dias do mes de julio.

Sabean todos conmo / eu Afonso Peres, y luminador, vesino e morador enna çidade de Santiago, por min e en nome de mina moller, Aldara Lopes, ab/ sente, ben e asy conmo se fose presente, por la qual obbligo a min e a todos meus bees que ela aja por firme e estauel tanto quanto / valedero ho adeante contiudo, por min e por ela de mina propia e libre voontade tanto e expresamente, renunçio e çedo en maaos de / vos os honrrados senores Nunno Peres de Soutomayor, juiz de Luou ordenario enna santa igllesia de Santiago e vigario ennos abtos / capitulares da dita igllesia por don Afonso de Carrança liçençiado en decretos, prot-honotario de noso sennor o Papa e dean enna dita santa igllesia, / et de vos Alonso Sanches de Auila, chantre enna ditya igllesia, e Juan Rodrigues de Medin, arçediano de Nendos, e Lopo de Mendoça e Juan de Cornado, Roy / Sanches, arçediano de Deça, e Martin Lopes e Rodrigo Alonso e Afonso Yanes da Crunna, cardeas, e Estebo Fernandes, thesoureiro, e Pascoal Gil, e Juan Manso, / Aluaro Peres de Canas, Jacome Sanches, Gonçaluo Vasques de Mandayo, Fernan Raposo, Afonso de Seuilla, Afonso de Moya, Pero Fernandes Arteiro, Aluaro Peres de Casteenda, / Gonçaluo Sanches, Aluaro Vasques, Lopo Garcia, Lopo Rodrigues et Nuno Fernandes, canonigos enna dita igllesia de Santiago, que presentes sodes en voso Cabildo enna / torre noua da dita igllesia, por tanjemento de campaa, segundo auedes de vso e de custume, conuen a saber a huun instrumento de aforamento que / a min e a a dita mina moller foy feyto de todas las vinnas e pardineiros de casas e çertas leiras de herdade que perteesçen e son da / quarta parte sen cura da igllesia de San Mamede de



Ribadulla, que he e perteesçe a a mesa capitular da dita igllisia. Et rogo e pido de merçede / a vos os ditos sennores vigario, personas e beneficiados da dita igllisia que presentes sodes que reçebades esta dita renunçiaçon e çesion / do dito foro por min e en nome da dita mina miller asy feita. Et tomedes e reçebades para vos mesmos e para o dito cabildo e mesa / capitular del as sobre ditas vinnas, casas e leiras de herdade e lagar de suso declarados, que asi a min e a a dita mina moller foy / feito, e façades de todo elo toda vosa libre voontade de aqui endeante, ou aforesdes a quen quiserdes e por ben touerdes sen meu embargo; e / por nos e en noso nome non vaamos nen pasemos contra esta dita renunçiaçon e çesion nunca en alguno tempo, nen por alguna maneira / nen por diseremos que ouve en elo enganno, nen por outra rason nen contradiconal alguno. Por juramento que sobre \elo/ faço en este signal de / cruz + en lugar de Santos Avangeos que corporalmente con mina maaõ direita tango en presença do notario e testemoyas de juso scriptos. Et so pena / de çen froliins de ouro de conto e de peso do cunno do reyno de Aragon que eu ou a dita minna moller, ou minnas e suas vozes e herdeiros, / ou qual quer de nos, vos peytemos e pagemos por pena se uos contra elo foremos e pasaremos en parte ou en todo.

Es nos / os ditos vigario, personas e beneficiados da dita igllisia, que presentes somos, seendo juntados enno dito noso cabildo segundo dito he, avido çerca / delo por moytas vezes noso acordo e deliberaçion e deligente trabtdo, reçebe-mos e admitimos nos e para nos / e para o dito cabildo e mesa capitular del, a dita renunçiaçon e çesion asy feita do dito aforamento das ditas vinnas e leiras de / herdade e casa e lagar por vos, o dito Afonso Peres, por uos e en nome da dita vosa moller feito. Et veendo e entendendo e seendo / ben çertos e sabedores en conmo vos, o dito Afonso Peres, e a dita vosa moller, Aldara Lopes, por vosas custas e expensas propias re/ parastes e teendes ben reparado e procurado as ditas vinnas, casa e lagar enno qual gastastes e despendestes asas de contias de / maravedis asy enna dita reparaçon e perfeitos conmo eso meesmo enno lagar, toneis, pipas e tinallas e outras preseas e voontades / pertessçentes a as vinnas, casa e lagar que enno dito lugar e casas do dito foro teendes, por ende nos en renunçiaçon de todo / elo, por nos e por nosos subçesores, doje este dia endeante, damos e outorgamos en teença a vos, o dito Afonso Peres, ylumina-dor, / que presentes sodes, con nos enno dito noso cabidoo, e a a dita Aldara Lopes, vosa moller, que he absente, ben e asy conmo se fose presente, / por todo tempo de vosas vidas e de cada huun de vos, para que ajades e leuedes as rentas, foros, desemos e quaesquer dereituras / e mortuoros, ofenças e primiças, terrad-gos, forarias, sennorio e outras quaesquer cousas perteesçentes, conuen a saber: a a / nosa quarta parte entregamente sen cura da igllisia de San Mamede de Ribadulla, que perteesçe a a dita nosa mesa capitular, et a nos por / rason de con todas las rendas de pan e de vino, foros e outras quaesquer ecclesiasticas dereituras a a dita quarta parte sen cura da dita / nosa igllisia, perteesçentes con mays as ditas vinnas, casas e lagar e leiras de herdade de suso declaradas, e todo o al que perteesçe / e que perteesçer deue a a dita igllisia que uos o dito Afonso Peres asy tinnades de foro, para que vos e a dita vosa moller, Aldara Lopes, tennades / de teença en totalas ditas vosas vidas danbos e de cada huun de vos as sobre ditas vinnas e leiras de herdade e casas e / lagar de suso declarados. Et mays que

vos o dito Afonso Peres en toda a dita vosa vida con as ditas vinnas e herdades, casas e lagar, ajades / ajades (sic) e leuedes as rendas de pan e vinno e outras quaesquer ecclesiasticas dereituras que renderen a dita quarta parte do dito noso beneficio para / vos e para a dita vosa moller. Et que por rason de todo elo vos, o dito Afonso Peres, en vosa vida dedes e pagedes en cada huun anno ao noso / despensero, que agora he, e \a os/ outros despenseros que por los tempos foren do dito cabildo, tresentos maravedis de moneda vella, contando branca a a / tres dineiros, pagos en paz e en saluo e sen desconto alguno en cada huun anno por cada dia de Pascoa da Resureuçon de Ihesu Christo en / casa do dito noso despenseyro. Et despois de morte de vos o dito Afonso Peres, que o dito beneficio quarta parte sen cura da dita igllisia de San / Mamede de Ribadulla, et suas rendas del, fique ser libre e desembargada a o dito cabildo e mesa capitular. Et que a dita Aldara / Lopes, vosa moller, ho non posa aver nen coller o dito beneficio, saluo tan solamente que en toda sua vida aja e leue as sobreditas vinnas, / casas e lagar e herdades que asy perteesçen ao dito foro e andan con el, segundo que o uos e ela teendes aforado, et ho en nos e enno dito // noso cabidoo traspasades et que de et page en cada huun anno en toda sua vida et penson por rason delas et do vino et outras rentas et fru/ tas quaes quer que ela aja et para quen ela quiser conmo as Deus en elas der, duzentos maravedis da dita moneda vella, postos et pagos en paz et en saluo en / casa do dito despenseiro por lo dito dia de Pascoa de Resureiçon, e que sen desconto de todo o sobre dito vos, o dito Afonso Peres, e a dita vosa moller durante o tempo de vosas vidas auedes e deuedes de teer reparado as ditas vinnas, casas et lagar, et cubrir a dita casa de tella et teer o dito / lagar ben reparado et posto en el et enna dita casa dous tonees grandes et duas pipas grandes e tres tinallas grandes, et as outras preseas que per/ teesçen a vinna et casa e lagar; et asi leyxar os sobre ditos fustes e preseas con a dita casa et lagar et perfeitos et reparos, que en todo elo fezerdes / libre, quito e desembargado ao dito cabildo et mesa capitular. Et eso mesmo vos, o dito Afonso Peres, enna dita vosa vida auedes e deuedes de / pagar rey e Roma e see e padroos e susubyr todos los outros encargos que enno tempo da dita vosa vida foren postos a a dita quarta parte sen / cura da dita nosa igllisia. Et comprindo e fasendo vos et cada huun de vos sto que dito he nos nen nosos suçesores contra vos deuemos de tirar, quitar / nen toller nen enbargar o dito beneficio e vinas, casas e lagar e leiras de herdade nen rentas, dezemos, frutos e outras cousas algunas del que / vos asy damos e outorgamos en teença conmo dito he, para que vos, a dita vosa moller e quen vos e ela quiserdes façades delas e en elas / durante o dito tempo de vosas vidas conmo de cousas vosas propias. Et que vos lo non podamos nos nen nosos suçesores tirar nen quitar nen enbar/ gar nen viinir nen pasar contra elo por mays renda nen menos nen por al tanto que outro por todo elo ou por qual quer cousa e parte delo nos queran dar / nen prometer por fizereiros e alegaremos que ouve en elo enganno nen por outra rason, alegaçõen nen contradicõen alguna. Antes prometemos / e nos obligamos de vos faseremos todo saao e de pas durante as ditas vosas vidas por los bees e rentas da dita igllisia e mesa capi/ tular dela que nos para elo obliigo, so penna que vos peytemos tres mill maravedis de moneda vella. Et de mays que o dito foro quede para vos e para a dita / vosa moller ben asy et conpridamente conmo se o non renunçiar-

des nen traspasardes en nos e enno dito noso cabildo se vos non fise/ remos este dito contrabto e ho en el contiudo seguro, çerto, saao e de paz a todo tempo alçandovos e fasendovos alçar et quitar a nosa / propia custa et mension et peligro, qual quer embargo ou inquietaçon que de feyto ou de dereito qual quer persona vos queyra ou queiran faser / e feseren, e que a pena pagada ou non pagada senpre valla. Et sejamos nos e nosos suçesores et cabildo tenidos e obligados a teer, gardar, conprir, este / dito contrabto et todo o en el contiudo.

Et eu, o dito Afonso Peres, yluminador, que presente soo, para min et para a dita mina moller, Aldara Lopes, asi o ou/ torgo e reçoço para min e para ela o dito benefiço, vinnas, casas e lagar et leiras de herdade de sus declaradas. Et obligo a meus et / seus bees auidos et por auer, que eu e ela demos et paguemos en cada huun anno postos en paz et en saluo en casa do dito despenseiro / os ditos trescentos maravedis ao dito termino en esta maneira: en vida de min, o dito Afonso Peres, os ditos trescentos maravedis, et despois de meu finamento / que a dita quarta parte do dito benefiço fique libre et desenbargado ao dito cabidoo. Et que a dita mina moller, por razon das ditas vinnas, casas / et lagar et herdades que en toda sua vida ha de teer e levar et auer as rentas delas para sy, que de et page en toda sua vida os / ditos duzentos maravedis.

Et qual quer de nos as ditas partes que contra esto que dito he vier ou pasar, en parte ou en todo, et ho asy non conprir / et aguardar pague por penna a outra parte que o aguardar et conprir os ditos tres mill maravedis. Et a pena, pagada ou non pagada, conmo / dito he todavia este dito contrabto et ho contiudo en el, fique firme et valla en seu reuor.

Que foy feito et outorgado enno dito ca/ bidoo, anno, dia et mes sobre ditos, estando presentes por testemoyas os sobreditos Nunno Peres de Soutomayor, juiz de Luou, et Martín Lopes / et Rodrigo Eanes Afonso e Afonso Yanes, cardeaas, et Esteuoo Fernandez, thesoureiro, et Pascoal Gil e Johan Manso e Aluaro Peres de Canas e Jacome / Sanches e Juan Rodrigues, porteyro do dito cabidoo.

Pasou por ante min, Jacome Eanes, notario apostolico et escusador (*signo*).

## Siglas

ACS	Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago
AD	Apéndice Documental

## Signos na transcripción do AD

/	fin de liña
//	fin de páxina
\ /	sobre a liña





# Concelleiros estradenses I. Democracia (1975-2011)

Gisèle Maïssa Rodrigo\*

gmaissar@gmail.com

**Resumo.** As primeiras eleccións xerais en España, despois do réxime de Franco, celebráronse en 1977 e as primeiras locais en 1979. Dende ese momento o Concello da Estrada contou con persoas elixidas polos cidadáns que quixeron unir os seus esforzos para traballar polo seu pobo. Este artigo quere facer a lista cronolóxica destas persoas que pasaron polo Concello representando aos seus electores, dende a instauración da democracia nos municipios, ata o ano 2011, onde quedou formada a Corporación municipal actual.

**Abstract.** The first general elections in Spain, after the Franco regime, were held in 1977 and the first local elections in 1979. Since then, A Estrada city council had people elected by citizens who wanted to combine their efforts to work for their people. This article aims to do the chronological list of these people who was in the city council representing their electors, from the establishment of democracy in councils until the year 2011, when the current Local Corporation was set up.

## Situación establecida

No ano 1975 e aínda un tempo despois da morte do xeneral Francisco Franco, as corporacións municipais estaban rexidas por diversas leis e decretos que abranguían todo o territorio do país<sup>1</sup>.

---

\* Agradecementos: Ao persoal da Secretaría do Excmo. Concello da Estrada. A María Josefa Martínez Barros e José Antonio Armesto Rodríguez. A Carlos Loureiro, corrector lingüístico deste texto.

1 Decreto de 17 de junio de 1955, por el que se aprueba el Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales (BOE núm. 196 de 15 de julio de 1955). Algúns artigos foron derogados polo R.D. 2009/2009 do 23 de decembro "por el que se modifica el Reglamento de servicios de las corporaciones locales, aprobado por Decreto de 17 de junio de 1955. (BOE núm. 313 de 29 de diciembre de 2009)".

Ley de bases de Régimen Local de 17 de julio de 1945 (Texto articulado aprobado el 16 de diciembre de 1950). Esta Lei 1950-1055 foi desenvolvida por sete Regulamentos: Reglamento de Población y Demarcación de las Entidades Locales (Decreto 17 mayo 1952.

Reglamento de organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Corporaciones Locales, Decreto 17 mayo 1952.

Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, Decreto de 17 junio 1955.

Reglamento de Bienes de las Entidades Locales (Decreto 27 mayo 1955 [RCL 1956, 75]);

Reglamento de Contratación de las Corporaciones Locales, Decreto 9 enero 1953.

Reglamento de Funcionarios de Administración Local, Decreto 30 mayo 1952.

Reglamento de Haciendas Locales, Decreto 4 agosto 1952.

A partir da *Ley de Bases de Régimen Local* de 1945 as corporacións locais estaban compostas por concelleiros agrupados en tres “tercios”: familiar, sindical e corporativo ou de entidades.

O primeiro, elixido polos cabezas de familia, o segundo pola organización sindical local, e o terceiro polos outros dous tercios. Para a elección corporativa (o terceiro tercio) o gobernador civil encargábase de elaborar unha lista de nomes de persoas destacadas nas entidades económicas, profesionais e culturais da localidade.

A duración dos mandatos dos concelleiros era de tres anos, renovándose parcialmente.

Os alcaldes eran designados polo Ministerio da Gobernación: o ministro nomeaba ós alcaldes das principais cidades, e o gobernador de cada provincia os das cidades e vilas máis pequenas. O mandato dos alcaldes non tiña prazo fixo.

As primeiras eleccións locais foron en 1948<sup>2</sup>. Nunca houbo gran participación electoral, situación claramente explicable dado o sistema imperante e o nulo interese da cidadanía por unhas eleccións nas que non se sentían implicados.

A forma de seren designados os concelleiros na etapa do franquismo a través dos tres tercios, era un xeito para poder controlar os Concellos; pero a partir dos anos sesenta designáronse persoas (no tercio familiar e sindical) que non estaban vinculadas ao réxime e mesmo xente que formaba a oposición democrática ao sistema imperante.

Aínda que houbo certas variacións no sistema de elección, esta configuración dos Concellos mantívose ata que despois da Constitución (1978) a nova lexislación estableceu que as eleccións municipais serían por sufraxio universal entre as candidaturas presentadas polos partidos políticos ou agrupacións de electores.

Decreto ley 7/1974, de 21 de diciembre, por el que se aprueba el Estatuto Jurídico del Derecho de Asociación Política. (BOE núm. 306 de 23 de diciembre de 1974)

Ley 41/1975, de 19 de noviembre, de Bases del Estatuto de Régimen Local. (BOE núm. 280 de 21 de noviembre de 1975)

2 “Las elecciones municipales de 1948, plantearon por primera vez desde la guerra civil el enfrentamiento entre varias opciones políticas. Evidentemente, la restricción del cuerpo electoral, limitado a los cabezas de familia, indica la credibilidad que podía inspirar el llamamiento. No obstante, en toda España se enfrentaron candidatos oficiales del «Movimiento» y candidaturas no oficiales” Javier García Fernández (Profesor de Dereito Político) *El País* 1977.

O Alcalde era nomeado directa e libremente polo poder central. A *Ley 41/1975, de 19 de novembro, de Bases del Estatuto de Régimen Local* (BOE nº 280 de 21 de novembro) explica na súa base cuarta, art. 1 e ss:

**“El Ayuntamiento:**

**Uno.** La Corporación Municipal o Ayuntamiento ostenta la representación legal del Municipio y está compuesta por el Alcalde y los Concejales. El gobierno y administración del Municipio corresponde a la Corporación Municipal y al Alcalde.

**Dos.** Los Concejales de cada Ayuntamiento pertenecerán, con representación orgánica, por terceras partes iguales a los grupos familiar, sindical y corporativo (...)

Podrán ser candidatos elegibles los vecinos que, perteneciendo a cada cauce orgánico, sean proclamados en la forma que se determine, previa presentación acomodada a los principios siguientes:

- a) Para el grupo orgánico familiar la presentación se regulará de acuerdo con lo que establece la legislación vigente, además de la posibilidad de propuesta por las asociaciones familiares y las asociaciones políticas reconocidas al amparo del Decreto-ley de veintiuno de diciembre de mil novecientos setenta y cuatro, en la forma que se determine.
- b) Para el grupo sindical se estará al sistema previsto en las normas de carácter sindical, que deberán asegurar la debida paridad entre trabajadores y empresarios en las vacantes a cubrir.
- c) Para el grupo corporativo, la presentación se efectuará por acuerdo de las entidades y corporaciones radicadas en el término municipal que reúnan las condiciones que se establezcan.

El número de candidatos a Concejales será, al menos, el doble de las vacantes correspondientes a cada tercio.

Serán electores todos los vecinos del Municipio incluido en el censo electoral, mediante sufragio articulado que incluya a los tres cauces o grupos representativos, emitido de forma directa, igual y secreta.

**Tres.** El número de Concejales, que no podrá ser superior a treinta y seis ni inferior a seis, se determinará en atención a la cifra de población, a su distribución en núcleos diferenciados o separados sobre el territorio y a la fusión, incorporación o agregación de otros términos que se haya efectuado.

**Cuatro.** El mandato de los Concejales durará seis años, renovándose los Ayuntamientos por mitad cada tres (...)

**Cinco.** El Alcalde y los Concejales, cualquiera que sea el grupo a que éstos pertenezcan, representan a la población del Municipio, deben servir al bien común y no estarán ligados por mandato imperativo alguno.

**Seis.** El cargo de Concejales es obligatorio y gratuito, sin perjuicio de las indemnizaciones que puedan corresponderle en el ejercicio de su cargo”.

Nos seguintes artigos establecíanse as incapacitacións e incompatibilidades para ser concelleiro.

O artigo nove explica as causas polas que se cesa como concelleiro, entre elas:

“b) Cuando sin causa justificada se incumpla el deber de asistencia a tres sesiones consecutivas, o a seis que no lo sean, del Pleno del Ayuntamiento, en el plazo de doce meses”.

A base quinta da devandita Lei explicaba as características do cargo de Alcalde indicando por vez primeira a duración do seu mandato:

**“Uno.** El Alcalde será elegido mediante votación secreta efectuada por los Concejales del Ayuntamiento. Serán proclamados candidatos los vecinos de la localidad que lo soliciten de la Junta Municipal del Censo y reúnan alguna de las condiciones siguientes:

Primera. Ser o haber sido Alcalde o Concejel del propio Ayuntamiento.

Segunda. Ser propuesto por vecinos incluidos en el censo electoral del respectivo Municipio en número no inferior a mil o al uno por ciento del total de electores.

Tercera. Ser propuesto por cuatro Consejeros locales del respectivo Consejo Local del Movimiento.

Las Asociaciones políticas, reguladas en el Decreto-ley siete/mil novecientos setenta y cuatro, de veintiuno de diciembre, podrán proponer candidatos en la forma que se determine.

Para ser elegido será necesario el voto favorable de las dos terceras partes del número legal de Concejales; si en primera votación no se obtuviera dicha mayoría, se repetirá la misma entre los dos candidatos que hubieren obtenido mayor votación, bastando entonces para ser elegido la mayoría simple.

**Dos.** El cargo de Alcalde durará seis años, siéndole de aplicación las causas de incapacidad, incompatibilidad, cese y renuncia establecidas en la Base cuarta para los Concejales.

La destitución, por actos graves contrarios al orden público, falta de probidad o negligencia notoria en el cumplimiento de sus deberes, a que hace referencia la Base cuarta, apartado nueve, letra c), se acordará por el Ministro de la Gobernación, previa instrucción de expediente, con audiencia del interesado e informe de la Corporación.

El destituido no podrá presentarse a la reelección durante un plazo no inferior a seis años.

Asimismo, procederá la suspensión en el ejercicio de sus funciones, en los mismos supuestos establecidos para los Concejales (...).

**Tres.** El Alcalde es Presidente de la Corporación y dirige la administración municipal. Le corresponde representar al Ayuntamiento, la superior dirección, inspección e impulso de los servicios y obras municipales, ejercer las facultades de carácter económico y sancionadoras que la Ley le asigne, así como todas aquellas, atribuciones que no estén expresamente conferidas a otro órgano municipal.



Ostentará la delegación del Gobierno en la localidad, cuando expresamente se le confiera, con carácter revocable y discrecional de conformidad a su legislación específica.

El Alcalde designará, de entre los Concejales, Tenientes de Alcalde, en el número que se determine, no superior a la tercera parte del total de los Concejales. Le sustituirán en los casos de vacante, ausencia o enfermedad, por el orden en que hayan sido designados, y podrán ejercer, por delegación del Alcalde, atribuciones, por razón del territorio y de los servicios. Asimismo, el Alcalde podrá delegar atribuciones en el resto de los Concejales.

Los Alcaldes percibirán las asignaciones que se consignen en los Presupuestos de acuerdo con lo que legalmente se establezca”.

Na base sétima explícanse as atribucións dos órganos colexiados municipais:

**“Uno.** Corresponde al Pleno de la Corporación, dentro de la capacidad y competencia del Municipio, aprobar las directrices, planes y programas de actuación municipal; la adopción de los acuerdos de mayor trascendencia, tales como los referentes a la constitución de la propia Corporación o a la organización municipal, régimen económico, fiscal y financiero, ordenanzas y reglamentos, actos de disposición atendiendo a la naturaleza del bien o derecho y planes territoriales y urbanos de acuerdo con su legislación específica. Ejerce también la fiscalización permanente de la gestión municipal.

**Dos.** La Comisión Permanente, bajo la presidencia del Alcalde, será órgano de preparación de los asuntos del Pleno y de asistencia de su Presidente, ejerciendo además aquellas funciones que legalmente le sean atribuidas, así como las que por delegación de otros órganos de la Entidad le sean conferidas.

**Tres.** Corresponde al Alcalde convocar, presidir, suspender y levantar las sesiones y dirigir las deliberaciones, pudiendo decidir los empates con voto de calidad. La Corporación Municipal puede delegarle atribuciones determinadas en la forma que se fije (...).”.

Esta lei de bases aprobouse ao final do ano e clarificaba situacións existentes.

## 1975

A corporación municipal estaba composta por quince concelleiros.

Neste ano convocáronse oito sesións ordinarias do Pleno, delas unha non se puido celebrar por non reunirse o número suficiente de concelleiros e fíxose unha segunda convocatoria. Nos meses de agosto e setembro non houbo ningunha sesión do pleno por non seren convocadas.

As sesións extraordinarias neste ano foron doce.

Na sesión extraordinaria de febreiro deste ano formouse a nova corporación:

Alcalde:

*Jesús José Fernández-Novoa Rodríguez* (1971 a novembro 1975)

Nas eleccións por tercios foron elixidos os seguintes concelleiros:

Polo tercio de *Representación Familiar*:

Alfonso Fernández Castro

Manuel Gestoso Durán

Alejandro Puente Rico

Jenaro Codesido Lorenzo

Polo tercio de *Representación Sindical*:

Manuel Andrade Chacón

Manuel Barros Sobrino

Ramiro Obelleiro Rey

Polo tercio de *Representación de entidades Económicas, Culturales y Profesionales*:

Manuel Bermúdez Naveira

José Luis Fernández Pazo

Manuel R. Pazo Romero

Ademais continúan os seguintes concelleiros:

Polo grupo de representación familiar continúa Jesús Martínez Caramés.

Polo grupo de representación sindical continúan: Manuel Touceda Rodríguez e Jesús E. Durán Martínez.

Polo grupo de entidades continúan: Manuel Carbón Rodríguez e Ramón Isaac Rodríguez López.

No libro de actas da sesión correspondente podemos ler:

“A continuación y de conformidad con el arto. 84, párrafo 1º del Reglamento de Organización, suben al Estrado los Concejales electos que prestan juramento bajo la fórmula aprobada por Decreto núm. 2.184 de la Presidencia del Gobierno de fecha 10 de Agosto de 1963, en la siguiente forma: “Juro servir a España con absoluta lealtad al Jefe del Estado, estricta fidelidad a los principios básicos del Movimiento Nacional y demás Leyes Fundamentales del Reino, poniendo el máximo celo y voluntad en el cumplimiento de las obligaciones del cargo de Concejales para el que he sido nombrado”. Contestando el Alcalde: “Si así lo hacéis Dios y España os lo premien, y si no os lo demanden”.

Seguidamente el Sr. Alcalde les dio posesión del cargo y declaró constituido provisionalmente el Ayuntamiento”.

A sesión extraordinaria do 28 de novembro tráenos un novo Alcalde: “bajo la Presidencia de D. Manuel Paz Sánchez, como representante del Excmo. Sr. Gobernador Civil de la Provincia y con asistencia del Sr. Alcalde saliente D. José Fernández-Novoa Rodríguez y del entrante D. Jesús Durán Martínez...” No punto 2º “Cese del Actual Alcalde D. José Fernández-Novoa Rodríguez y toma de posesión de D. *Jesús Durán Martínez* para igual cargo (...) Seguidamente D. Manuel Paz Sánchez toma juramento al Alcalde entrante D. Jesús Durán Martínez, que lo presta arrodillado ante el Crucifijo y con la mano sobre los Evangelios con la siguiente fórmula: “Juro servir a España con absoluta lealtad...” Concedida por la Presidencia la palabra al Sr. Fernández-Novoa Rodríguez, éste manifiesta que recibe el cese como voluntad superior y sin sorpresa, que se consideraba más un gestor que un político y que había llegado a la Alcaldía con la mirada puesta en el Progreso de su pueblo...”

### 1976<sup>3</sup>

Na sesión ordinaria do mes de abril, nomeáronse varios Tenentes de Alcalde, conforme ao punto 9 “Decreto de la Alcaldía sobre nombramiento de Teniente de Alcalde”:

1er. Tenente de Alcalde: Manuel Andrade Chacón

2º: Manuel Touceda Rodríguez

3º: Manuel Gestoso Durán

4º: Alfonso Fernández Castro

5º: José Luis Fernández Pazo

6º: Alejandro Puente Rico

Dende ese mes e ata final do ano houbo 7 sesións extraordinarias e 6 ordinarias. No mes de setembro maniféstanse condolencias polo falecemento do Concelleiro Ramiro Isaac Rodríguez López. Na

3 O mércores 15 de decembro de 1976 celebrouse en España o referendo no que se plantexaba á poboación a aprobación ou non da Ley para la Reforma Política aprobada nas Cortes. A pregunta plantexada foi “¿Aprueba el Proyecto de Ley para la Reforma Política?”. O resultado final foi a aprobación do proxecto ao recibir o apoio do 94,17% dos votantes. A participación foi moi elevada: o 77,8 por cento dos electores.

sesión de novembro renuncia un concelleiro: no punto 13º “Instancia del Concejal Manuel Pazo Romero (...) El Pleno considera procedente la aceptación de la renuncia al cargo de Concejal”.

Seguía a mesma composición do Concello Pleno.

#### 1977<sup>4</sup>:

Seguía a mesma composición da Corporación. Ao longo do ano convocáronse 22 sesións extraordinarias (unha delas non tivo lugar por falta de concelleiros) e tres sesións ordinarias, unha delas (20 maio) tivo que celebrarse en segunda convocatoria por acudir só o Alcalde e tres concelleiros. No mes de xullo tampouco se celebra unha sesión extraordinaria por falta do número suficiente de asistentes.

Na sesión extraordinaria do mes de marzo, no punto 3º atopamos que a composición do grupo de concelleiros varía:

“Dar cuenta de resolución del Gobierno Civil declarando la pérdida de condición de Concejal de D. Manuel Pazo Romero.- Se da lectura al Pleno de un escrito del Excmo. Gobernador Civil de la Provincia de fecha 22 de febrero último, en el cual se dicta la siguiente resolución: “Visto el expediente tramitado al respecto por el Ayuntamiento de La Estrada, en el que se declara la falta de asistencia sin causa justificada a más de seis sesiones consecutivas y diez non consecutivas en el término de doce meses del Concejal del citado Ayuntamiento D. Manuel Pazo Romero.

De conformidad con lo dispuesto en el núm. 1 del art. 81 de la Ley de Régimen Local y en el núm. 2 del art. 36 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Corporaciones Locales, he resuelto declarar la pérdida de condición del Concejal del Ayuntamiento de La Estrada, de D. Manuel Pazo Romero.

Contra la presente resolución se podrá interponer recurso (...)”

El Pleno se da por enterado”.

#### 1978

Neste ano houbo 7 convocatorias de Plenos ordinarios, non se celebrou en primeira convocatoria a do mes de febreiro por estar soamente o Alcalde e 5 concelleiros, e tendo lugar, en segunda convocatoria, dous días despois. No mes de maio non se convoca a sesión correspondente por non haber asuntos a tratar.

4 As primeiras eleccións xerais foron en 1977 e as primeiras eleccións locais en 1979.

Houbo 23 convocatorias de sesións extraordinarias, en catro casos non se celebrou a sesión por non reunir o número necesario de integrantes.

Neste ano redactouse a Constitución Española, aprobada polas Cortes en sesións plenarias do Congreso dos Deputados e do Senado celebradas o 31 de outubro de 1978, sendo ratificada polo pobo español en referendo o 6 de decembro de 1978 e sancionada por S.M. o Rei ante as Cortes o 27 de decembro de 1978.

No seu título VIII: Da organización territorial do Estado, no seu capítulo segundo, da Administración local, o artigo 140 di:

“A Constitución garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica plena. O seu goberno e administración correspóndelles ós seus respectivos concellos, integrados polos alcaldes e mailos concelleiros. Os concelleiros serán elixidos polos veciños do municipio mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, na forma establecida pola lei. Os alcaldes serán elixidos polos concelleiros ou polos veciños. A lei regulará as condicións nas que proceda o réxime de concello aberto”.

## 1979

Ata o mes de marzo houbo 6 sesións extraordinarias. A sesión do mes de xaneiro non se convocou por falta de asuntos a tratar.

O Secretario do Concello é dende 1970 José Antonio Armesto Rodríguez que se mantén no seu posto ata a súa xubilación no ano 2007 (estivo xa anteriormente neste destino no ano 1966 (maio) ata 1967 (abril), dende o cal marchou a Caldas de Reis para voltar definitivamente á nosa vila o 1 de abril de 1970.

No mes de abril formouse unha nova corporación que saíu das primeiras eleccións democráticas locais celebradas o 3 de abril deste ano. Houbo nesa sesión unha ausencia. Eran xa 21 concelleiros.

### UNIÓN DE CENTRO DEMOCRÁTICO

Jesús Esteban Durán Martínez

Manuel Barros Sobrino

Manuel Docampo Pego

Adolfo Frey Canicoba

José Vázquez Durán

Aurelio Eiras Paredes

José Antonio López Pampín



Casa consistorial da Estrada.

Ángel R. Crespo Duarte  
 José Couceiro Constenla  
 Manuel Bernárdez Sanluís  
 José Antonio Neira Rodríguez  
 Elvira Fernández Díaz

AGRUPACIÓN INDEPENDIENTE Y DEMOCRÁTICA DA ESTRADA:

María Begoña Domínguez Aurrecoechea  
 Orlando Cabanas Bouzón

DEMÓCRATAS INDEPENDIENTES DE LA ESTRADA:

Honorino Silva Rico  
 Salvador Festa Nogueira

PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Manuel Ángel Rey Chao

COALICIÓN DEMOCRÁTICA:

José Miguel Picáns Brea

COALICIÓN UNIDADE GALEGA:

José Rojo Pombo

Manuel Sanmartín Obelleiro

Guillermo Rodríguez Galán

Con 15 votos é proclamado Alcalde *Jesús Durán Martínez*.

Na sesión extraordinaria do mes de maio e por renuncia do nº 1 de Unidade Galega (José Rojo Pombo) toma posesión o nº 4 da candidatura, Manuel Torres Lea.

A sesión ordinaria dese mes de maio non se celebra por non ser convocada. Dende ese momento e ata fin de ano houbo 12 sesións extraordinarias e 3 ordinarias.

Por primeira vez aparece algunha muller no goberno municipal.

## 1980

Corporación de 21 membros: Alcalde e 20 Concelleiros. Os membros da corporación municipal cobran asignación pola asistencia ás reunións.

Salientamos a presenza nesta corporación de mulleres, as dúas que xa estaban.

Alcalde: *Jesús Durán Martínez*

Elvira Fernández Díaz

Manuel Barros Sobrino

Manuel Docampo Pego

Aurelio Eiras Paredes

Manuel Bernárdez Sanluís

Honorino Silva Rico

Manuel Sanmartín Obelleiro

M<sup>a</sup> Begoña Domínguez Aurrecochea

Adolfo Frey Canicoba

José Vázquez Durán

Antonio López Pampín

Ángel Crespo Duarte

José Couceiro Constenla

José Antonio Neira Rodríguez  
 Orlando Cabanas Bouzón  
 Salvador Festa Nogueira  
 Manuel Ángel Rey Chao  
 José M. Picáns Brea  
 Manuel Antonio Constenla Filloy (en lugar de Manuel Torres  
 Lea (1979)  
 Guillermo Rodríguez Galán

Celebráronse só dúas sesións ordinarias. As nove restantes non tiveron lugar por non seren convocadas ou por falla de asuntos a tratar.

Sí se celebraron 22 sesións extraordinarias (moitos días dúas seguidas).

As actas estaban redactadas en castelán e asinadas por todos os Concelleiros.

## 1981

Segue a mesma corporación. No mes de marzo non se celebra a sesión ordinaria por non ser convocada, o mesmo ocorre en maio, xuño, xullo, agosto, setembro, outubro e decembro. Houbo 18 sesións extraordinarias, nalgúns casos tres sucesivas o mesmo día.

Nunha sesión do mes de abril aparece, por primeira vez, a transcripción dunha moción en galego (punto 6º) presentada polo concelleiro Rey Chao sobre “*los sucesos del 23 de Febrero pasado*”.

No mes de setembro queda designada como concelleira Dolores Araújo Arias polo cese voluntario de M<sup>a</sup> Begoña Domínguez Aurrecochea (que no punto 23 fai dación da cantidade que lle corresponde por asistencias ás reunións no Concello para unha gardería ou hospital).

No punto 24 J.A. López Pampín dimite como concelleiro.

A sesión extraordinaria do mes de outubro é presidida polo segundo Tenente de Alcalde M. Barros Sobrino.

O número de ausencias dos concelleiros ás sesións segue a ser moi alto, non atopando ningunha ocasión, neste ano, en que estivesen todos os membros. Catro, cinco, sete e máis ausencias eran “normais”.



## 1982

A composición da corporación segue a ser a mesma.

As sesións ordinarias de xaneiro, marzo, abril, maio, xuño, xullo, setembro, outubro, novembro e decembro (10 meses) non se celebran por non seren convocadas.

Celebráronse 12 sesións extraordinarias ao longo do ano.

## 1983

Ata maio celebráronse 5 sesións ordinarias e 5 extraordinarias. O día 8 de maio houbo eleccións municipais e o día 23 procedeuse á constitución da nova Corporación Municipal cunha soa muller entre os concelleiros.

### CANDIDATURA INDEPENDIENTE DA ESTRADA (C.I.D.E.)

Jesús Esteban Durán Martínez  
 Elvira Fernández Díaz  
 José Pena Torreiro  
 Manuel Bernárdez Sanluís  
 Juan Dopazo Lubián  
 Manuel Rodríguez González  
 Aurelio Eiras Paredes,  
 Orlando Cabanas Bouzón  
 José Vázquez Durán  
 Salvador Festa Nogueira

### ALIANZA POPULAR EN COALICIÓN CO PARTIDO DEMÓCRATA POPULAR E UNIÓN LIBERAL (A.P. - P.D.P.-U.L)

Manuel Reimóndez Portela  
 Antonio Garrido Sanmartín  
 Juan José Fernández González  
 Manuel Goldar Soto  
 Antonio Montero Figueiras  
 José Antonio López Pampín  
 Manuel Antonio Cajaraville Cabanas

### PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA, PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL (PSDEG.-PSOE):

Manuel Valladares Souto  
 Manuel Sanmartín Obelleiro

Rafael Luis Guerrero Martín

José Manuel Arca Pichel

Resulta elixido Alcalde: *Manuel Reimóndez Portela*.

No mes de xuño non houbo sesión ordinaria, nin en xullo nin en agosto. No mes de setembro houbo o día 29 a sesión ordinaria correspondente, nela hai que destacar que non se rexistrou ningunha ausencia. Foi a derradeira sesión ordinaria do ano. Sesións extraordinarias houbo nove.

### 1984

Ao longo do ano celebráronse 3 sesións ordinarias do Concello Pleno. Celebráronse 14 sesións extraordinarias. No mes de setembro falece o concelleiro Jesús Durán Martínez. No mes de outubro toma posesión pola candidatura de CIDE José Manuel Porto Regueiro.

### 1985

Só houbo unha convocatoria de sesión ordinaria ao longo do ano, no mes de setembro. As outras non se celebraron ou ben por non ser convocadas, ou por coincidir con festividades. As sesións extraordinarias foron 19, nalgunhas ocasións ata tres consecutivas no mesmo día.

No mes de maio renuncia o concelleiro Manuel Goldar Soto e toma posesión Manuel Antonio Constenla Filloy. Tamén é de salientar que no mes de maio aparece en galego o discurso do Alcalde no punto 3º da sesión: "*Propuesta de dar el nombre de Antón Losada Diéguez a la Calle nº 5 de las Normas*". Despois a acta segue a elaborarse en castelán.

No mes de xullo, no punto 7º apróbanse por unanimidade unha serie de artigos presentados sobre o Regulamento da Corporación.

No ámbito estatal, no mes de abril (BOE nº 80) deste ano promúlgase a *Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local*. O artigo 20. 1º desta lei aclara a organización municipal<sup>5</sup>, cunha refundición das Disposicións legais un ano máis tarde<sup>6</sup>.

5 "La organización municipal responde a las siguientes reglas:

a) El Alcalde, los Tenientes de Alcalde y el Pleno existen en todos los ayuntamientos.

No mes de xuño aparece publicada no BOE (*nº 147 de 20 de junio*) a *Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General*. Nesta norma (artigo nº 179) especificase que o número de concelleiros é de 21 nas poboacións con censo de 2001 a 50.000 habitantes.

Unhas leis necesarias e urxentes que basean a administración local en tres principios fundamentais; autonomía, democracia e suficiencia financeira.

### 1986

Dezanove sesións extraordinarias e dúas ordinarias ao longo do ano.

No mes de setembro, na sesión extraordinaria do día 20, celébrase a toma de posesión da concelleira M<sup>a</sup> Carmen Viéitez Conde en substitución de Rafael Luis Guerrero Martín.

### 1987

Ata o mes de xullo houbo 12 sesións plenarias; 10 extraordinarias e dúas ordinarias.

O 10 de xullo teñen lugar as eleccións municipais. Os resultados son:

PNG:	7 concelleiros
AP:	6 concelleiros
PSG-PSOE:	3 concelleiros
CDS:	2 concelleiros
BNG:	2 concelleiros
IG:	1 concelleiro

b) La Junta de Gobierno Local existe en todos los municipios con población superior a 5.000 habitantes y en los de menos, cuando así lo disponga su Reglamento Orgánico o así lo acuerde el Pleno de su ayuntamiento.

c) En los municipios de más de 5.000 habitantes, y en los de menos en que así lo disponga su Reglamento Orgánico o lo acuerde el Pleno, existirán, si su legislación autonómica no prevé en este ámbito otra forma organizativa, órganos que tengan por objeto el estudio, informe o consulta de los asuntos que han de ser sometidos a la decisión del Pleno, así como el seguimiento de la gestión del Alcalde, la Junta de Gobierno Local y los concejales que ostenten delegaciones, sin perjuicio de las competencias de control que corresponden al Pleno. Todos los grupos políticos integrantes de la corporación tendrán derecho a participar en dichos órganos, mediante la presencia de concejales pertenecientes a los mismos en proporción al número de Concejales que tengan en el Pleno”.

- 6 Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local.

O 30 do mesmo mes ten lugar a sesión plenaria de constitución da nova Corporación:

Elvira Fernández Díaz  
José Carlos Mella Villar  
Olimpio Arca Caldas  
Manuel Somoza Carbón  
Manuel Bernárdez Sanluís  
José Bernardo Otero Rajoy  
José Vázquez Durán  
Manuel Ángel Rendo Lema  
Josefina Pereiras Durán  
Jesús Manuel Tallón Maceira  
José Pose Souto  
José Antonio Dono López  
Jesús José Higinio Fernández-Novoa Rodríguez  
Juan Antonio Durán Rivas  
Jesús Carlos Palmou Lorenzo  
Manuel Villar Grela  
José Manuel Puente Míguez  
Francisco Cora Castro  
José Manuel Alfonso Varela Vázquez  
José Antonio Neira Rodríguez  
Manuel Arca Castro (ausente)

Votación de alcalde: non hai maioría absoluta e proclámase a *Elvira Fernández Díaz* por encabezar a lista que obtivo maior número de votos populares no Municipio (consonte ao artigo 196 c da Lei Orgánica Electoral).

Na sesión extraordinaria do día 30 deste mes toma posesión o concelleiro Manuel Arca Castro.

Xa con esta nova corporación e ata fin de ano celébranse 4 sesións extraordinarias e 3 ordinarias, estas últimas sen ningunha ausencia.

Na sesión ordinaria de outubro apróbase unha moción da comisión de cultura sobre “Normalización lingüística da vida municipal”. Nestes momentos xa se presentaban as mocións en galego, pero as actas seguían a escribirse en castelán.

## 1988

Ao longo do ano houbo nove sesións plenarias ordinarias e oito extraordinarias.

O 26 de abril o concelleiro Olimpio Arca Caldas (Partido Nacionalista Galego) presenta un escrito coa súa dimisión. No mes de xuño toma posesión como concelleiro Salvador Festa Nogueira.

Na sesión ordinaria do mes de maio a Sra. Alcaldesa advirte que a partir dese momento o Partido Nacionalista Galego vai actuar como Grupo Independente.

## 1989

Quince sesións extraordinarias e oito ordinarias. No pleno do nove do mes de marzo, por primeira vez, transcríbense as actas dun xeito mecánico.

No mes de novembro dáse conta de dous escritos de José Antonio Neira Rodríguez e José Carlos Mella Villar solicitando lles sexa admitida a súa renuncia como Concelleiros por motivos persoais.

No mes de decembro toman posesión os dous novos concelleiros: Orlando Cabanas Bouzón e Selesio Meda Herbojo.

## 1990

Once sesións ordinarias no ano e dez extraordinarias.

No mes de xaneiro a Sra. Alcaldesa renuncia a súa retribución económica por dedicación exclusiva ao resultar elixida senadora.

No mes de xuño preséntase un escrito do concelleiro José Bernardo Otero Rajoy presentando a súa dimisión por motivos persoais.

No mes de xullo toma posesión o concelleiro José Eusebio Porta Lorenzo.

## 1991

Ata o mes de xullo hai catro sesións ordinarias e nove extraordinarias.

Neste ano comezan a aparecer parte das actas en galego, especialmente informes das Comisións e escritos varios.

No mes de maio falece o concelleiro José Fernández-Novoa Rodríguez.

No mes de xullo hai nova corporación (eleccións do 26 de maio):

PARTIDO POPULAR:

Elvira Fernández Díaz  
 Mario López Martínez  
 Manuel Somoza Carbón  
 Jesús Carlos Palmou Lorenzo  
 Manuel Bernárdez Sanluís  
 José Manuel Reboredo Baños  
 Francisco Cora Castro  
 Manuel Arca Castro

PSDEG-PSOE:

Jesús Manuel Tallón Maceira  
 José Antonio Dono López  
 Manuel Sanmartín Obelleiro  
 Manuel Otero Espiño  
 Selesio Meda Herbojo  
 Gonzalo Figueiras Rey  
 José Fernando Picaño

AIDAE (Agrupación de Independientes da Estrada):

Ramón Campos Durán  
 Manuel Coto Ferreiro  
 Alfonso Uzal Campos

BNG:

Manuel Anxo Rendo Lema  
 Xosefina Pereira Rivas  
 José Manuel Paz Vidal

Resulta elixido Alcalde da nova corporación *Jesús Manuel Tallón Maceira* con trece votos (Elvira Fernández: 8 votos).

Coa nova corporación e ata fin de ano hai seis sesións ordinarias e catro extraordinarias.

Na sesión ordinaria do mes de decembro a acta da sesión aparece redactada en galego agás os decretos, os informes das Comisións e o punto 8º de rogos e preguntas.

## 1992

Neste ano a maioría das actas teñen xa a meirande parte en galego, especialmente os puntos das ordes do día. Decretos, informes de Comisións e escritos varios seguen a aparecer en castelán. Nalgúns casos tampouco aparece en galego a introdución da sesión.

Teñen lugar nove sesións ordinarias e trece extraordinarias.

No mes de febreiro o concelleiro Selesio Meda Herbojo solicita integrarse no grupo mixto.

No mes de abril rexístrase o escrito de dimisión da concelleira Elvira Fernández Díaz por razóns persoais.

O mes seguinte toma posesión o concelleiro José Eusebio Porta Lorenzo.

Na sesión extraordinaria do 21 de xuño (e sen ausencias) preséntase unha moción de censura ó alcalde Xesús Tallón por parte do Partido Popular. O grupo popular ten nese momento once concelleiros pola unificación do PP cos Independientes. A moción resólvese con 12 votos a favor e 9 en contra. Toma posesión como novo alcalde *Ramón Campos Durán*.

A acta da seguinte sesión extraordinaria (no mesmo mes) está redactada en galego agás as lecturas dos Decretos e os escritos presentados.

No mes de xullo toda a acta está en galego, agás diversos escritos. No mes de novembro está redactada en galego na súa totalidade.

## 1993

A corporación municipal segue invariable durante todo o ano. Hai dez sesións ordinarias e catorce extraordinarias.

## 1994

Non se rexistran cambios na corporación municipal. Hai dez sesións ordinarias e nove extraordinarias.

## 1995

Antes das eleccións municipais hai cinco sesións ordinarias e catro extraordinarias. As eleccións do 28 de maio traen unha nova corporación, constituída o 17 de xuño:

PP

Ramón Campos Durán  
 Jesús Carlos Palmou Lorenzo  
 Alfonso Uzal Campos  
 Mario López Martínez  
 Manuel Somoza Carbón  
 Manuel Bernárdez Sanluís  
 José Manuel Reboredo Baños  
 Manuel Coto Ferreiro  
 Ana M<sup>a</sup> Constenla Brea  
 Francisco Cora Castro  
 José Luis Barcala Rodríguez  
 José Antonio Maceira Besteiro

PSOE-PSdG

Jesús Manuel Tallón Maceira  
 José Antonio Dono López  
 Manuel Sanmartín Obelleiro  
 Manuel Otero Espiño  
 Manuel Loureiro Loureiro  
 José Fernando Picaño Riveira  
 Gonzalo Figueiras Rey

BNG

Manuel Anxo Rendo Lema  
 Amadeo Gonzalo Constenla Bergueiro

Alcalde: *Ramón Campos Durán* con 12 votos (Jesús Manuel Tallón Maceira 7 votos e Manuel Anxo Rendo Lema 2 votos).

Na nova corporación só hai unha muller. Ata o final de ano hai tres sesións ordinarias e oito extraordinarias.

**1996**

Dez sesións ordinarias e doce extraordinarias ao longo do ano.

Na sesión do mes de marzo o concelleiro Gonzalo Constenla roga o uso da linguaxe administrativa correcta cando se dirixan ás señoras e se traten como tales. No mes de maio preséntase a renuncia de Jesús Carlos Palmou Lorenzo ao cargo de concelleiro, por ser no-



meado Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

No mes de xullo rexistramos a posesión como concelleiro de José Ignacio Taboada Suárez en substitución, por renuncia, de Jesús Carlos Palmou Lorenzo.

### 1997

Segue a mesma corporación. Ao longo do ano celébranse dez sesións ordinarias e sete extraordinarias.

Na sesión ordinaria do mes de xuño o posto de Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular recae en José Manuel Reboledo Baños (pola dimisión de Jesús C. Palmou Lorenzo).

### 1998

Celébranse nove sesións ordinarias e cinco extraordinarias ao longo do ano. Na sesión ordinaria do mes de febreiro o concelleiro Fernando Picaño Riveira (PSOE) presenta formalmente a súa renuncia á condición de membro da Corporación.

No mes de abril toma posesión a concelleira M<sup>a</sup> Jesús Taboada Constenla (PSdG-PSOE).

Na sesión do mes de setembro declárase loito oficial polo pasamento do concelleiro Manuel Coto Ferreiro.

No mes de novembro toma posesión José Antonio Constenla Ramos como concelleiro do Partido Popular.

### 1999

Antes das eleccións municipais celébranse cinco sesións ordinarias e catro extraordinarias.

As eleccións son o 13 de xuño e no mes de xullo hai xa nova Corporación:

PP

Ramón Campos Durán  
Manuel Bernárdez Sanluís  
Ana M<sup>a</sup> Constenla Brea  
Manuel Somoza Carbón  
Alfonso Uzal Campos

José Manuel Reboredo Baños  
 José Antonio Maceira Besteiro  
 Manuel Ángel Soutelo Dopazo  
 Manuel Arca Castro  
 José Luis Barcala Rodríguez  
 Manuel Rodríguez González  
 Arturo Benito Brea Lea  
 Manuel Castro Vilar  
 Alfonso José Otero Durán

PSdG-PSOE

Manuel Otero Espiño  
 Josefa Pernas Trasancos  
 Manuel Loureiro Loureiro  
 Gonzalo Figueiras Rey

BNG:

Manuel Anxo Rendo Lema  
 Amadeo Gonzalo Constenla Bergueiro  
 Isabel Ruíz Ferro

Alcalde: *Ramón Campos Durán* con 14 votos. Manuel Otero Espiño 4 votos e Manuel Anxo Rendo Lema 3 votos.

Só tres mulleres, unha por cada partido político.

Dende ese momento e ata final de ano houbo cinco sesións ordinarias e catro extraordinarias.

## 2000

Dez sesións ordinarias e oito extraordinarias.

No mes de maio renuncia ó cargo de Concelleiro Manuel Anxo Rendo Lema; no mes de xuño toma de posesión do concelleiro Xoán Carlos Castro Blanco (BNG).

## 2001

A corporación mantense sen cambios todo o ano.

Dez sesións ordinarias e cinco extraordinarias.

## 2002

A corporación mantense sen cambios todo o ano.

Doce sesións ordinarias e dúas extraordinarias.

## 2003

Ata as eleccións municipais houbo cinco sesións ordinarias e catro extraordinarias. Na sesión do mes de marzo acordouse loito oficial polo pasamento do concelleiro Manuel Bernárdez Sanluís.

Eleccións o 25 de maio e nova corporación municipal:

PP

Ramón Campos Durán  
 José Antonio Maceira Besteiro  
 Manuel Rodríguez González  
 Manuel Somoza Carbón  
 José Manuel Reboredo Baños  
 Ana M<sup>a</sup> Constenla Brea  
 Manuel Arca Castro  
 Alfonso Uzal Campos  
 José Carlos López Campos  
 José L. Barcala Rodríguez  
 José Vicente Vicente  
 Arturo Brea Lea

PSdG-PSOE

Manuel Otero Espiño  
 Josefa Penas Trasancos  
 Manuel Loureiro Loureiro  
 Alfonso Manuel Sanmartín Carbón  
 Gonzalo Figueiras Rey

BNG

Amadeo Gonzalo Constenla Bergueiro  
 Isabel Ruíz Ferro  
 Xoán Carlos Castro Blanco  
 Raquel López Doce

Proclamación como Alcalde de *Ramón Campos Durán* por maioría absoluta (12 votos)

Catro mulleres na corporación. Ata fin de ano houbo tres sesións extraordinarias e cinco ordinarias.

## 2004

Mantense durante todo o ano a mesma corporación que realiza 12 sesións plenarias ordinarias e seis extraordinarias.

## 2005

Doce sesións ordinarias e seis extraordinarias.

No mes de maio preséntase o escrito de dimisión do concelleiro Alfonso Uzal Campos (PP) por motivos persoais e no mes de xuño, nunha sesión extraordinaria, toma posesión o concelleiro Alfonso José Otero Durán.

No mes de novembro preséntase escrito coa renuncia ao cargo do concelleiro de Amadeo Gonzalo Constenla Bergueiro (BNG) e no mes de decembro toma posesión de concelleira, adscrita ao grupo do BNG, Noa López Calviño.

## 2006

A corporación é a mesma durante todo o ano e celébranse 12 sesións ordinarias (unha por mes) e catro extraordinarias ao longo deste ano.

## 2007

No mes de xaneiro xubírase o Secretario do Concello, José Armesto Rodríguez. A praza é ocupada por Pablo Portela Fernández.

Ano de eleccións municipais para formar unha nova corporación. Antes desa constitución celebráronse sete sesións plenarias ordinarias e tres extraordinarias.

En febreiro renuncia o concelleiro Gonzalo Figueiras Rey (PSdG-PSOE).

No mes de marzo toma posesión a concelleira Mónica Magariños Cobas (PSdeG-PSOE). Renuncia o concelleiro Alfonso Manuel Sanmartín Carbón (PSdeG-PSOE).

No mes de abril renuncia o concelleiro José Manuel Reboredo Baños (PP). Toma de posesión da concelleira María Jesús Taboada Constenla (PSdeG-PSOE).

O 16 de xuño hai nova corporación:

PSdG-PSOE

José Antonio Dono López

Manuel Otero Espiño

Manuel Sanmartín Obelleiro

María Montserrat Maceiras Vicente

Irene Aguiar Lale

Ana Asorey Brea

Mónica Magariños Cobas

Germán González Rodríguez

Manuel Loureiro Loureiro

PP

Miguel Ramón de la Calle Amaro

José Antonio Maceira Besteiro

Gisèle Maïssa Rodrigo

Cristina Goldar Soto

José Carlos López Campos

José Antonio García Villar

José Vicente Vicente

BNG

Raquel López Doce

Xoán Carlos Castro Blanco

Isabel Ruíz Ferro

CIDEGA

José Manuel Reboredo Baños

Juan Antonio Torres Álvarez

A Lei de Igualdade, *Ley Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres*, foi aprobada polas Cortes xenerais de España e publicada no BOE nº 71 de 23/3/2007. Na nosa corporación municipal hai neste momento oito mulleres entre 21 concelleiros.

Alcalde: *José Antonio Dono López* con 9 votos

“O BNG non presenta candidato á Alcaldía como consecuencia dun pacto subscrito entre BNG e PSOE a nivel nacional que implica facilitar o acceso á Alcaldía ao candidato que obteña a través do voto máis respaldo social, como

é o caso de D. José Antonio Dono López, quen, non obstante, non conta, en principio, coa maioría absoluta de votos para ser investido como Alcalde. Así o BNG non vai tratar de impedir o acceso do Sr. Dono López á Alcaldía, pero van absterse na votación”.

Ata final de ano haberá catro sesións ordinarias e sete extraordinarias.

## 2008

O día 25 de abril pasa a ocupar a praza de Secretario do Concello José M<sup>a</sup> Naveira González, cargo que exerceu ata que se trasladou, dous anos despois.

Once sesións ordinarias e seis extraordinarias.

No mes de febreiro mediante un escrito, renuncia ao cargo de concelleiro Miguel Ramón de la Calle Amaro pola súa incorporación ao Consello Económico e Social da Universidade de Santiago de Compostela. Ana Pazos Bernárdez (suplente) presenta tamén a renuncia na mesma sesión plenaria.

No mes de abril toma posesión a concelleira Lourdes Loureiro Méndez (PP).

## 2009

Doce sesións plenarias ordinarias ao longo do ano e catro extraordinarias.

No mes de maio renuncia ao cargo de concelleiro Manuel Loureiro Loureiro e tamén se rexistran as renuncias anticipadas de Marcelino Brea Mella e Elena Nogueira García (suplentes).

No mes de xuño toma de posesión como concelleira Belén Louzao Vieites incorporándose ao grupo socialista.

No mes de outubro os concelleiros José Manuel Reboredo Baños e Juan Antonio Torres Álvarez pasan a ser considerados como concelleiros non adscritos.

## 2010

Incorpórase Marta Cajide Barbeito como Secretaria do Concello dende o mes de maio.

A corporación segue a ser a mesma durante todo o ano, celebrándose once sesións ordinarias e tres extraordinarias.

## 2011

Ano de eleccións municipais o 25 de maio. Antes celébranse cinco sesións ordinarias e cinco sesións extraordinarias do Concello pleno.

No mes de xuño ten lugar a sesión constitutiva da nova corporación:

PP

José Carlos López Campos  
 Alberto Manuel Blanco Carracedo  
 Amalia Goldar Cora  
 Miguel Óscar Rancaño Brañanova  
 M<sup>a</sup> Ángeles Pais Carbia  
 Juan Manuel Constenla Carbón  
 José Ismael Pena Villamor  
 María del Carmen Durán Lea  
 Nemesio Ignacio Rey Pazos  
 Lucía Seoane Rosende  
 Óscar Alejandro Durán Barros

PSOE (PSdeG-PSOE):

José Antonio Dono López  
 Belén Louzao Vieites  
 Manuel Otero Espiño  
 Manuel Sanmartín Obelleiro  
 María Monstserrat Maceiras Vicente  
 Manuel Paradela Abelleira  
 Ana María Asorey Brea  
 José Luis Picaño Riveira  
 Germán González Rodríguez

BNG

Xosé Magariños Maceiras  
 Sete mulleres entre vinte e un concelleiros.

Proclamación de Alcalde (despois da votación) *José Carlos López Campos* con 11 votos.

Ata fin de ano constatamos cinco sesións ordinarias e catro extraordinarias do Concello pleno. Marta Cajide exerce o seu cargo de Secretaria ata xuño 2011. Nese momento reincorpórase José M<sup>a</sup>

Naveira González que permanece en excedencia temporal dende xuño de 2013. Desde ese momento o posto é ocupado provisionalmente por M<sup>a</sup> Xesús Fernández Bascuas.

## **Bibliografía e fontes**

Arquivo do Concello da Estrada: libros de actas das sesións plenarias.

FERNÁNDEZ BASCUAS, María Jesusa; Alcaldes estradenses, en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, nº 7, 2004.

MARTÍNEZ MARÍN, Antonio.; *La Representatividad Municipal Española: Historia Legislativa y Régimen Vigente*. Universidad de Murcia. Secretariado de Publicaciones. 1989.

MIRAMONTES CARBALLADA, A.; Análise da xeografía electoral do Concello da Estrada (Pontevedra), *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, nº 9, 2006.





# Os “Reimóndez Figueroa” de Castrotión (Oca)

José Manuel Bértolo Ballesteros  
joberba4@hotmail.com

**Resumo.** Bartolomé Reimóndez Figueroa fixo en Castrotión (Oca) unha casa en 1571 e unha ermida en 1574 que foi dotada con bens vinculados e da que serían patróns os seus sucesores.

Preséntanse os avatares de dito Bartolomé, da ermida e dos descendentes do fundador ao longo do tempo ata o século XX, en que foi esmorecendo a fundación e a ermida.

No Apéndice ofrécese a xenealoxía de D. Manuel Reimóndez Portela, que dá nome ao Museo do Pobo Estradense.

**Abstract.** Bartolomé Reimóndez Figueroa built in Castrotión (Oca) a house in 1571 and in 1574 a chapel which was endowed by entailed assets and which would be inherited by his successors. We present the vicissitudes of Bartolome, the chapel and the descendants of the founder along the time until the 20th century, when the foundation and the chapel were destroying. The appendix offers the genealogy of Manuel Reimóndez Portela, which gives his name to the Museum of A Estrada people.

## Capela de Castrotión


*Bartolomé Reimóndez Figueroa*, veciño de Santiago pero con negocios na entorna de A Estrada e con casa en Castrotión a partir de 1572, foi o fundador da capela en advocación de Nosa Señora de Castrotión en Oca-A Estrada.

O 13 de xuño de 1574 ante o escribán Juan de Castro e Verde,

“mediante carta de dotación fundación donacion [...] por quanto yo he hecho y edificado en la aldea de Castrotion [...]en mi propio territorio una ermita y capilla dedicada a la abocacion de la *Anunciacion de la Virgen Santa Maria Nra Sra* y por que dende aqui adelante y por todo tiempo de siempre jamas la dha hermita no se pueda desacer ni hir a yermo y en ella se puedan celebrar los oficios divinos[...] y porque yo no tengo hijos legitimos descendientes y forzosamente ereden mis bienes y hacienda [...] es mi voluntad que los bienes que asi tengo y poseo [...] que anden siempre juntos”. (RAG 13820/1<sup>1</sup>)

---

1 RAG: *Arquivo do Reino de Galicia*. Real Audiencia.



Reconstrucción da capela e círculo lítico por Juan Andrés Fernández Castro.

Os bens que deixa vinculados Bartolomé para dita fundación, dos que se reserva o usufruto, a maioría son bens propios e algúns de foro do mosteiro de Sar ou doutros mosteiros. Trátase de:

- A casa torre e pombal chamada de *Quiñones* coa súa viña e arboredo e o territorio que esta arredor da dita casa.
- Varios lugares e casares de Castrotión, que tiña arrendados ou en foro a diversas persoas.
- O souto de Sequeiro e o da Rigueira do Mourozo.
- E diversas herdades na freguesía de Loimil, en Vendexa (Ourazo), en Riobó, en San Miguel de Castro, en Arnois e en Sta. M<sup>a</sup> Madalena de Ponteulla.

Nomea como patrón a seu fillo natural San Juan Reimóndez, que tivo de solteiro de María Touceda, tamén daquela solteira, e como patrón a seu neto Bartolomé Reimóndez, fillo de San Juan Reimóndez e de Inés Vázquez, a súa muller, e no seu defecto ao fillo segundo de dito San Juan e logo os demais fillos ou fillas que tivese. E de non ter descendencia debían herdar os fillos e fillas de Marina Carballa, a súa filla natural, que esta casada con Gregorio Carballo, e no seu defecto os fillos ou fillas da súa irmá defunta Catalina Reimóndez.

De acordo coa escritura de fundación, na capela debía haber vestimentas e ornamentos, cálices e patenas e as imaxes de *Nosa Señora*, de San Xoán Bautista, de San Bartolomeu e de San Amaro,

ben pintadas, e toda a cera e demais necesario para a limpeza e servizo da ermida. Na capela tamén debían dicirse doce misas rezadas,

“las quatro en día de la Anunciación de Nuestra Señora, que hes a veynte y cinco días del mes de marzo y las otras quatro en día de San Juan Bautista, que hes a veynte y quatro días del mes de junio. Y las otras dos en día de San Bartolome, que hes en el mes de agosto. Y las otras dos restantes en día de santo Amaro que hes en el mes de Henero [...]se digan por nuestras animas y de nuestros padres y antepasados”.

As misas debían dicirse a cargo dos patróns da fundación e se non as mandaran dicir, debían ser privados do padroado. Ademais puxo a condición de que os patróns da fundación debían levar o apelido *Reimóndez*.

Pouco despois en 1607 o cardeal del Hoyo<sup>2</sup> confírmanos a existencia desta capela:

“Hay en esta felegresia una hermita que llaman de Nuestra Señora de Quiñons o de Castro y la qual edificó Bartolomé Reimonde. Tiene de dotación una carga que cobra el mayordomo de la parrochia con cargo de que se digan catorce misas, las dos en el altar privilegiado de Sanctiago y las doce en esta hermita, quatro el dia de San Juan Baptista y otras quatro de San Bartholomé y dos el dia de la vocación, una en el dia de San Amaro y otra el dia de San Roque”.

Xa no ano 1703, sendo padroeiro Antonio Reimóndez, o visítador advírteo de que cumprira as misas dela, baixo pena de excomuñón maior, e ademais manda que se repare a capela a cargo dos fondos parroquiais:

“Y prosiguiendo su merced la Visita hizo de la Capilla de Nuestra Señora de Monte Tión [...] halló su merced que la dicha Capilla de halla muy indecente y menesterosa de muchos reparos como es el rebocarla y calearla por la parte de adentro, fayarla, ponerle Puertas, Bidrieras en la ventanilla de la Capillanía”.

E na visita de 1714, sendo capelán o licenciado Andrés Reimóndez, irmán de dito Antonio, a porta seguía sen reparar, sen chave e con pouca seguridade, e as paredes sen revocar; “*el Misal viexo y muy antiguo y el techo mal seguro del Agua*”.

2 DEL HOYO, J. *Memorias del Arzobispo de Santiago*, Porto y Cía. Editores. Santiago de Compostela.

3 PORTO RICO, D. “Inventario de ermidas, capelanías e obras pías da Estrada (1567-1959)”, *Rev. A Estrada, Miscelánea histórica e cultural*. 2007



Imaxe da Nosa Señora de Castrotión.

A comezos do século XX a ermida de Castrotión aínda permanecía en pé, á beira da escola parroquial. Non tardou en derrubarse e en disgregarse as súas pedras.

O solar da ermida foi escavado nos anos oitenta, accedendo os arqueólogos á lauda sepulcral do fundador e poida que a do seu fillo –non tiña inscrición–, e mesmo comprobando a presenza de restos humanos alí soterrados. Juan Andrés Fernández Castro, hoxe director do Museo Reimóndez Portela, foi un dos artífices da prospección e posterior publicación dos achados<sup>4</sup>. Nesa publicación presenta tamén a foto da imaxe de Nosa Señora que pertencía á capela derrubada e que un veciño recolleu.

## Escudos

Na casa dos Reimóndez en Castrotión había dous escudos recollidos agora por José Luís Reimóndez, dos que temos noticias desde o século XVII. No expediente de fidalguía de Santiago Constantino

4 FERNANDEZ CASTRO, J.A. "La capilla y el círculo lítico de Castrotión-Oca", Rev. Museo de Pontevedra, 1982.



Escudo dos Reimóndez. Fotos cedidas por José Manuel Salgado. Hércules Ediciones.

Reimóndez, fillo de Juan Reimóndez e de Antonia Losada Villaverde, e neto por parte paterna de Esteban Reimóndez Figueroa e da súa primeira muller Francisca Rodríguez de Leira, unha testemuña en 1704 di que


“les ha visto a los Abuelos Paternos del dho Santiago Constantino tener escudos de Armas de su genologia y linage en sus casas de las feligresías de Oca, y Correáns, y capillas deque son Patronos todo lo cual lo save el tº por lo hansi haver visto ser y pasar desde el tiempo de su acordanza a esta parte y oido decir a otros” (RAG 13820/1)

O escudo da casa de Oca ao que fai referencia debe ser quizais o de *Reimóndez*, que representa un dragón, aínda que no noso caso a impericia do canteiro fai que pareza un lagarto esmagado. En efecto, soe representarse como un escudo de prata con dragón verde:

“En sinal de ter limpado a aspeza do seu solar das feras que comían e mataban a seus moradores”.

O segundo escudo segundo Vicente de Cadenas<sup>5</sup> pertence tamén aos *Reimóndez*, en concreto a don José Gayoso Reimóndez, fillo do

5 CADENAS Y VINCENT, V., *Caballeros de la orden de Calatrava...* (t.2). Ed. Hidalguía, 1987.



Sinatura de Bartolomé Reimóndez. 1584.

dono do pazo de Oca, don Juan Gayoso Mendoza, e de Ángela Reimóndez, moza solteira da casa dos Reimóndez, O escudo, moi desgastado, foi descrito por este investigador deste xeito: 1º cuartel, cinco estrelas; 2º, unha torre cunha bandeira saíndo dunha ventá; 3º, cinco lanzas e 4º, un fouciño.

Sen embargo, penso que iso é unha suposición por ver dito escudo nesa casa, xa que sen dúbida o señor Cadenas y Vincent ou algún colaborador estivo en Castrotión e na casa parroquial de Oca para consultar os libros sacramentais. Pero se pertencese a José Gayoso tería que ter algún dos emblemas dos apelidos do seu pai: *Gaioso Noguerol Prado Montenegro e Mendoza* ou da súa nai: *Reimóndez de Silva*. Por iso, coído máis ben que pertence a outra familia e a outro lugar, quizais traído polos Neira Infanzón Riomol e *Quiroga* (século XVIII-XIX). Ademais a lectura que fai do escudo parece dubidosa no primeiro cuartel, pois hai un espazo baleiro no que habería algún emblema máis, e no segundo cuartel actualmente non se ven pegadas da bandeira. Canto ao terceiro cuartel as cinco lanzas poderían corresponder aos QUIROGA, e a fouce ou fouciño do cuarto podería corresponder aos PRADO, FOUCE ou FOCIÑOS.

## Xenealoxía

**Bartolomé Reimóndez Figueroa** ou *de Quiñones* –pola súa casa en Castrotión chamada de Quiñones e máis adiante, –a partir do século XVIII, de Piñeiro– preséntase normalmente como veciño de Santiago. Nos documentos aparece como Bartolomé, se ben cando asina o fai como “*Bertolome*”, e algunha vez aparece citado co nome apocopado, usual en galego, “*Bértolo*” (RAG 25932/37).

Non sabemos se era parente dos seus contemporáneos e tamén veciños de Santiago o racioneiro Jácome Reimóndez Figueroa, fillo de Teresa Pérez Reimóndez e de Rodrigo Colmelo “veciños das Mariñas de Betanzos” (RAG 736/7), e a súa irmá dona María Reimóndez Figueroa quen, casada en 1578 con Diego Galos Feixoo, outorgou testamento o 16 de setembro de 1580 e faleceu o 23 de febreiro de 1585 (ACS P 093. 67-70)<sup>6</sup>

Aínda que veciño de Santiago, xa en 1556 era dono de diversos lugares na zona de Ribadulla e Oca, cando en outubro dese ano se fixo apeo dos bens dos Bugallo pola xustiza de Cira, sendo Gil de Valenzuela alcaide da fortaleza de Cira. Pero seguramente estaba presente na zona moito antes, xa que sobre 1540 tivo dous fillos de *María Touceda* que era seguramente de Santeles, onde anos máis tarde vivían os seus sobriños Juan e Alberte Touceda.

Finalmente asentouse en Oca, xa que o 21 de decembro de 1571 acordou co pedreiro Lorenzo de Pazo, veciño de san Miguel de Moreira, que lle fixera unha *casa en Castrotión* por 46 ducados, unha carga de centeo (uns 6 ducados) e unha rapada de millo. A casa debía ter as paredes feitas “*el día de pascua de flores primera que viene del año mil quinientos setenta y dos*” e Bartolomé aportaría a pedra, madeira, area e cal necesarios, así como facilitaría casa aos obreiros (ACS P 057).

O 12 de outubro de 1574 foi nomeado alcaide da fortaleza da Barreira polo deán da catedral compostelá e comendador de dita fortaleza e meirindade don Baltasar López Gallo (ACS P 047).

Nese mesmo ano rematáronlle as rendas arcebispais da meirindade de terra de Vea dos anos 1574, 75 e 76, que supuñan uns 200 ducados anuais, a Pedro de San Martiño, labrego veciño de Oca, tendo por fiador a Bartolomé Reimóndez, que segundo Reimóndez Portela<sup>7</sup>, sería seu cuñado<sup>8</sup>. Pero como Pedro non presentou a fianza

6 Arquivo catedralicio de Santiago de Compostela (ACS).

7 REIMONDEZ PORTELA, M. *A Estrada rural*. Deputación de Pontevedra.

8 Pedro de San Martiño estaba casado con Teresa Pérez Reimóndez, pais de Marquesa Sanmartiño que casou con Benito Remesar, pais de Pedro Remesar e Inés de Remesar, quen casou con Juan de Silva (cfr. BERTOLO, J.M.-FERRO, L., *Casa de Silva. Arnois*, Revista Brigantium, 2014). O 24 de febreiro de 1584 Benito de Remesar e Marquesa de San Martiño, vecinos de Santo Estevo de Oca, mercaron a terceira parte do lugar de Castrotión, por trinta ducados (ACS P 098 fols. 39r-40r)

nin o requirimento, o tesoureiro Pedro de Robles deulle poder a Bartolomé para cobrar as rendas, se ben Bartolomé só cobrou as rendas do ano 74, pois no 75 foi metido no cárcere e desterrado os cinco anos seguintes. Porén o ano 75 cobrouno *San Juan Touceda alias Reimóndez*, o fillo natural de Bartolomé, e o 76 cobrouno Juan e Gonzalo Carballo, que non pagaron ao tesoureiro, quen denunciou a Bartolomé Reimóndez por ser o fiador. Bartolomé foi condenado pero recorreu á Real Audiencia que en 1583 lle deu a razón en parte, pois tivo que pagar os anos 75 e 76 pero facendo as contas de novo e non aceptando as que facía Pedro de San Martiño (RAG 3081/47).

Noutro xuízo paralelo e pola mesma causa, dise que Pedro de San Martiño foi embargado con doce bois e vacas e outros bens, pero logo o tenente de alguacil a instancias de María de Neira, a señora do coto de Oca, embargou tamén a Bartolomé unhas leiras polo que este, que aínda estaba preso alegou (RAG 16595/6) e gañou. Neste preito aparece unha escritura de *María Rodríguez de Luaces* na que pide poder e facultade a Bartolomé Reimóndez para nomear procuradores, pois el está preso. Trátase seguramente da súa muller, aínda que non se di claramente que o sexa. Pero pouco antes noutro preito (RAG 25932/37) dise claramente que a súa muller se chama "*Mariña Rodríguez*", que aparece outorgando un censo en 1561 para a compra dun foro en Muimenta e Albarguería, de cuxo foro toma o matrimonio posesión tres anos máis tarde ao non facerse o pago do censo<sup>9</sup>.

En 1577 Bartolomé e o seu fillo San Juan foron apoiados por María Neira, dona da xurisdición e *pazo de Oca*, na compra dun censo (ACS 69/2). Sen embargo, poucos anos despois denunciárona polo pago dunhas rendas arcebispais (RAG 16595/6).

Outorgou testamento nas casas de Quiñones en Oca a 6 de marzo de 1597 ante o escribán Juan do Santo Martiño, veciño de San Mamede de Ribadulla (RAG 10398/40, 25932/37, e outros). Nel di que era

9 Pódese ver en diversos documentos que o nome de *María* Carballa tamén alternaba co de *Mariña*.



“vº(ecino) de la Ciudad de Santiago e residente en la feliglesia de San Estebro de Oca [...] mis carnes pecadoras sean sepultadas en el coro de la ermita de Santa María de Castroton que yo hize y sobre la qual pongan mi nombre y como la hize y funde a mi costa”.

E así se fixo, pois foi atopada por Juan Andrés Fernández na escavación que fixo en 1982, identificada pola inscrición:

“(A)QUI IAZ VERTOLAME REIMON(DEZ) FUNDADOR”.

“Yten digo que por quanto soi casado con María Corda y le tengo en mi poder y por ser *donzella* le mando quatro bacas de las que tengo y dos uchas [...] y la cama de ropa que tengo en Santiago lo qual le mando para siempre con que de mis bienes no pueda llebar ni llebe otra cosa alguna y más dos cargas de pan cada un año entretanto no se casare. Yten digo por quanto yo crie a *Marina Carballa* dende niña, y dizen es mi hija, por bia de herencia como por qualquiera bia que este obligado a partir y ella deba de heredar mis vienes, le mando para siempre el mi lugar de Riomaio [...] sito en santa María de Loimil, con el qual lugar la aparto de todos mis bienes muebles y raizes que más no pueda llebar ni heredar dellos [...] por que confieso no ser mi hija ni la tengo por tal.

Yten digo que por quanto la dicha María Corda al presente anda preñada<sup>10</sup> si el parto que pariere beniere a lumbre siendo hembra mando y encargo a *San Juan Reimóndez* escrivano mi pariente la crie y alimente y sustente y siendo de la edad la case con persona honrada conforme a su calidad y la mia dandole la dote necesaria y si fuere barón lo crie y enseñe a ler y escribir de suerte que si quisiere ser clérigo o escrivano lo pueda ser y para el tal oficio le de quarenta ducados por que lo pueda alcançar lo qual le encargo lo aga so pena de mi bendición y maldición = Con que mando que el tal hijo o hija que la dcha María Corda pariere no pueda llebar ni llebe de mis vienes muebles ni raices otra cosa alguna [...].

Yten digo que yo crio a *Bertolamé de Castro* y por causas que a ello me mueben mando que el dicho San Juan Reimóndez escrivano a costa del usufructo de mis vienes le crie y alimente y enseñe a ler y escribir asta que sea para tomar oficio de sastre escrivano o clérigo y tomando el de clerigo lo sustente hasta que sea de beinte y çinco años [...].

Yten digo que por quanto yo hize y hedifique en mi propio territorio y a mi costa y mención la capilla y ermita de Santa María de Castrotión y en ella puse las ymágenes de Nuestra Señora y San Juan Baptista y San Bertolame y otras imagines y la hize (con)sagar por mano de obispo y en el altar mayor se pusieron y están unas reliquias de Santana y mi intención fue y es de unir y incorporar a ella y poner en un cuerpo y masa todos mis bienes y que anden siempre juntos en una persona de mi xeneración, sin se partir [...] los bienes siguientes, *la Casa de Quiñones en que yo bibo y moro que yo y San Juan Reimóndez* abemos echo con su biña y arboleda que está junto de ella con el palomar [...]el agro que está entre

10 Bartolomé Reimóndez tiña que ter nese momento máis de 70 anos. É curioso que se ía ter un fillo lexítimo, non o deixase como sucesor e só lle deixase a metade dos bens libres. ¿Dubidaría da súa paternidade?.

la viña y la congostra que va desde Castrotión para Loureiro [...] con toda la mas propiedad que tengo en la aldea de Castrotión [...] con mas los lugares de Outeiro y Abeleira[...] con todos los mas bienes raices que tengo y me pertenecen [...] en San Estevo de Oca, San Giao de Arnois, San Miguel de Castro, San Martiño de Riobó, San Vicente de Berres, Santa María Madalena de la Puente Ulla, Santa María de Loimil, San Pedro de Orazo con sus casas heredades montes cortiñas, heredades labradías y montesías, soutos devesas y sus presas regas y lo mas a ello anexo. [...] y nombro por señor y usufrutuario dellos a San Juan Reimondez escribano y al patrón que en su vida nombrare el qual a quien el nombrare pueda nombrar el que a de suceder y así de grado en grado [...]con que siempre el que a de subceder sea de mi generaci3n tanto barones como hembras [...] con las condiciones siguientes”.

As condicións eran:

- que non se podían nin hipotecar, nin dar en dote, nin arrendar máis de nove anos.
- que os sucesores fosen bos cristiáns.
- que nin S.S, nin bispo, nin clérigo puidese entrar baixo ningún título na ermida nin nos seus bens..
- que se dixesen dúas misas o día de N. Sra. de marzo, e catro o día de san Bartolomeu, e outras catro o día de san Xoán Bautista, e outras dúas tanto o día de san Amaro como o día de san Roque, e se dixesen baixo a supervisi3n do arcebispo ou visitador.

Alega despois non ter fillos lexítimos nin ilexítimos, que non casou con María Touceda aínda que se diga iso, e que nin San Juan Reimóndez nin Marina Carballa nin a súa irmá Catalina son seus fillos nin por tais os ten, aínda que criou a Catalina que “*se me desmandó y le pribo de mis vienes*”. Sen embargo, vimos que na escritura da fundaci3n da capela afirmaba que San Juan era seu fillo natural así como Marina Carballo, polo que penso que tivo polo menos catro fillos naturais.

E nos demais bens despois de cumprir os legados deixa como herdeiros a San Juan Reimondez escribán

“en pago y remuneraci3n de los buenos seviçios que me a hecho y deudas que por mi pago y gasto que montan mas de doscientos ducados, y al parto que Maria Corda pariere teniendo agua de bautismo”.


Fillos de Bartolomé Reimóndez foron:

1. SAN JUAN REIMÓNDEZ (*que segue*)
2. *María* ou *Marina Reimondez Figueroa* (ou *Carballa* ou *María Touceda*, segundo os diversos documentos, pois era filla de *María Touceda*) que casou con Gregorio Carballo. Veciños de Santiago, tiveron por fillos a:
  - a. *Miguel Carballo Figueroa*. O 24 de abril de 1606 Miguel pide os bens do seu avó Bartolomé. (ACS P. 130)
  - b. *María Carballo*, muller de Pedro Alfeirán, veciña de Arnois.
3. *Catalina*. Semella que tamén era filla súa e de *María Touceda*.
4. *Bartolomé de Castro*, a quen –de acordo co testamento de seu pai– seu irmán San Juan debe atender en alimentos e educación e querendo ser clérigo axudalo ata os 25 anos e logo darlle 40 ducados, para alcanzar un oficio, e unha carga de pan en Golmados, pero renunciando á lexítima paterna que lle poida pertencer.

*San Juan Reimóndez*, escribán compostelán, di que é fillo de Bartolomé Reimóndez e da súa muller *María Corda*, polo que sería lexítimo, aínda que, como vimos na escritura de fundación, seu pai dicía que era fillo de *María Touceda*, e que tiña unha irmá. En efecto, en 1574 era coñecido como “*San Juan Touceda alias Reimóndez*” (RAG 3081/47), e dise que era escribán e que levaba once anos casado e independizado de seu pai, polo que podemos pensar que naceu sobre 1540. Ademais os fillos de San Juan puxeron preito contra seus curmáns e veciños de Santeles Alberte e Pedro Touceda netos de Juan Touceda o vello, o pai de *María Touceda*, polos bens que deixou este (RAG 4672/18).

Seu pai, aínda que na escritura da fundación di que é seu fillo, no testamento négao. Como xa vimos, négao como fillo, pero noméao sucesor, e iso que di que a súa muller espera un fillo, polo tanto, lexítimo. Pola súa parte, vemos que el asina como San Juan Reimóndez.

Faleceu en febreiro de 1601. Outorgou testamento (RAG 5621/1, 5652/1, 10398/40) o 10 de xuño de 1598 ante Sebastián de Torres Patiño no que pide ser enterrado no coro da capela de Santa *María de Castrotión* “*donde jaz Bartolome Reimondez mi padre siendo gastado y no lo estando junto a su sepultura*” (polo que posiblemente a lápida que se atopou ao lado da de Bartolomé, sexa a súa e non a de



Sinatura de San Juan Reimóndez. 1584.

María Corda). Ademais nomea patrón da fundación da capela de Castrotión a seu fillo segundo Juan Vázquez Paseiro, coa condición de que case coa súa licenza e sexa obediente á súa nai, pois de non selo deixa o padroado a seu irmán Bartolomé.

Incorporou á fundación da capela de Castrotión en forma de vínculo a metade do prado de Nogueira, o muíño dos Besteiros, a casa e cortiña do Pereiro, a herdade do Corgo, algúns lugares de Castrotión e o prado das Paizás, engadindo a obriga de catro misas pola súa alma e a da súa muller, **Inés Vázquez**, a quen deixa usufrutuaria dos seus bens raíces. E pide que seu fillo Juan, sucesor no padroado, se casa con muller "*principal*", engada catro cargas de pan aos bens do padroado. E nos bens que non sexan do padroado nomea como universais herdeiros a seus dous fillos lexítimos, a saber:

1. *Bartolomé Reimóndez*, estudante en 1589 pero seguramente xa con 25 anos cumpridos xa que aparece con poder do seu avó nun preito (RAG 613/58), e logo foi escribán en Ponteulla. En 1598 estaba solteiro, veciño de Santiago pero residente en Ponteulla onde edificou de novo unha casa con horta e xardín onde había limóns, laranxas e mazás, e onde tiña diversos bens que lle deixou

seu pai. Nese mesmo ano tamén hipotecou eses bens por un censo de 200 ducados de principal e 14 de réditos que lle fixeron os tres testamentarios de María Méndez entre os cales estaba o cóengo Diego Suárez de Tanxil, dono da torre de Guimarei. Ao morrer dous dos testamentarios e o outro marchar para Asturias, quixo deixar de pagar pois a escritura dicía de pagarlle a eles, pero non se dicía que no seu caso aos herdeiros. Houbo preito por iso en 1618, polo que o meteron preso e o condenaron a pagar, e despois dunha nova alegación rematou en 1634.

Cando morreu seu pai en 1601, Bartolomé tratou de coller na casa paterna as escrituras notariais de seu pai, pois dicía que tiña dereito polo menos a unha cuarta parte. Sen embargo o dono do coto de Oca, Juan de Neira Luaces, a instancias do xuíz de dito coto mandou recoller as escrituras, que posteriormente entregou ao irmán de Bartolomé, Juan Vázquez Paseiro, escribán e residente en Oca, pois dicía que non se lle podían entregar a Bartolomé por vivir fóra do coto, o que representaría un inconveniente para os veciños (RAG 19760/28).

Aparece en varios preitos da Real Audiencia como imputado, así por exemplo por mor da casa en que vivía e que tiña arrendada en Ponteulla, pois estivo sen pagar uns anos dito arrendamento, así que foi denunciado e chegou a estar no cárcere. E tamén como demandante, como cando pediu os bens de súa avoa María Touceda, filla de Juan Touceda o vello e irmá de Juan Touceda o mozo en contra dos fillos deste chamados Pedro e Alberte Touceda.

## 2. JUAN VÁZQUEZ PASEIRO. (*que segue*)

**Juan Vázquez Paseiro** ou *Reimóndez Figueroa* pois, como seu pai lle deixou o padroado de Castrotién, debía utilizar o apelido Reimóndez, de acordo coa vontade do fundador.

Foi tamén escribán e casou en novembro ou decembro de 1601 con *Catalina Méndez Paseiro*, filla de Juan Méndez de Castro Landín (falecido en 1627) e de Juana Paseiro, filla esta do mercador Gregorio Paseiro e de Marquesa Paseiro, veciños de Lagartóns (RAG 9899/50, 10915/40, 14568/21).

Ao casar foron vivir a Castrotién, pero Catalina non se entendía coa súa sogra Inés Vázquez, polo que as liortas comezaron deseguida.

Así que aos tres meses de casar pediulle a seu marido que a botase fóra da casa. E Juan chegou a insultar á súa nai chamándolle "borracha" e ameazouna de morte cunha fouce e ata lle quitou unha escada cando ela estaba no sobrado deixándoa alí toda unha noite. Finalmente botouna fóra da casa e quitoulle o usufruto dos bens vinculares (RAG 17820/7) polo que Inés marchou a vivir a unha casiña chamada "do forno" e, axudada polo seu fillo Bartolomé, demandou a Juan.

Catalina tiña tamén unha irmá, María, que foi dotada o 28 de decembro de 1625 para casar en San Andrés de Veá con Juan da Ribeira e un irmán clérigo chamado Gregorio. Precisamente Gregorio xunto cos seus pais fixeron un censo o 15 de abril de 1615 ante Pedro Díaz de Valdivieso por valor de cinco ducados e un principal de 100 ducados, que lles cedeu Melchor Mosquera Pimentel, dono da torre e casa de Guimarei, polo que hipotecaban diversos bens situados en Ousande, Curantes, Tabeirós, Cereixo, Pardemarán, etc., e mesmo en Sta Cristina de Lamas na xurisdición de Penaflor. Cando morreron os pais de Catalina, fixeron as partillas Juan e o seu cuñado Juan da Ribeira, chegando a unha concordia o 19 de outubro de 1635 ante Juan Rodríguez de Leira. Tamén participaba Esteban, fillo de Catalina, pois fora mellorado polos seus avós, polo que este levou 33 ferrados de pan en Pousada (Curantes) (RAG 11118/18, 10915/40).

Juan Vázquez Paseiro vendeulle a Blas de Otero, fundador da capela de N<sup>a</sup> Sra da Presentación en Oca, o lugar de Golmados e o de Aveleda, polos que posteriormente haberá un preito entre os seus sucesores.

Dito Juan outorgou testamento o 5 de decembro de 1645 ante diversas testemuñas como Miguel Outeiro, reitor de Oca, e varios veciños, pero non ante escribán pois "*no pudo ser avido*" (RAG 25932/37, 3409/22, etc.). Elixiu e nomeou como sucesor a seu neto Antonio, fillo de Esteban, aínda que tamén fixera unha escritura de dote do seu fillo Esteban, na que nomeaba como sucesor ao primoxénito da segunda muller de dito Esteban. Isto vai xerar un conflito como vemos máis adiante.

Juan Vázquez Paseiro no seu testamento di que quería ser enterrado na capela de Castrotión e funda dúas misas rezadas a dicir a véspera ou ao día seguinte de San Bartolomeu sobre os mello-

ramentos do lugar e casa de Santa Cruz da Agra e outros bens libres. Di que seu avó Bartolomé Reimóndez ao facer o vínculo puxo como condición que non se puidese dalo como dote, e reconece que el cando o seu fillo Esteban casou con Ana Fernández nomeou sucesor, sen pódelo facer, polo que revoca e anula tal escritura canto a ese feito, escritura que pasou ante Antonio da Silva, e nomea a seu neto Antonio Vázquez Reimóndez de Castro, fillo de Esteban e da súa primeira muller Juana Rodríguez Daleira, deixando a Esteban como titor e administrador dos bens do vínculo pero dando fianzas, pois se non as dá, entón nomea como titor de Antonio e dos seus irmáns a Clemente Rodríguez da Leira, tío dos menores. E que se o seu fillo Esteban tomase posesión do vínculo en virtude do nomeamento que ten revocado, Clemente saia ao punto e o defenda. Á súa muller, “Catalina Paseira” déixalle a casa e bens da Cruz da Agra coa carga das dúas misas referidas. Tamén fixo algúns legados a favor do seu neto Antonio e seus irmáns.

Faleceu o día 27 ou 28 de decembro e Clemente Rodríguez de Leira pediu ás testemuñas que referendaran o testamento ante o escribán o 1 de xaneiro de 1646 e presentouno ante o xuíz (o día 21, segundo RAG 25932/37). Logo o escribán Jácome de Rendo acudiu a primeiros de abril a Oca para confirmar o testamento ante Ana Fernández, o seu irmán Juan Fernández, Bartolomé Reimóndez (neto do testador) –os cales se opoñen dicindo que é simulado– e por outra banda ante Antonio Reimóndez, Clemente Leira, etc. Varias testemuñas, que estiveran presentes cando se outorgou o testamento como Domingo Besteiro e Domingo Bravo confírmano, se ben o cura de Oca non o puido facer pois morreu neste tempo. E unha testemuña di que pouco despois e a instancias de Esteban Reimóndez algunhas persoas como Gonzalo de Neira Luaces foron xunto Juan Vázquez para que revocase o testamento, pero non o quixo facer.

Catalina, que faleceu sobre 1666, e Juan foron os pais de:

**Esteban Reimóndez Méndez e Figueroa**, se ben tanto el como moitos descendentes utilizan só os apelidos “Reimóndez Figueroa”. Era veciño de Oca, avogado da Real Audiencia e patrón da capela de N<sup>a</sup> Sra. de Castrotión.

En 1626 estaba prometido e seguramente casado con *Juana María Rodríguez Daleira*, que aportou un dote de 1.000 ducados, filla de Pedro Docasal Daleira e de María Rodríguez de Castro e Sotomayor, fundadores do *pazo de Correáns*<sup>11</sup>.

Esteban recibiu una mellora por parte dos seus avós maternos dos que tomou posesión o 31 de decembro de 1625 ante Juan Daleira. A mellora sinalouse no lugar de Batalla en Lagartóns coas súas casas e anexos onde eles vivían, e que logo o 1 de febreiro de 1626 aforou a Alberte Maceira ante o escribán e tío seu Bartolomé Reimóndez. Pero trala morte dos seus avós e realizadas as partillas, os foreiros non quixeron pagar máis e iniciouse un preito que en 1642 saíu a favor de ditos foreiros pero que máis adiante en 1672 Juan Reimóndez, fillo de Esteban, retomou de novo (RAG 10915/40).

Coñecía a Blas de Outeiro, cura de Oca e fundador da capela de Nosa Señora da Presentación, que lle prestou 32 ducados e lle deixou en prenda tres telas.

O 26 de maio de 1649 fíxolle foro dunha casa e leiras anexas en Golmados (Arnois) a Sebastian da Silva e a súa muller María Fernández de la Iglesia (ACS), da *casa de Silva* en Arnois. Precisamente cando Esteban Reimóndez casou de novo, fíxoo cunha irmá de dita María, *Ana Fernández de la Iglesia*, natural de Escuadro, e tamén irmá de Juan, veciño de Moalde.

Tomou posesión do vínculo de Oca como patrón segundo algunhas testemuñas, como Francisco de Cortes veciño de Loimil, ou como titor do fillo, segundo Clemente de Leira. E chegou a facer testamento o 28 de xaneiro de 1655 ante testemuñas e en man do vicerreitor de Oca, Juan de Castro e Arce, aínda que era a súa intención facelo ante escribán. Logo o 21 de febreiro *Ana Fernández de la Iglesia*, a súa segunda muller, e seu irmán Juan xunto con algunhas testemuñas levaron a escritura ante o xuíz e ante o escribán Lucas Casal.

No testamento (RAG 3409/22) deixou como cumpridores a Sebastián da Silva e Juan Fernández de la Iglesia. Manda ser enterrado na súa capela de Castrotión e despois dos legados píos pola

11 FERRO, L.-BÉRTOLO, J.M. "Los Leira en Correáns y Parada (A Estrada)", *Rev. Estudios de genealogía, heráldica y nobiliaria de Galicia*, 2011.



súa alma, recoñece diversas débedas e deixa como herdeiros aos seus sete fillos que nomea.

“Y por quanto mi padre me ha nombrado patron de la dicha capilla por delante Rodrigo Dasilva hescribano defunto que fue, de la qual hasta ahora fui el patron,  *nombro a Bartolome mi ijo de la segunda mujer* que agora tengo  *por tal patron* por su vida o cuando fuere su voluntad de nombrar otro. Iten mando a Antonio Reimondez mi ijo el lugar de Lagartones...”.

Morreu o 30 de xaneiro de 1655. Trala súa morte, Ana como titora de Bartolomé, chegou a tomar posesión do vínculo o 20 de marzo de 1655, pero Antonio, o primoxénito do primeiro matrimonio de Esteban, preiteou con ela por isto. E aínda que na escritura da fundación se dicía que o patrón tiña facultade para nomear a seu sucesor, finalmente quedou en mans de Antonio, pois este fixo desaparecer do preito<sup>12</sup> (RAC 3409/10) a escritura de dote do seu pai. Esa escritura ante Rodrigo Dasilva contiña unha cláusula pola que Juan Vázquez Paseiro, cando ía casar de segundas seu fillo Esteban, nomeaba como patrón ao primeiro fillo que nacera dese matrimonio. O orixinal da escritura estaba en mans de Clemente Rodríguez Daleira, pois quedara con todas as escrituras de Rodrigo Dasilva, pero cando morreu, un fillo de Clemente, chamado Francisco, colleuna e deulla a seu curmán Antonio Reimóndez que a fixo desaparecer.

Dita Ana Fernández cando quedou viúva casou co veciño de Loimil *Tomás de Arce* e faleceu sobre 1682.

Froito de Esteban e Juana Rodríguez Daleira, a súa primeira muller, foron:

1. ANTONIO REIMÓNDEZ FIGUEROA, (*que segue*)
2. *Juan Reimóndez Figueroa e Castro*, a quen a súa avoa María deixou no testamento rendas que tiña que pagar un veciño de San Estevo de Lagartóns.

Foi avogado da Real Audiencia de A Coruña, onde residía, e casou con *Antonia Losada Villaverde*, filla do avogado Andrés Gómez Villaverde e de Jacinta Losada e Fraga, neta por vía paterna de Bartolomé Gómez Villaverde e de María Rodríguez (ou García)

12 No preito vese que faltan dúas páxinas xa que están numeradas.

Paseiro<sup>13</sup>, veciños de Elviña (A Coruña) e por vía materna de Diego García e de María Rodríguez Losada, veciños de Almeiras (A Coruña).

Melloraron a seu fillo Jacinto o 17 de xuño de 1696 con quince propiedades en Almeiras, Fonteculler, "Azeñas Dama" (sic) e Alvedro, e outorgaron testamento o 10 de setembro de 1704 ante Bernardo García Cortés (RAG. 20620/17). Vivían en A Coruña na rúa Príncipe, na parroquia de Santiago, sen embargo como tiñan casa e posesións en Almeiras non lles importaba ser enterrados nesta parroquia. De feito, deixan fundado un vínculo a favor de seus fillos solteiros Mateo e Juana, con gravame de doce misas a dicir en Almeiras e coa obriga de que os sucesores engadisen a dito vínculo as lexítimas e un terzo dos seus bens.

Juan foi sepultado en A Coruña o 8 de xullo de 1705 e Antonia, se ben finou en Almeiras, foi sepultada na capela da Orde Terceira de San Francisco en A Coruña o 12 de xullo de 1710. En 1732 fíxose a partilla dos seus bens entre os fillos.

Foron pais de varios fillos, algúns bautizados na parroquia coruñesa de Santiago:

- A. *Jacinto Antonio*, bautizado 6 de abril de 1662, estudou no colexio de San Clemente en Santiago e despois no de Santiago o Maior en Salamanca. Chegou a ser cóengo lectoral en Burgos.
- B. *Andrea Antonia*, bautizada o 4 de xuño de 1663, casou con *Andrés Álvarez de Neira*, avogado, fillo de Pedro Álvarez de Neira e de Antonia de Neira Vaamonde, tras ter sido dotada o 5 de xullo de 1688 con 1.500 ducados en bens raíces e tendo por testemuña a seu irmán Jacinto Antonio Reimóndez, cóengo doutoral de Burgos. Foron veciños de Lugo. En 1689 tomaron un censo de 200 ducados de Juan Bermúdez de Castro, cabaleiro da orde de Santiago, da casa de San Paio de Figueroa. Cando quedou viúva, o seu tío Francisco, cura de Vinseiro, en outubro de 1703 pro-

13 María García Paseiro tivo tamén unha filla chamada María que casou co capitán Pose Bermúdez, irmán de Manuela, fundadora da capela de N<sup>o</sup> Sra. da Estrela. Por outra banda dita María García Paseiro casou de segundas con Pedro Sánchez Pulleiro, tendo por filla a María que casou con Alonso Rodríguez, os pais de Juan Antonio Sánchez Pulleiro, cura de Paleo e Crendes, fundador dun vínculo en 1708 nomeando como patrón en primeiro lugar a Rosalía Álvarez de Neira, neta de Juan Reimóndez Figueroa.



Sinatura de Jose Jacinto Álvarez de Neira e Reimóndez.

meteulle pagar os réditos, que levaba varios anos sen pagar, e o principal. Ao morrer Francisco debían ser os seus sucesores quen debían facerse cargo desa débeda, pero seu tío Bartolomé e o seu curmán Francisco dixeron que a escritura que presentaba era dubidosa e negáronse a pagar. De aí o preito contra eles que moveu Andrea (RAG 22289/6). En 1704 estaba como monxa no convento de Belvís.

Tiveron a:

- a. *José Jacinto Álvarez de Neira e Reimondez*, que foi notario actuando como tal, por exemplo, cando se bendiciu a capela de Nosa Señora da Paz en Pousada (Curantes). Foi mellorado pola súa nai cuns bens vinculados –entre eles os da fundación de capela N<sup>ª</sup> Sra. da Estrela na colexiata coruñesa realizada por Manuela Pose Bermúdez de Castro– coa condición de que vivise en Lugo. Casou con *Rosa Rubio* e foron os pais de:
  - *José Bernardo Álvarez de Neira*, clérigo de menores e capelán da colexiata coruñesa, que en 1754 litigou en nome do seu pai polo vínculo deixado por Juan Antonio Sánchez Pulleiro, e en 1775 pediu ser o sucesor da fundación de Castrotión, alegando que era varón e polo tanto que non debía responderlle a M<sup>ª</sup> Manuela, a súa curmá.
  - *Manuel*, nacido sobre 1727, viviu en Calvelos na parroquia de Sayar. Trala morte do seu irmán José, herdou o vínculo fundado polo seu parente Juan Antonio Sánchez Pulleiro, con

bens en A Coruña, Bergantiños, Lubre e outras partes. Fixo testamento 18 de maio de 1805 ante Rafael Abal y Pita, escribán de Vilagarcía, e faleceu en Saiar o 28 de xullo de 1809. Deixoulle o vínculo á súa parente M<sup>a</sup> Manuela Neira Infanzón, aínda que seu irmán Juan lle puxo un preito (RAG 12736/32) porque dicía que lle correspondía a el por ser varón e porque Manuel llo deixara por doazón entre vivos ante Francisco A. González Abal o 20 de xuño de 1789. O preito (1807-1810) absolveu a Juan.

- b. *Rosalía Figueroa*, que casou co procurador Juan Varela Figueroa, veciño de Santiago, sen sucesión, e tamén –antes ou despois– con Tomás Andiano.

Como primeira chamada ao vínculo fundado en 1698 por Juan Antonio Sánchez Pulleiro, tomou posesión del en 1719. Logo ao morrer pasou a mans doutros parentes e logo en mans do seu irmán José Jacinto, e trala súa morte no seu fillo José Bernardo e ao morrer este a seu irmán Manuel, veciño de Saiar.

- c. *Antonio Jacinto*, bautizado o 22 de xuño de 1664, tendo por padriños a Francisco Moscoso e M<sup>a</sup> Jacinta Losada, a súa muller.
- d. *Esteban Francisco*, bautizado o 27 de maio de 1665, foi relixioso agostiño e renunciou ante o escribán Juan Abad ás lexítimas a favor da súa irmá Juana.
- e. *María Paula*, bautizada o 8 de setembro de 1677. Debeu morrer nova xa que posteriormente non figura.
- f. *Mateo Antonio*, bautizado o 29 de setembro de 1669, avogado da Real Audiencia, morreu solteiro. Seus pais deixáronlle dúas casas en A Coruña, unha viña en Riazor e outros bens, pero trala morte de seus pais xunto coa súa irmá Juana fixo partilla dos bens dos seus pais en 1732 sen ter en conta que moitos estaban vinculados e vendendo moitos deles en 1733. De aí que en a partir de 1768 se iniciou un preito (RAG 20620/17) para que se declarasen nulas tais partillas. Por iso en 1774 mandouse facer unhas dilixencias que non se levaron a cabo e en 1805 pediuse a súa prosecución.
- g. *Juana*, que faleceu celibata. Mellorada polos seus pais con diversos bens como unha casa en A Coruña e outra en Ombre

(Almeiras), tamén lle deixaron diversas imaxes relixiosas que había na casa.

- H. *María Lorenza*, bautizada o 16 de agosto de 1672. Debeu morrer nova xa que posteriormente non figura.
- I. O capitán *Constantino Jacobo Diego Reimóndez Figueroa*, bautizado o 1 de outubro de 1675, quen para aprobar a súa fidalguía e sendo soldado na Compañía de D. Ignacio Vázquez Torreiro no presidio de A Coruña aportou informacións xenealóxicas o 25 de agosto de 1704 (Arquivo Municipal de A Coruña e RAG 13820/1). Casou en Tui con *Catalina de la Barrera Castrillón e Navia*, filla de Andrés de la Barrera, natural da provincia de Mondoñedo, e foron veciños de Tui. Tiveron a:
- a. M<sup>a</sup> *Manuela Reimóndez de la Barrera*, que viviu na rúa compostelá do Pombal e tamén en A Coruña. Demandou o morgado da fundación de Castrotión en 1758 e o 3 de abril de 1772 unha compensación por alimentos a Benito González, que foi quen o herdou. Pero trala morte de Benito ao ano seguinte e a pesar dos moitos que optaban á sucesión, foi ela quen conseguiu quedar cos bens de vínculo dos que toma posesión en 1781.

Claro que M<sup>a</sup> Manuela na escritura de dote da súa irmá Catalina ante o escribán compostelán Andrés Antonio de Cernadas fixera doazón de todos os seus bens e dereitos reservándose o usufruto, que logo referendou en Betanzos o 18 de xuño de 1759 ante Francisco Antonio de Fraga (RAG. 20620/17). Os vínculos aos que tiña dereito eran: o vínculo e morgado fundado polo seu tío e presbítero Juan Antonio Sánchez Pulleiro, o padroado na colexiata coruñesa fundado pola súa tía Manuela Pose Bermúdez de Castro, o vínculo e morgado fundado pola súa tía-avoa Josefa Losada Villaverde, a mellora vinculada coas agregacións feitas polos seus avós o licenciado Juan Reimóndez de Figueroa e a súa muller Antonia Losada, os bens que lle correspondían en Tui pola súa nai e en Mondoñedo (casa dos Barreras) polo seu avó materno Andrés de la Barrera, así como o morgado e vínculo fundado en Castrotión por Bartolomé Reimóndez, que nese momento tiña o seu curmán Benito Gómez Reimóndez.

Sinatura de José Neira Infanzón.

- b. *Catalina Reimóndez de la Barrera*, a quen a súa irmá Manuela cedeu os seus bens e dereitos, e que casou en 1754 con *José de Neira Infanzón e Riomol*, oficial provincial do rexemento de Infantería de Betanzos, que faleceu en 1772-73.

Bautizaron en San Xurxo de A Coruña a seu fillo primoxénito o 15 de abril de 1765, tendo por padriños a Juan Antonio Ozores, conde de Priegue, e a súa filla primoxénita Juana Ozores Ponce de León. Puxéronlle por nome *Juan Antonio de Neira Infanzón e Reimondez*, e será o sucesor no vínculo de Castrotión. Tiveron cinco fillas máis (como veremos máis adiante).

- c. *Andrés*. Faleceu, como os seus seguintes irmáns, antes de 1758.  
 d. *Felipe*.  
 e. *Jacinto*.

(ver esquema ao final do artigo).

3. *Francisco Reimóndez*, o terceiro dos fillos de Esteban e Juana Rodríguez de Leira, foi cura en Lagartóns e en Santa Cristina de Vinseiro. En 1693 redimiu un censo que fixera a seus bisavós don Melchor Mosquera. Cando os seus irmáns Antonio e Bartolomé tiveron o preito polo vínculo, Francisco recoñeceu que o seu avó fixera unha escritura a favor do primeiro neto que tivera Esteban do seu matrimonio con Ana Fernández.

O 29 de xullo de 1662 os tres irmáns Juan, Antonio e Francisco chegaron a unha concordia para repartir os bens dotais da súa nai e polos bens da súa avoa Catalina Méndez.

Outorgou testamento o 10 de setembro de 1707 ante Pedro Rodríguez da Fraga (RAG 20107/30). Deixaba como herdeiros a seu

medio irmán Bartolomé e a seus sobriños Francisco e Pedro, fillos de Bartolomé, do xeito seguinte: a Bartolomé déixalle a lexítima e  $2/3$  partes dos seus bens e a seu sobriño Francisco a outra terceira parte, a condición de que lle han dar 300 ducados a seu outro sobriño Pedro, para que se faga escribán ou tome o estado que lle pareza. Pero que trala morte de Bartolomé os seus bens raíces han de andar todos xuntos facendo vínculo dos seus bens e deixándolle a seu irmán Bartolomé con facultade para elixir sucesor –que o fixo no seu propio fillo Bernardo–. Tamén lle deixou un legado de 50 ducados a cada unha das súas sobriñas Silvestra e Francisca, fillas do seu irmán Antonio. E á súa irmá Estéfana, outros 50 ducados. E tamén di que lle prestou 200 reais a D. Tomás Andiano, marido da súa sobriña Rosalía Reimóndez, pero que llos perdoa. Pediu ser enterrado na igrexa de Vinseiro.

4. *Estéfana* ou *Esteva*, muller de *Silvestre da Torre*, veciños de Lagartóns, onde tiveron varios fillos:
  - a. *María Andrea*, bautizada o 10 de febreiro de 1680.
  - b. *Bartolomé*, bautizado o 26 de maio de 1684.
  - c. *Alexos*, bautizado o 17 de xullo de 1685.
  - d. *María Josefa*, bautizada o 25 de marzo de 1688 tendo por padriños a seus tíos Bartolomé e María de Lis. Seguramente é ela a que aparece como *María* cando casou o 19 de febreiro de 1708 con Pascual Coto das Penas.

Fillo de Esteban e *Ana Fernández de la Iglesia*, a súa segunda muller, foron:

5. *Bartolomé Reimóndez Figueroa*, Naceu en Oca sobre 1646 (RAG 3855/97). Trala morte de seu pai, confesa que estaba servindo en Santiago na casa dun cóengo e na casa dun doutor para dicir que era pobre ao non poder acceder ao morgado que lle correspondía. Por este motivo tivo un preito (RAG 3409/22) contra seu irmán Antonio. O preito comezou en 1655 pero logo estivo parado entre 1662-68, e nese tempo o seu irmán Antonio fixo desaparecer a escritura do seu avó en que nomeaba patrón a Bartolomé, polo que este pediu ao arcebispado en 1669 unha pauliña para que se tomase declaración sobre dita escritura. E aínda que as testemuñas falaron a favor de Bartolomé, non conseguiu nada.

E así o 20 de abril de 1670 vendo que o resultado era incerto chegou a unha concordia con Antonio ante o escribán Alberto Martínez de la Gándara (RAG 13820/1), polo que Antonio quedaba co vínculo e el, ademais da lexítima, quedaba cos diversos bens libres, como unha casa xunto á fonte de Castrotión, uns prados, rendas en Cernadela e Moreira por 6,5 fanegas de pan e 200 ducados en diñeiro, aínda que coa obriga de pagar oito misas na parroquia.

Herdou do seu irmán Francisco, pois este estaba a mal co seu irmán Antonio, por mor dunhas rendas e porque a súa cuñada Catalina mallou a paus á criada de Francisco.

Bartolomé era escribán en Vinseiro –consérvanse algúns dos seus protocolos no Arquivo Histórico de Pontevedra– pero veciño de Lagartóns e patrón da capela do Santo Nome de Xesús dentro da igrexa de Cereixo (¿Fundada polo seu irmán Francisco?). Casou con *María de Lis Castroverde*, irmán do capitán e presbítero Carlos de Lis.

O matrimonio fixo testamento conxunto ante Juan Ambrosio Montenegro, escribán de S.M e veciño de San Paio de Figueroa.

As honras fúnebres de Bartolomé celebráronse o 9 de xullo de 1723 asistindo 26 sacerdotes e aportándose a ofrenda habitual nestes casos, é dicir, unha fanega de pan e un canado de viño. A súa muller María de Lis foi sepultada no coro da igrexa o 30 de xuño de 1725 cunha idade aproximada, segundo o párroco, de 70 anos. Tiveron unha prole numerosa pero dada a grande mortalidade que había entón, cando morreu María quedaban nove dos seus fillos:

- a. *María Jacinta Reimóndez Figueroa*, que foi confirmada o 19 de novembro de 1688 e que casou o 7 de febreiro de 1706 con *Antonio Bermúdez de la Peña*, fillo de Blas de la Peña e Inés Bermúdez, e viúvo de Mariana Pulleiro Rodríguez de Leira. (AHUS Fco. Nodar 1723). Foron pais de:
  - *Domingo Bermúdez Reimóndez*.
  - *Bartolomé Bermúdez de la Peña*, bautizado o 4 de febreiro de 1711 tendo por madriña á súa avoa materna. Foi veciño de Vis de Baixetes (Vinsreiro) e fixo as velacións matrimoniais o 11



de febreiro de 1725 con Feliciano Martínez de Barcia, veciña de San Xiao de Guimarei. Foron pais de *Andrés* e de *Carlos Bermúdez de la Peña*, natural de Vinseiro, que casou con María Rodríguez, de San Felix de Solovio. Estes tiveron a *Alberto, José e Andrés*, bautizados en Sar. Tanto José como Carlos combateron con motivo da guerra de Gran Bretaña en 1762 alistándose como fidalgos ao mando de D. Teodoro Llorente, marqués de Astariz.

- b. *Juan Antonio Bernardo*, bautizado o 14 de novembro de 1680 tendo por padriños a Juan Bermúdez de Castro (*casa grande dos Bermúdez de Castro*) e a Catalina de la Puebla Susabila (*pazo de Correáns*). Morreu de neno.
- c. *Juan Antonio Bernardo*, bautizado 21 de setembro de 1682, tendo como padriños aos mesmos que seu irmán. Confirmado en 1688, faleceu pouco despois.
- d. *Carlos Isidro*, bautizado o 17 de outubro de 1684 tendo por padriños ao presbítero Carlos de Lis e a María Núñez de Castro, a muller de Antonio Castrigo.
- e. *Juana Antonia Reimóndez*, bautizada polo seu tío e abade de Vinseiro Francisco Reimóndez o 27 de xuño de 1686. Casou con *Antonio Arias Somoza*, e foron veciños do lugar da Corruxeira en Callobre.  
Logo Antonio, viúvo de Juana, recibiu as bendicións da Igrexa o 10 de xullo de 1737 para casar con Ana María Paseiro, filla de Santiago Paseiro e de Ignacia de Cortes, todos veciños de Callobre. Foron dispensados das proclamas pois un irmán da noiva, don Ambrosio Paseiro, era cóengo na colexiata de Iria. E o dous de abril de 1740 Ana María Paseiro, que xa estaba viúva, casou co veciño do bispado de Lugo Juan González Crespo.
- f. *José Pelayo Tomás*, bautizado o 6 de xullo de 1689, tendo por padriños ao cura de Vinseiro Teodoro Rodríguez de Leira (*pazo de Correáns*) e a Tomasa Sangro Armesto (*casa grande dos Bermúdez de Castro*). Morreu de neno.
- g. *Tomasa Reimóndez Lis*, bautizada o 6 de xaneiro de 1692 tendo por padriños ao presbítero Juan de Ribera e a Tomasa Sangro, casou o 26 de febreiro de 1713 con Andrés Fernández de Es-

pinosa –ou *Espinosa Varela Taboada* que é como asina el– veciño do lugar de Negreiros en San Mamede de Castro e fillo de Andrés Fernández Espinosa e de Catalina Varela Taboada.

- h. M<sup>a</sup> *Manuela Antonia Reimóndez Lis*, bautizada o 28 de outubro de 1693 tendo por padriño a Antonio Mariño de Lobera, cura de Guimarei, foi unida en matrimonio en Lagartóns por Francisco Reimóndez, cura de Vieite, o 7 de setembro de 1716 con *Alonso Piñeiro Reigosa*, fillo de Manuel Piñeiro e de Ana Eugenia de Reigosa, veciños de Piñeiro en Santa Mariña de Ribeira. Tiveron numerosa prole pero morreron de nenos: *Juan Antonio Baltasar* (bautizado o 8/1/1718), *Juan* (29/12/1718), *Juana Isabel* (21/11/1721), *Juan Antonio Micael* (8/5/1722) e *Francisca María* (26/9/1723). Os que chegaron á idade adulta foron:
- *Manuel Antonio Piñeiro Reimóndez*, o vinculeiro, bautizado 4 de febreiro de 1726 e que casou o 24 de xuño de 1747 con *Jacinta Gómez de Castro*, do *pazo de Xerliz*. En 1756 tivo un preito con súa nai polos bens do morgado. Foi acusado de maltratala e de botala da casa (RAG 14283/34).
  - *Andrea Piñeiro Reimóndez*.
  - *María Antonia Piñeiro Reimóndez*, bautizada o 18 de decembro de 1729, que xunto con Clara e Eugenia traballaban de criadas en casa do avogado Francisco Santiso, veciño de Ribeira.
  - *Clara Piñeiro Reimóndez*.
  - *Eugenia Antonia Piñeiro Reimóndez*, bautizada o 10 de decembro de 1731 tendo por padriño a Francisco Reimóndez, vicario de Santeles. Foi dotada ante Plácido Vallexo Castro (RAG. Protocolos) o 9 de outubro de 1764 para casar con Pedro Andrade Freire, viúvo de M<sup>a</sup> Antonia Martínez.
  - *Rosendo Piñeiro Reimóndez*, bautizado un día de outubro de 1736 e que de rapaz marchou a Santiago onde traballaba de paxe para pagarse os estudos.
- i. *Rafaela Francisca María Reimóndez Lis*, bautizada o 6 de xuño de 1695, tendo por padriño ao abade de Vinseiro Francisco Reimóndez Figueroa.
- j. *María Antonia Ángela Josefa Reimóndez Lis*, que naceu en 1697 e casou en Lagartóns o 9 de febreiro de 1722 con Antonio Louzao

Otero, veciño de San Miguel de Castro e fillo de Francisco e Dominga. Viviron no lugar de Prado en San Miguel de Castro, tendo a:

- *Francisco Louzao Reimóndez*, bautizado o 23 de marzo de 1722.
  - *Jacinta M<sup>a</sup> Luisa Louzao Reimóndez*, bautizada o 6 de abril de 1723.
  - *Juliana Dominga María*, bautizada o 9 e xaneiro de 1725.
  - *Ignacio Antonio Louzao Reimóndez*, bautizado o 6 de xuño de 1727, casou con Josefa Castro e tivo por fillo a Juan José, bautizado en S. Miguel de Castro o 20 de abril de 1755.
  - *Juana Louzao Reimóndez*, bautizada o 7 de decembro de 1729, tendo por padriños a seus tíos Antonio Arias Somoza e a Juana Reimóndez..
  - *Juan Antonio Louzao Reimóndez*, bautizado o 9 de marzo de 1732.
  - *M<sup>a</sup> Manuela Louzao Reimóndez*, bautizada o 27 de agosto de 1735.
  - *Andrés Antonio Louzao Reimóndez*, bautizado o 23 de marzo de 1739.
- k. *Francisco Antonio Reimóndez*, presbítero e veciño de Callobre en 1713, foi cura de Santeles e en 1725 era vicario de Lagartóns.
- l. *Micaela Reimóndez*, casou con Juan Álvarez de la Cruz e Rivera, viúvo de Rosa Méndez Araújo, veciño de San Adrián de Vieite (Leiro. Ourense), fillo de Blas e Helena Mosquera. Foi veciña de Vieite, como seu irmán Bernardo.
- m. *Bernardo Reimóndez Lis*, que en 1713 era o xuíz do coto de Viso. Tivo preito co seu sobriño Pedro, fillo de Pedro Francisco Reimóndez por unhas rendas que pertencían a dito vínculo, pois seu pai llas dera en dote –sen poder facelo por ser de vínculo– a seu irmán Pedro (RAG 3067/99).  
De solteiro tivo en Lagartóns unha filla de Juana Martiza á que chamaron *Manuela* e que casou o 28 de setembro de 1744 con Antonio Moreiras Ribera. Foi dotado o 13 de marzo de 1717 ante o escribán Miguel Salgado Araújo (RAG 20107/30) polo seu pai cos bens do vínculo que fixera seu irmán cura Francisco ademais da casa de Batalla en Lagartóns e outros bens para casar con *Juana de Prado*


e *Ulloa*, sobriña de don Toribio Francisco de Prado e Ulloa, cura de San Adrián de Vieite, que a dotou con 1.000 ducados e outros bens, tomando posesión de ditos bens en agosto de 1729 ante o escribán Andrés de Soto, trala morte de seu pai. Os bens estaban en Vieite, Vinseiro, Cereixo, San Miguel de Cora e rendas en Lagartóns, Morreira, Olives, etc. Viviu en Erbedo (Vieite) e tivo descendencia lexítima. En Lagartóns naceron dous dos seus fillos:

- *Bartolomé Antonio Reimóndez*, bautizado o 6 de novembro de 1718.
  - *María Francisca Reimóndez*, bautizada o 26 de xuño de 1726.
- n. *Pedro Francisco Reimóndez Lis*, que estando solteiro tivo de María de Castro, tamén solteira, a Pascua Reimóndez, que casou o 2 de novembro de 1732 con Isidro de Barro. Foi dotado o 29 de outubro de 1708 para casar con *Dominga Rozados*, filla de Francisco e de Dominga Tato de Abollo, veciños de Duasigrexas (Forcarei) ante o escribán Simón de Rozados, veciño de Acibeiro. Pedro recibiu en dote vestidos, unha cama e todo o anexo, unhas rendas de 6 fanegas de centeo en Escuadro, Siador, Moalde e Godoi (Vinsreiro) e 13 moios de viño tinto e dous de branco no lugar de Vieite (Leiro). Logo, viúvo, casou outra vez. Do primeiro matrimonio tivo a *Pedro Reimóndez* que casou en Escuadro o 8 de decembro de 1732 con María Pereiras Fernández, filla de Domingo e Alberta, sendo cura de Escuadro o irmán de María don Antonio Pereiras Fernández. Dito Pedro preiteou (RAC 3067/99) co seu tío Bernardo por unhas rendas. Un descendente chamado Ramón Otero Reimóndez foi cura e capelán na colexiata coruñesa das capelas de N<sup>a</sup> Sra da Estrela e San Xosé, fundadas pola súa parente Manuela Pose Bermúdez, ata que ascendeu en 1804 a un beneficio "*que le condonó el caballero de España de esta ciudad*".
- ñ. *Antonio Reimóndez Lis*, veciño de Godoi, casado, con Manuela Vasadre?, e pai de Leonarda.
6. *Andrés Reimóndez Figueroa e Fernández de la Iglesia*, ordenouse clérigo a título da capela de Castrotión. En 1725 como era vello designou ante Francisco Nodar a seu sobriño Ignacio para cumprir as misas.

7. *Estevo Reimóndez Figueroa*.
8. *Domingo Reimóndez Figueroa*. Era soldado de infantaría en 1707 (segundo o testamento do seu medio-irmán Francisco) e casou con *Inés de Borraxeiros*, sendo veciños de Vinseiro, no lugar de Godoi, nunha casa e terras anexas que lle deixou como usufrutuário o seu medio irmán Francisco. Logo aparecen en Escuadro, onde casou o seu fillo *Antonio Reimóndez* o 11 de marzo de 1728 con Ana Gómez Outeiro, filla de Benito e María. Tamén tiveron por fillos a *Juliana*, que faleceu en 1772, outra que casou con Francisco Rei, e *José*.

***Antonio Reimóndez Figueroa***. Era o primoxénito e cando morreu seu pai disputou contra seu irmán Bartolomé polo morgado e vínculo de Castrotión. En Xuño de 1655 Clemente Leira presentou a filiación de Antonio e os papeis do morgado (testamento de Bartolomé Reimondez). Finalmente, tralo preito e concordia á que chegaron, o 16 de abril de 1670 Antonio pediu tomar posesión de todos os bens vinculados, cousa que fixo o 16 de maio de 1671.

Poucos meses despois entraron en disputa varios veciños por diversas herdades. Así por exemplo, Gabriel de Brey, que pagaba de rendas trinta e tres fanegas de centeo aos irmáns Benito Vázquez, Fernando e Antonio Cancela, presbítero, polos lugares de Outeiro e Avelaira, que eran de directo dominio de Bartolomé Reimóndez o vello e que o seu neto Juan Vázquez llas vendera a Blas de Otero, polo que xa non pertencían á capela de Castrotión, senón á de N. Sra da Presentación. Agora ben, se eran de vínculo a súa venda sería nula en dereito. Preséntase entón a escritura de foro feita ante Andrés López que Juan Vázquez Reimóndez lle fixo a Blas de Outeiro en setembro de 1611 da metade de ditos lugares que ata entón foran aforados por Bartolomé Reimóndez, o seu avó, en 1575 a Juan Martínez Douteiro, veciño de Loimil. Pola metade do lugar de Outeiro debía pagar doce fanegas de pan e un par de capóns, e recibírase vinte e catro ducados polo traspaso. Pero en maio do mesmo ano xa fixeran os mesmos suxeitos outro traspaso dun muíño “*que ba debaxo del lugar de Outeiro para la fortaleza de la Barrera*”, xunto con outros muíños e herdades. E tamén se presentan outras escrituras de foro que completan o conxunto



Escudo dos Reimóndez. Debuxo de Javier García Gómez.

que se reclama. E aínda que saíu a favor de Antonio Reimóndez, o preito continuaba en 1826, agora entre os seus sucesores, Ambrosio Cancela e Juan de Neira Infanzón, que di que esas propiedades son súas de directo dominio, polo que se lle deben restituír.

Casou con *Catalina de Silva*, da *casa de Silva* (Arnois)<sup>14</sup>, bautizada 7 de outubro de 1637, filla de Sebastián de Silva e de María Fernández de la Iglesia.

Antonio fixo testamento o 23 de decembro de 1710 ante Antonio de Casal aos 85 anos. Nel nomeou a seu fillo Ignacio como administrador dos

bens pois el estaba vello e seu fillo primoxénito Sebastián estaba falto de ouvido e tiña outras enfermidades, e como sucesor a dito Sebastián. Nomeou como testamentario a Francisco Fernández de Silva, secretario do Santo Oficio, e a seu irmán Andrés da casa de Silva en Arnois, así como a Ignacio Antonio Reimóndez, seu fillo. Enumera a seus fillos, que deixa como herdeiros, Sebastián, Ignacio Antonio, Bartolomé, Silvestra e Francisca, sen embargo tiña dous fillos máis, de aí que máis adiante nun preito para facer as partillas alegouse isto. Tamén cita a M<sup>a</sup> Antonia a quen manda que devolva os bens que levara de máis e os sume ao montón para repartir.

Tiveron por fillos a:

1. SEBASTIÁN REIMÓNDEZ FIGUEROA, (*que segue*)
2. *Ángela María Reimóndez Figueroa e Silva*, que nacida en Quiñones, tivo un fillo de solteira con *Juan de Gayoso Mendoza*, do pazo de Oca, nacido en Ourense o 16 de maio de 1633, que estaba casado e daquela con tes fillos, un deles nacido un mes antes. *Ángela* foi enterrada o 30 de agosto de 1673 na capela de

14 BÉRTOLO, J.-FERRO, L., "Casa de Silva. Arnois" o.c.

Castrotión, que era dos seus pais. O neno foi bautizado en San Estevo de Oca co nome de *José* o 16 de agosto de 1673 e chegou a ser cabaleiro de Calatrava en xaneiro de 1718 trala lexitimación do papa Pío XI (AHN). A José Gayoso Reimóndez é atribuído un dos escudos que se atopaban na casa de Castrotión, como xa dixemos.


3. M<sup>a</sup> *Antonia Reimóndez Figueroa e Silva*, bautizada en Oca o 20 de xaneiro de 1669 polo abade don Francisco Reimóndez e sendo padriño o seu avó Sebastián e a súa

irmá Ángela María. Foi dotada en 1691 ante Andrés de Nodar (AHP. 1734bis) para casar con *Diego González de Villar*, fillo de Ciprián González, veciño de Sar (Santiago). Ciprián prestoulle a seu consogro unhas cantidades de diñeiro, que logo Diego reclamou a seu sogro, pero este se ben recoñeceu a débeda e pagou, logo demandou a seu xenro (RAG 5741/38).

Foron pais de *Benito González Reimóndez*, que herdou o morgado de Castrotión despois dos seus tíos Sebastián e Ignacio, pois os demais tíos e tías morreran antes e sen sucesión.

4. *Silvestra Reimóndez Figueroa e Silva*, bautizada o 16 de novembro de 1670, Vivía solteira en Castrotión co seu irmán Sebastián. Sen sucesión.
5. *Ignacio Antonio Reimóndez Figueroa e Silva*, bautizado o 6 de febreiro de 1675. Foi avogado e logo cura. O seu tío cura Andrés Reimóndez, ordenado a título de Castrotión, como estaba vello deixoulle o posto en 1725.

Seu pai di no estamento que estivo dez anos co seu tío Francisco Fernández de Silva, de quen herdou unha arca, vestidos, libros e dous becerros.



Escudo de Castrotión. Debuxo de Javier García Gómez.

Preiteou contra seu irmán Sebastián polo morgado e aínda que perdeu, Sebastián nomeouno sucesor seu. Por iso foi patrón do morgado desde 1734, cando morreu Sebastián, ata a súa morte o 10 de maio de 1758. Outorgou testamento ante Pedro Antonio Barreiro, veciño de Camanzo, o 18 de febreiro de 1758 e un codicilo o 16 de abril de dito ano que non firma por estar "*faltoso de vista*" (RAG 13820/1).

6. *Francisca Reimóndez Figueroa e Silva*, bautizada o 1 de agosto de 1677, casou co procurador compostelán das Audiencias Arcebis-pais Manuel López Pacheco, a quen seu cuñado Sebastián deixa como testamentario. Non tiveron descendencia.
7. *Bartolomé Reimóndez Figueroa e Silva*. Veciño de Oca. Sen sucesión
8. *Juan Reimóndez Figueroa e Silva*. Faleceu sen sucesión.

**Sebastián Reimóndez Figueroa e Silva**, que era bastante xordo e, segundo o seu irmán Ignacio, un pouco torpe. Foi por iso que Ignacio, que estaba administrando os bens do morgado, quixo quedar como sucesor, pero Sebastián demandouno e gañou o preito.

Tiña unha criada chamada Francisca Fernández, solteira, da que tivo por filla a *Andrea*, nacida seguramente en S. Martín de Dornelas ou en Gres, que era coñecida pola alcuña de *Andrea Loureiro* (por ter un loureiro á porta da casa) e logo se facía chamar *Andrea Reimóndez*. Cando morreu a súa nai, tiña doce anos e foi acollida na casa de Sebastián onde estivo uns 15 anos ata que casou en Oca o 20 de xullo de 1725 co escribán *Juan Vázquez de Vereá*, veciño de Santiago, fillo de Domingo Vázquez (parroquia de San Miguel) e Rufina Vereá (Sta. M<sup>a</sup> do Camiño), e viúvo de M<sup>a</sup> Antonia Vidal, sendo testemuña o seu tío Ignacio. Tiveron un fillo chamado *Bartolomé*, bautizado en Oca o 21 de abril de 1726. Logo de viúva casou con *Juan Antonio Freire e Andrade*, veciño de San Mamede de Riba-dulla, con quen tivo a *Andrés José*, nacido en Santa Mariña de Ribeira o 6 de marzo de 1735. Cando casou Andrea o cura escribiu que era filla natural de Sebastián, e unha das testemuñas que asinou a escritura foi o seu tío Ignacio. Por iso a partir da morte de seu pai Sebastián, Andrea vai poñer preito para herdar os bens de vínculo, primeiro contra o seu tío



Ignacio e logo, trala morte deste, contra Benito González e os demais pretendentes (RAG 13820/1), pero sen resultado.

Con mais de 70 anos, Sebastián finou o 1 de marzo de 1734 en Oca, sen deixar outros fillos lexítimos ou naturais. No seu testamento (RAG 13820/1) outorgado en Santiago o 5 de xullo de 1730 ante Bartolomé Fandiño pedía ser enterrado na capela de Castrotién e deixaba a seu irmán Ignacio como sucesor e despois deste a seu sobriño *Benito González Reimóndez (que segue)*, fillo da súa irmá Antonia, incluídos os bens de Arnois que lle pertencían pola súa lexítima materna, e que trala morte de Benito debían agregarse aos bens da fundación. E deixa os seus bens mobles e alfaias á súa irmá Silvestra.

**Benito González Reimóndez**, cura de Feás (Aranga) no partido de Betanzos, era fillo de Diego González e de M<sup>a</sup> Antonia Reimóndez, irmá de Bartolomé.

Trala morte de Ignacio Reimóndez en 1758 tivo un preito pola sucesión na fundación de Castrotién que se resolveu no seu favor. E pouco despois, en 1759, Benito demandou contra os bens libres que puidera deixar o seu tío Ignacio por mor dos estragos nos bens de vínculo, imputables á súa mala administración (RAG 23286/65).

Benito faleceu o 28 de marzo de 1773, e iniciouse un novo preito, pois os que optaban á herdanza eran moitos, se ben quen gañou e tomou posesión dos bens do morgado o 18 de decembro de 1776 foi M<sup>a</sup> *Manuela Reimóndez de la Barrera Castrillón* (ou *De la Barrera Reimóndez*, que é como normalmente aparece).

Claro que, como xa vimos, M<sup>a</sup> Manuela lle tiña cedido os dereitos ao morgado á súa irmá Catalina, cando casou con José Neira Infanzón, polo que o morgado pasou a *Catalina de la Barrera*, que xa estaba viúva.

Catalina faleceu sobre 1789 en Santiago. Os gastos do seu enterro foron de 651 reais, distribuídos deste xeito: 77 polo hábito de S. Francisco, 44 pola sepultura na Quintana, 22 do enterrador, 78 de estandarte, cera e outros, 20 de campañina pola rúa, 36 dos mozos que a levaron, 8 da señora que a vestiu, 77 da comunidade de San Agustín e campá, outros 77 da comunidade de San Francisco, 160 dos 24 sacerdotes e 34 reais do sancristán de Sar e campá.

Os fillos de *José Neira Infanzón* e *Catalina de la Barrera Reimóndez* foron:

1. *Bárbara Neira Infanzón*, que morreu pouco despois do seu pai, polo que a súa lexítima, situada nunhas herdades en Batalla (Lagartóns) pasou á súa nai *Catalina*, que a vendeu a *Juan Barcala*.
2. *JUAN ANTONIO NEIRA INFANZÓN* (*que segue*)
3. *Manuela Neira Infanzón*, que casou co avogado da Real Audiencia *Diego Blanco de Salinas*, e foron os pais de M<sup>a</sup> *Manuela Blanco*.

Disputou en 1807 contra seu irmán *Juan* (RAG 12736/32) polo vínculo fundado por *Juan Antonio Sánchez Pulleiro*, pois dicía que seu parente *Manuel Álvarez Reimóndez* llo deixara a ela en testamento. Faleceu viúva o 1 de maio de 1833.

4. *Josefa Manuela Neira Infanzón*. Sobre 1786 a súa tía *Manuela* e a súa nai *Catalina* deixáronlle unhas rendas de 36 ferrados de pan sinalándoas no lugar de *Outeiro (Oca)* ante *Gregorio Salgado*, pero cando o seu irmán *Juan Antonio* posuíu o vínculo demandou a *Josefa Manuela*, ata chegar a unha concordia en 1790 pola que *Juan A.* lle daría 12 ferrados anuais de centeo por razón de alimentos. Porén en 1792 o marido de *Josefa Manuela*, o escribán *Domingo Antonio Piñeiro*, pediu prestados a seu cuñado *José Antonio* 2.310 reais sinalando para o pago ditas rendas. En 1795 sen embargo *Domingo Eusebio* reclamou ante ao tribunal as rendas sen facer mención á débeda. Finalmente fixeron contas e *Domingo Eusebio* para saldar a súa débeda vendeulle a *Juan Antonio* os dereitos á dita renda o 30 de decembro de 1806 ante *Pedro Antonio Bermúdez de Soto* e *Cisneros*. Pouco despois *Josefa* queda viúva e inicia varios preitos (RAG 12721/6, 13728/32) para cobrar esas rendas e dáselles a razón en 1820, aínda que continuaron preiteando ata 1833 pois *Juan Antonio* negábase a pagar.

*Josefa* e o seu marido foron veciños de *Santa Mariña de Ribeira*, sendo os proxenitores de *Josefa Piñeiro Neira*, que se uniu en matrimonio co licenciado *Manuel Abad Saavedra*. *Josefa Piñeiro* tivo un preito contra seu curmán *Juan Ribas*, que pretendía que os bens de *Curantes* fosen declarados bens vinculares. (RAG Preitos civís, 47/3)

5. *Margarita Neira Infanzón*, celibata, vivía coa súa nai en Santiago e logo co seu irmán en Oca.
6. *Josefa Antonia Neira Infanzón*, que casou con Pedro Carballo. Pedro estaba destinado en Cádiz en 1801.

**Juan Antonio Neira Infanzón** naceu o 14 de abril de 1765 e foi bautizado ao día seguinte na parroquia coruñesa de San Xurxo, tendo por padriños a Juan Antonio Ozores, conde de Priegue, e a súa filla primoxénita Juana Ozores Ponce de Leon.

Herdou os bens de vínculo e foi o patrón non só da capela de Castrotión senón tamén da capela de N<sup>a</sup> Sra. da Estrela na colexiata coruñesa, fundada por Manuela Pose Bermúdez de Castro.

Como seu pai faleceu sobre 1770 e seus fillos non estaban de acordo como a súa nai rexentaba os bens da familia, en 1800 Juan Antonio e as súas irmás pediron facer a partilla dos bens paternos. Ao facer as partillas chamouse a Juan Barcala, pois Catalina de la Barrera lle vendera os bens pertencentes á súa filla Bárbara defunta, pero non quixo colaborar polo que houbo un preito. Tamén se veu envolto neste preito os irmáns Otero, fillos de Vicente Otero do *Pazo de A Mota*<sup>15</sup>, pois este comprara a Juan Antonio uns ben que non eran vinculares en Curantes, e que logo intercambiara con José Recarei, da casa da Nugalla. A disputa continuouna xudicialmente o seu fillo en 1863. (RAG 5979/44)

En 1801 Juan Antonio preiteou co seu veciño Julian Vilar sobre serventía dun camiño do prado da Besada e uso das augas.

Juan mercou en Loimil un anaco de brañal en monte aberto dun dez ou once ferrados de extensión por 1077 reais, co obxecto de construír unha *telleira*, e que fixo a principios de 1820. Pouco despois tivo problemas con algúns veciños que se opoñían.

Juan casou o 16 de decembro de 1784 con *Rosa Otero do Couto*, filla de Alonso e María Antonia, e viviron en Piñeiro. Rosa faleceu de accidente o 24 de decembro de 1841 e Juan, que outorgou testamento ante Manuel Vázquez Taboada, escribán de Ponteulla, foi sepultado o 13 de xaneiro de 1842.

15 BÉRTOLO BALLESTEROS, J.M., "Pazo da Mota", *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 2012.

Deles descenderon:

1. *Josefa Andrea de Neira Otero*, nacida en Oca 22 de setembro de 1785, celebrou os seus esponsais o 4 de xaneiro de 1813 con *Manuel Freire Romero*, fillo de Manuel e de Josefa, veciños de Santiago (parroquia de Salomé). En Oca bautizaron a seu fillo *Manuel Freire Neira* o 3 de setembro de 1815.

Josefa, estando viúva de Manuel, foi sepultada o 4 de xullo de 1836 sen outorgar testamento xa que di o cura que "*nada deja dispuesto ni tenia de que*".

2. CLARA MARGARITA NEIRA OTERO, (*que segue*)

**Clara Margarita Neira Otero**, bautizada o 12 de agosto de 1795, tivo por padriño ao cura de San Miguel de Castro D. Andrés Canicova. Foi dotada ante Francisco José Piñeiro o 28 de decembro de 1812 con 3.000 ducados "*se era filla de bendición*" (é dicir, se se portaba ben cos pais) para casar con *Carlos Rivas Ogando*, fillo de Pedro Rivas da Lama e de Rosa Ogando Ribera e Cadavid<sup>16</sup>, veciño de Beariz, e casaron o 29 de setembro de 1815.

Viviron en Oca na casa petrucia uns meses pero logo Carlos puxo preito contra seu sogro para cobrar o dote (RAG 23943/37). Así o 7 de decembro de 1816 chegaron a unha concordia ante Antonio José Suárez pola que revocaban a primeira escritura e subscribían unha cláusula pola que os 3.000 ducados llelos darían a partir da morte de Juan Antonio Neira en oito prazos anuais, e de momento se lles daba 100 ferrados de pan de renda anual e o usufruto de seis ferrados de terra, pero coa obriga de saíren da casa paterna. E así o fixeron e foron para Arnois e logo para Oca, levando con eles en metálico a parte dos froitos que lles correspondía. Juan Antonio tamén lle fixo doazón dunhas herdades que recibira en pago dunha débeda poñendo a escritura en cabeza de Carlos como se fose comprada por el.

Pero como os veciños de Oca tratasen de "*comprender a D. Carlos en la contribución de bagajes y a la mujer en la lactancia de expósitos se vinieron a abrigar a mi asilo y de caridad consentí viniesen para mi casa y lo han hecho en marzo del 18 sin que trajesen*" cousa

16 BÉRTOLO BALLESTEROS, J.M. "Casas fidalgas do concello de Forcarei", *Rev. Metacios*, 2012.

algunha, excepto algúns mobles. Pero a pesar de tais dádivas “*se han hecho marido y mujer a lo soberbio, procurando que yo le cediese la administración de todos mis efectos, de aqui que se originaron varias discordias en terminos tales que se dieron a la holgazanería sin querer trabajar y dexarse estar en la cama desde media noche hasta medio día y desde esta hora hasta la noche siguiente*” mentres Juan Antonio e os criados se ocupan de traballar de atender aos nenos e Carlos e Margarita se facían amos e trataban aos pais como criados, ata que un día chegaron a pelexar. Ante isto D. Juan acudiu ao xuíz pero este non fixo caso e xunto co escribán local coaccionárono para asinar un convenio que non firmou. A cousa foi a peor e a filla pretendeu afogar á nai e o xenro deulle de labazadas e arrastrou polos pelos ao sogro cando este pretendeu axudar á súa muller, Menos mal que apareceron uns criados. Carlos entón, que dicía que eran disensións domésticas, aceptou marchar da casa sempre que se lle asegurase o pago dos cen ferrados de renda e se lle devolvesen todos os bens que aportou á casa, que segundo el eran moitos. E así continuou ata chegar a 1831 en que D. Carlos se retirou do preito e aceptou devolver o cobrado indebidamente.

Margarita faleceu o 7 de xaneiro de 1834 sen facer disposición e Carlos que, como “*estaba miserable, solo se le pudo administrar la santa extremaunción*”, foi enterrado o 27 de xaneiro de 1855.

Foron os pais de:

1. JUAN MARÍA RIVAS NEIRA (*que segue*)
2. *María Rivas Neira*, que casou o 22 de marzo de 1841 con *José Lorenzo Canicoba*, fillo natural de *Andrea Canicoba*, veciña de San Miguel de Castro. Pais de:
  - a. *M<sup>a</sup> del Carmen Canicoba Rivas*, bautizada o 13 de abril de 1841.
  - b. *Ramón Juan Andrés Canicoba*, bautizado o 16 de xaneiro de 1843.
  - c. *M<sup>a</sup> Andrea Canicoba Rivas*, bautizada 11 de maio e 1845.
  - d. *Andrés María Canicoba Rivas*, bautizado o 26 de febreiro de 1848.
  - e. *Rita Margarita Canicoba*, bautizada o 26 de decembro de 1850.
3. *Juana Rivas Neira*, bautizada o 15 de febreiro de 1818.
4. *Pedro Rivas*, nacido o 21 de outubro de 1819 e faleceu o 22 de setembro do ano seguinte.

5. *Manuela Josefa Rivas*, bautizada o 26 de decembro de 1820. Casou o 31 de xullo de 1844 con *Antonio Pereira de la Torre*, fillo Juan e María, veciños de Orazo.
6. *Engracia Rivas*, viviu desde o 30 de outubro de 1822 até o 19 de setembro de 1823.
7. *Josefa Rivas*, bautizada o 29 de abril de 1826. Casou o 25 de decembro de 1844 con *Antonio Requejo da Pena*, fillo de Domingo Antonio e Andrea, veciños de Cervaña. Velaron o 1 de febreiro de 1845.
8. *Jacinto Pascasio Rivas Neira*, bautizado o 23 de febreiro de 1828.
9. *Rosa Juana Rivas Neira*, bautizado o de agosto de 1829.
10. *Antonia Rivas Neira*. Casou con *Jacobo Froilán Domínguez Pena*, veciño de Cervaña, fillo de José Domingo e María. Pais de *Manuel*, bautizado o 15 de decembro de 1851, e de *Juan Manuel*, bautizado o 6 de marzo de 1849.
11. M<sup>a</sup> *de la Estrella Rivas Neira*, bautizada o 29 de outubro de 1831. Casou con *Manuel Batallán Brey*, natural e veciño de Sta. M<sup>a</sup> Madalena de Ulla, pero separouse del e tivo dúas fillas adulterinas:
  - a. M<sup>a</sup> *Generosa Batallán Rivas*, bautizada o 5 de xuño de 1864
  - b. *Joaquina Josefa Batallán Rivas*, bautizada o 16 de abril de 1867.

**Juan María Rivas Neira**, nacido o 7 e bautizado o 8 de setembro de 1816, quen en 1863 iniciou un preito polas as herdades de Pousada en Curantes, que dicía eran vinculares. A orixe desta disputa comeza en 1719 e xa orixinara diversos preitos dos que se fai relación neste preito (RAG Preitos Civís 47/3), pero sae en contra dos intereses de Juan María e ten que pagar 2.611 reais das costas.

Casou en Asturias con *Gabina Puente García*. Juan faleceu aos case 48 anos o 8 de maio de 1865, mentres que a súa muller faleceu o 9 de novembro de 1889.

Neste tempo desapareceron por decreto os morgados e os foros fóronse redimindo, polo que a situación económica da familia chegou a ser moi mala, xa que en novembro de 1849 unhas 252 das súas propiedades foron adxudicadas en venda xudicial a Ramón María Cobián por 10.100 reais (AHP Protoc. Francisco de Oca).

Logo este vendeullas a Ramón María Otero, do pazo de A Mota, quen en 1856 llas vendeu a seu irmán Francisco por 33.673 reais (AHP Protoc. José Ribadavia). Ante esta situación precaria varios dos seus descendentes emigraron á América.

Foron pais de:

1. *Generosa Rivas Puente* casou o 30 de maio de 1868 con *Francisco Araújo Batallán*, fillo de Juan e M<sup>a</sup> Juana, veciños de Sta. M<sup>a</sup> Madalena de Ponteulla. Viviron no lugar de Piñeiro. A súa prole foi bastante numerosa:
  - a. M<sup>a</sup> *del Pilar Concepción Ángela*, bautizada o 2 de abril de 1871.
  - b. M<sup>a</sup> *del Pilar Araújo Rivas*, bautizada o 20 de xullo de 1872.
  - c. *Manuel Araújo Rivas*, bautizado o 7 de xullo de 1876. Morreu na Habana.
  - d. *Fidel M<sup>a</sup> Araújo Rivas*, bautizado o 15 de marzo de 1879.
  - e. *María*, bautizada o 28 de febreiro de 1881. Ao lado do apuntamento hai unha nota que di: “no existe ni existió esta niña”.
  - f. *Ana M<sup>a</sup> Araújo Rivas*, bautizada o 19 de novembro de 1882, casou na parroquia compostelá de San Xoán o 1 de decembro de 1913 con *Joaquín José Reimóndez Maceira*, fillo de Timoteo e Juana, naturais e veciños de Oca.
  - g. M<sup>a</sup> *Aurora Araújo Rivas*, bautizada o 5 de marzo de 1884.
  - h. *Emilia Araújo Rivas*, bautizada o 5 de maio de 1886.
  - i. *Juan Araújo Rivas*, bautizado o 26 de febreiro de 1889.
2. *Socorro Rivas Puente*. Casou o 20 de setembro de 1873 con *Serafín Gómez Maceira*, fillo de José e Manuela, veciños de Arnois. Viviron en Piñeiro e foron pais de:
  - a. *Generosa Bernarda Gómez Rivas*, bautizada o 20 de agosto de 1874 tendo por madriña á súa tía Generosa Rivas. Casou o 16 de setembro de 1893 con *José Pereiras Isla*, fillo de Juan Pereiras Barcala e Juana Isla Servide, vivindo no lugar de Piñeiro, e foron pais de:
    - M<sup>a</sup> *de la Merced Pereiras Gómez*, bautizada 3 de maio de 1894.
    - *Víctor Pereiras Gómez*, bautizado 16 de xuño de 1898.
    - *Concepción Pereiras*, bautizada o 17 de febreiro de 1900.
    - *José Pereiras Gómez*, bautizado o 7 de xullo de 1902. Casou en Bos Aires o 28 de novembro de 1966 con Ana Cervantes.
    - *Leonor Pereiras Gómez*, bautizada o 29 de novembro de 1910.

- b. *Jesús Ramón José Gómez Rivas*, bautizado o 5 de marzo de 1876
- c. *José María Generoso Gómez Rivas*, bautizado o 15 de maio de 1882
- d. *Serafín Gómez Rivas*, bautizado o 7 de xullo de 1886.
- e. M<sup>a</sup> *Luisa*, bautizada o 25 de agosto de 1888. Casou o 2 de febreiro de 1902, con fulano Moure vivindo no lugar de Plaza. Tiveron por fillos a:
  - *Benilda Moure Gómez*, bautizada o 15 de xuño de 1910 e falecida o 31 de maio de 1915.
  - M<sup>a</sup> *de la Concepción Moure Gómez*, bautizada o 8 de decembro de 1914 e falecida o 27 de xullo de 1918.
- f. M<sup>a</sup> *Dolores Gómez Rivas*, bautizada o 20 de outubro de 1973 e falecida o 14 de marzo de 1991.
- g. *Carmen Gómez Rivas*, que casou con *Eduardo Míguez*, vivindo no lugar de Plaza, e foron pais de:
  - *Ramón Míguez Gómez*, bautizado o 6 de xuño de 1916.

### Apéndice: xenealoxía de D. Manuel Reimóndez Portela

Reimóndez é un apelido patronímico que deriva do nome propio xermánico "*Ragin-mund*", latinizado *Ragimundus*, de *ragin* 'consello' e *mund* (munths) 'protección', "axuda". De aquí Reimão, Remonde, Reimonde"<sup>17</sup>. Tamén se rexistra en Francia: Raymond, Reymond. Logo transformouse en apelido coa terminación *-ez*, co senso de "fillo de", que se estende rapidamente. Temos exemplos xa desde o século XI con "Froyla Reimundez" en *Historia de Santiago* (III,7). Dito apelido é frecuente na contorna de A Estrada aínda que non teña que ver coa familia "Reimóndez Figueroa".

En San Miguel de Castro vive a comezos do século XVIII **Esteban Reimóndez**, natural da xurisdición de Veá, que non ten tratamento de "don" pois non pertence a unha familia fidalga.

Dito Esteban Reimóndez casou con *Francisca Caxaraville*, e foron veciños do lugar da Cova en San Miguel de Castro. Faleceu Esteban sen outorgar testamento o 23 de decembro de 1752. Foron os pais de:

17 RIVAS QUINTAS, E. Onomástica persoal do noroeste hispano, Ed. Alvarellos.





Manuel Reimóndez Portela coa súa muller e fillos.

1. *Benito Reimóndez Caxaraville*, bautizado o 18 de xuño de 1722, tendo por padriños a Jacobo Otero e a Ángela Reimóndez.
2. *Juan Gregorio Reimóndez Caxaraville*, bautizado o 14 de marzo de 1725.
3. *Andrea Reimóndez Caxaraville*, bautizada o 25 de outubro de 1730.
4. FRANCISCO REIMÓNDEZ CAXARAVILLE (*que segue*)
5. *Josefa Reimóndez Caxaraville*, bautizada o 27 de xullo de 1737.

**Francisco Reimóndez Caxaraville**, nacido en San Miguel de Castro o 24 de outubro de 1733, tivo por padriño ao presbítero Jacinto Ponte. Celebrou o seu matrimonio o 22 de novembro de 1751 con *Josefa Mareque Arias*, filla de Gonzalo e Francisca. Faleceu Francisco sen facer testamento o 10 de agosto de 1775. Tiveron por fillos a:

1. *Antonino Gonzalo*, que recibiu o bautismo o 3 de setembro de 1752. Foi presbítero e faleceu o 27 de maio de 1780.
2. *José Ramón Francisco del Sacramento*, bautizado o 6 de xullo de 1756.
3. PEDRO (*que segue*)

*Pedro Reimóndez Mareque*, recibiu as augas bautismais o 18 de marzo de 1759 e uniuse en matrimonio con *Andrea Louzao*, vivindo en S. Miguel de Castro. Xeraron a:

1. *Teresa Juana Reimóndez Louzao*, bautizada o 6 de abril de 1800.
2. *Juana Reimóndez Louzao*, bautizada o 6 de agosto de 1804.
3. LORENZO REIMÓNDEZ LOUZA O (que segue)
4. *Josefa Antonia Reimóndez Louzao*, bautizada o 18 de abril de 1810.

**Lorenzo Reimóndez Louzao**, nacido o 21 de outubro de 1806, celebrou os esponsais con *María Batallán Veloso*, filla de Josefa Veloso e pai incógnito, sendo ambos labregos e veciños de San Miguel de Castro. Foron os pais de:

1. M<sup>a</sup> *Juana Reimóndez Batallán*, bautizado o 15 de maio de 1836.
2. *Pedro Juan Fernando Reimóndez Batallán*, veu a luz o 30 de maio de 1840.
3. *Manuel Juan*, nacido o 15 de decembro de 1843, finou o 10 de maio de 1844.
4. MANUEL MARÍA REIMÓNDEZ BATALLÁN (que segue)

**Manuel Reimóndez Batallán**, nacido en 1845, viviu en San Miguel de Castro e era labrego. Casou na igrexa parroquial de St<sup>a</sup>. Eulalia de Cira o 11 de decembro de 1875 con *Manuela Rey Pereiras*, filla de Juan Rey Granja e de Francisca Pereiras Miranda (ou Rendo), labregos e veciños de Cira, e ela natural de Orazo. En San Miguel de Castro tiveron por fillos a:

1. *José María Reimóndez Rey*, bautizado o 21 de novembro de 1876
2. *María Dolores Reimóndez Rey*, nacido o 31 de xullo de 1878.
3. *María Ramona Reimóndez Rey*, nacido o 26 de agosto de 1880. Casou e viviu en Oca. Morreu o 27 de febreiro de 1961.
4. *Gumersindo Reimóndez Rey*, bautizado o 9 de xullo de 1882.
5. *Ramón Reimondez Rey*, nacido o 29 de agosto de 1884. Casou con *Carmen Brey Liste*, labradora, natural e veciña de Castro, nacida sobre 1896, filla de José Brey Fernández, natural de Castro, e de Justa Liste Villanueva, natural de San Pedro de Orazo. Faleceu o 28 de outubro de 1955. Tiveron dous fillos: *Manuel* e *Josefa*.
6. MAXIMINO MANUEL REIMÓNDEZ REY, (que segue)

7. *Marcelino Manuel Reimóndez Rey*, nacido o 1 de agosto de 1889, uniuse en matrimonio o 14 de outubro de 1917 con Mercedes Brey Liste, nacida en 1900 e irmá da súa cuñada Carmen. Morreu en San Miguel de Castro o 16 de novembro de 1976.
8. *Manuel Juan Reimóndez Rey*, nacido o 15 de mayo de 1891. Faleceu de neno o 25 de decembre de 1892.
9. *Dolores Reimóndez Rey*, nacida o 18 de abril de 1893 no lugar de Prado.

**Maximino Manuel Reimóndez Rey**, que naceu en Castro o 15 de setembro de 1886 e casou con *María del Carmen Portela Silva*, que naceu o 18 de febreiro de 1894 no lugar de Prado. Morreron no seu domicilio de Castro ela o 12 de xullo de 1966 e el pouco despois, o 17 de abril de 1967.

M<sup>a</sup> Carmen era filla de *Manuel Portela Brey*, natural de Loimil, e de *Manuela Silva Batallán*, veciña de Castro; neta por vía paterna de Ramón Portela Ferreiro e de María Brey Mareque, e por vía materna de Manuel Silva e de María Batallán Rodríguez, veciños de Castro. Xeraron a:

1. MANUEL REIMÓNDEZ PORTELA (*que segue*)
2. *Lisardo Marcelino Manuel Reimóndez Portela*, nacido en Prado da parroquia de Castro o 15 de setembro de 1919 (no Rexistro Civil aparece só como Lisardo). Licenciado en dereito.
3. *Adolfo Reimóndez Portela* naceu o 20 de agosto de 1925. Médico.
4. M<sup>a</sup> *del Carmen Reimóndez Portela*, que naceu en Prado o 24 de setembro de 1934. Mestra.

**Manuel Reimóndez Portela**, naceu en Prado o 28 de marzo de 1916. Foi médico colexiado n<sup>o</sup> 653. Casou aos vinte e nove anos o 1 de setembro de 1945 na igrexa de Codeso (Boqueixón) con *María Victoria Fernández de la Torre*, de profesión mestra nacional. El morreu o 20 de xullo de 1994 e ela o 3 de novembro de 2009.

M<sup>a</sup> Victoria era filla de *Manuel Fernández Méndez*, mestre, xuíz de paz e notario eclesiástico, natural de San Verísimo de Foxás (Touro) e de *Mercedes de la Torre Ballesteros*, nacida o 4 de xullo de 1881 no lugar de Ardesende en Codeso (Boqueixón). E neta por liña paterna


de *Benito Fernández González* natural de Maside (Ourense) e de *Carmen Méndez Montero*, e por liña materna de *Andrés de la Torre Moscoso*, natural e veciño de Engas, de profesión agrimensor, e de *Juana Ballesteros Gil*<sup>18</sup>, natural de Codeso.

Manuel e M<sup>a</sup> Victoria tiveron a:

1. *Manuel Ángel Reimóndez Fernández*, que naceu o 24 de agosto de 1946 e foi médico como seu pai. Uniuse en matrimonio o 15 de setembro de 1973 en Arnois con *María del Carmen Paterna Salomé Frey Pazos*, mestra, nacida o 5 de novembro de 1950 en Arnois (A Estrada), filla de Adolfo Frey Canicoba e de Dolores Pazos Puente. Manuel morreu o 25 de agosto de 1979, e María del Carmen o 11 de xaneiro de 2003. Os seus fillos foron:
  - a. *Sandra María Reimóndez Frey*, técnica superior de comercialización e informática turística, veu a luz o 5 de xullo de 1974 na parroquia de Castro. Celebrou os esponsais o 14 de agosto de 2004 con *Óscar Luís Heredia Ferro*, fillo de Luís e de Jesusa Carmen, nacido en Santiago de Compostela o 4 de outubro de 1971.
  - b. *Manuel Ángel Reimóndez Frey*, veu a este mundo o 8 de marzo de 1980 no lugar de Castro.
2. *M<sup>a</sup> Victoria Mercedes Reimóndez Fernández*, profesora de inglés, naceu o 5 de xaneiro de 1949 e faleceu o 15 de xuño de 2009.
3. *José Luís Reimóndez Fernández*, nacido o 24 de febreiro de 1951, casou o 14 de xuño de 1980 con *María Enriqueta Sanmartín Carbón*, licenciada en dereito, nacida o 3 de xuño de 1955 en A Estrada, filla de Ildefonso e de María Rosario. Os seus fillos son:
  - a. *Enrique Luís Reimóndez Sanmartín*, licenciado en ciencias físicas e técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados, naceu o 29 de marzo de 1982.
  - b. *María Victoria Reimóndez Sanmartín*, enfermeira e traballadora social, naceu o 24 de marzo de 1985. Casou o 9 de agosto de 2014 con *David Gigirey Caramelo*, técnico superior en automoción e administración de sistemas informáticos, fillo de Gumersindo e Rosa, nacido en Santiago de Compostela o 10 de maio de 1984.

18 Filla de Alejandro Ballesteros Baamonde e de Josefa Gil Otero, veciños que foron de Codeso e donos do pazo de Ribela (A Estrada). Dito Alejandro era irmán de Manuel, dono do pazo de Monteagudo en Codeseda.

# Árbore xenealóxica







## As viaxes do dirixible *Graf Zeppelin* polo ceo da Ulla

Henrique Neira Pereira

[www.neira.es](http://www.neira.es)

**Resumo.** Polas noticias que achega a prensa da época sabemos que o dirixible alemán Graf Zeppelin viaxou por Galicia entre 1928 e 1937. Foi visto cando menos cinco veces desde Vilagarcía de Arousa, e polo menos dúas pola comarca da Ulla, en 1932 e 1935. Tivemos a oportunidade de falar con persoas que o viron no 1935 desde distintos puntos do Val do Ulla e neste texto quixemos resumir o seu testemuño e recuperar o recorde deste medio de transporte.

**Abstract.** Because of news in the period press, we know the German airship Graf Zeppelin travelled to Galicia between 1928 and 1937. It was seen at least five times from Vilagarcía de Arousa, and at least two times around Ulla region in 1932 and 1935. We had the opportunity to talk to people who saw it in 1935 from different points in Ulla Valley and in this text we wanted to summarize their testimony and recall this means of transport.

Tamén foi á ponte de Veá que no 1809 os veciños lle destruíron un dos ollos co fin de cortarlle o paso ás tropas francesas e que non foi reparado até 1822. Parece idéntico proceder ao que se levou a cabo noutra ponte senlleira: a de Sarandón. A súa estrutura actual data de 1925, aínda que houbo unha románica tamén de seis arcos que estaba en pé no ano 1180. Despois, entre 1608 e 1610, acomezouse nela unha notable obra dirixida polo mestre Bieito González Araúxo que debeu perdurar até 1708, cando unha enchenta destruíu as pontes de Ulla e Sarandón.

Neste lapso de anos nos que as grandes pontes permanecían inutilizadas incrementouse o uso de barcas para cruzar o río. Foran un medio que sempre existira e perdurou aínda moito tempo: no 1923 Pedro Varela Castro todavía as menciona na zona de Veá rexidas pola familia Cora. Eran imprescindibles en partes do Ulla como a Ribeira de Berres (na sesión de 27 de xullo de 1839 o concello concedeu autorización a unha delas) para chegar ás feiras de Santiago, Lestedo ou Sarandón co gando e cos carros con mercadorías.

E parece que este servizo de barcas estivo, do mesmo xeito que as pontes e as fortalezas, controlado polas oligarquías locais (o Cabido de Compostela, o Concello ou mesmo particulares) que sacaban bo proveito del e do uso das vías de comunicación en xeral (*mutatis mutandis*, tal que hoxe en día): consta que no XVIII a Xustiza e Rexemento da cidade de Santiago concedía en arrendamento o servizo de barcas da súa zona de influencia a particulares (en Arnois no 1752, por exemplo, outorgoulle un permiso a André de Souto, que debía pagar por el 1641 reais cada ano). Sabemos incluso as tarefas vixentes na segunda metade do XVIII:

“dous maravedís por persoa, catro por cada cabalería en baleiro, seis cargada, dezaseis por cada carro de bois baleiro e o dobre cargado”.

E os prezos duplicábanse na tempada outono-inverno a partir de setembro. Teñamos en conta que desde 1708 até 1741 as pontes de Sarandón e da Ulla encontrábanse deterioradas até o extremo de

non se poder usar, ocasionando periodos de carestías puntuais en Santiago. Nesta última data adxudicáronse as obras de reparación a Lucas Caaveiro e a Pedro de Outeiro.

Ademais, seguindo o chamado Camiño Real ou Camiño Francés que pasa pola Pica en dirección aos lugares de Baltar e Vilar de Santa Mariña de Ribeira (e que transita por riba doutra magnífica ponte medieval dun único arco, entre Moreira e Lagartóns) e chega ao denominado lugar do Poio da Barca de Sarandón, arribamos a unha das prebendas económicas da relevante familia dos Outeiro de Riobó, á que debeu de fornecer de pingües ganancias: en maio de 1839 o Capitán Xeral da Rexión concedeu o uso dunha das barcas do Poio a don Manuel Outeiro e en xaneiro do 1855 parece que don Manuel e don Hipólito Outeiro detentaban a propiedade de dúas destas embarcacións.

E de forma indirecta sacaron proveito tamén doutros negocios vencellados a elas; porque non debemos esquecer dentro das funcións das pontes a lúdica: se nelas se xuntaba a xente para achegarse ás feiras é lóxico que houbera onde beber, comer e/ou mesmo durmir (de feito no 24 de marzo de 1688 xa aparece no rexistro de defuncións de Santa Mariña de Ribeira o acto fúnebre polo marido “*de Dorotea, taberneira da Ponte Sarandón*”). E a familia dos Outeiro rexentaba cando menos desde o século XVIII a chamada “*venta da Barca*”: no 1770 tivo lugar un preito entre o reitor de Ribeira (o ovetense don Bernardo Antón Cuervo Arango) e varios veciños en relación á edificación da nova igrexa parroquial. Por el sabemos de certa resistencia da xente á hora de facer os carretos de barro, area, madeira e outros materiais para proseguir ca construción do templo. Entre os contumaces a esas labores figuraba Domingos Álvarez, quen alegou a imposibilidade de facelo debido a que tiña moita terra por labrar e debía vender viño, pois era taberneiro e xornaleiro de don Xoán de Outeiro, ao que lle debía máis de 7000 reais e para o que despachaba “*na taberna de xunto á barca*” (ou “*venta da Barca*”).

Como anotamos antes, as pontes, ideadas como obxectos de uso e propiedade comunitaria e pública, foron (desde antes que Roma comenzase a colocar nelas altares adicados aos deuses dos camiños que o Cristianismo transmutou en capelas) impregnándose de cren-

zas e símbolos que perviviron até fai poucas décadas na cultura popular. Son varias as do noso concello que levan o apelido “do Unxido”, aínda que a que porta esta denominación con máis propiedade é a que pasa por riba do regueiro dos Bertousos (tamén chamado de Lagos logo do seu tránsito por ese lugar da parroquia de San Miguel de Castro) e que penetra en San Xiao de Arnois preto da Tenencia da Veiga, cruzando a estrada nacional 525.

Parece que esta cerimonia do unxido –que tiña por templo pagán a ponte– consistía nun bautismo prenatal mediante o que as mulleres con embarazos que hoxe denominaríamos de risco pregábanlle á primeira persoa que pasase pola ponte que lles enxemprase ao fillo nonnato que agardaban. O viandante –que por elemental cortesía debía aceptar– collía auga do río e salpicáballe á muller ao tempo que pronunciaba parte do ritual do bautismo cristián; e o factor primordial que outorgaba ás augas dese lugar as propiedades apotropáicas do embarazo consistía no tránsito das mesmas polos rodicios do cabalístico número de sete muíños.

Tal práctica foi prohibida expresamente pola Igrexa en 1747 mediante as disposicións do sínodo do arcebispo Caetano Xil Taboada; mais semella que seguía a executarse até o pasado século XX: preto da igrexa de Santo André da Somoza e do muíño chamado da Picota consérvase –en exceso remodelada por unha actuación fóra de lugar das que conviría evitar repeticións– outra pontella na que tiñan lugar esta caste de bautismos.

Levamos xa varias páxinas con unicamente breves anotacións referidas a media ducia de pontes: excedería os límites deste volume completar un estudo que merecese tal nome de toda a riqueza artística e histórica que se agocha nas nosas cincuenta e unha parroquias en forma de pontillóns, pasos, pontellas e outras manifestacións similares.

Mais non sería xusto deixar de referirse, aínda tanxencialmente, a outras encantadoras paraxes do no noso redor nas que existen pontes relevantes. Na zona das Veas e das Barcalas son numerosas as que deberíamos mencionar: a do lugar de Vilacriste en Cora, a de Carbia, os pontillóns de Sieiro... . Algunhas mesmo semellan “reedicións” de vellos éxitos ou copias en cemento Portland de paradigmas



Pontella de cemento na parroquia de San Miguel de Cora, sobre o río Vea.

medievais coma os que vimos de tratar liñas arriba: velaí senón sobre o río Vea a existente en Cora preto de Fontenlo.

As parroquias de maior tamaño (como Codeseda, Souto ou Arca) contan por lóxica cun número máis elevado destas construcións: en Arca as pontes de Nodar, da Paradola (cun cuarto de milleiro de outonos sobre as súas lousas, elaborada comunalmente polos veciños de ambas beiras do río Umia) e a adintelada do Portón.

Espallábanse sobre os regueiros as de Moimenta, Feal, a chamada Pontiña, a da Agudela, a de Maceiriña, a de Moimenta... das que hoxe pouco ou nada queda para amosarlles ás xeneracións vindeiras do videoxogo *on line*.

En Codeseda a ponte da Pedra sobre o Umia formaba parte do Camiño Real antigo que viña da Terra de Montes á Estrada e onde existían desde o século XVII puxantes muíños: en varios expedientes destas datas figuran –por exemplo–

“unha casa con dous muíños no río nomeado ponte da Pedra e xunto á mesma ponte, ben arreados, que pola súa situación traballan todo o ano incesantemente”.





Ponte do Portón en San Miguel de Arca.



Ponte da Paradola en San Miguel de Arca.



Pasos entre os muíños do Ferreiro e Novo, en san Xurxo de Codeseda.



Ponte medieval das Quintas en San Xurxo de Codeseda.



Ponte medieval e muíño das Quintas en San Xurxo de Codeseda.



Muíño baixo a ponte de Barro en San Xurxo de Codeseda.

Tamén conta a parroquia umiá cos pontillóns de Abragán, Campos, Devesiña... aínda que sobre todos destacan (para o noso parcial parecer e por puro sentimentalismo) a ponte medieval do río das Quintas, a de Barro e a de Fragoso. Porque non hai que esquecer valores adxuntos e de difícil cuantificación, coma os paisaxísticos: que prezo ou custo económico se pode asociar a un paseo de outono polo entorno da ponte de Fragoso co seu idílico elenco de muíños (dos poucos aínda con capacidade de moer) e a modesta eira de hórreos do lugar (distante da grandiosidade da da Ermida en Santa Baia de Castro, mais non exenta de encanto)?

Outras pontes como a de Baliñas parecen pensadas en servizo dos doentes: en Callobre, nas inmediacións da ponte do Viso, aproveitando o nacemento de augas medicinais. Hoxe está en ruínas pero dela óllanse aínda os perpiaños de arranque do arco.

Interesante categoría de pontes fórmans as que se utilizaron para transportar auga ademais de facilitar o tránsito de persoas, conxugando as tipoloxías de viaducto e acueducto. Temos exemplos sobre o Umia e sobre o Liñares:

O Liñares contaba abaixo da ponte do Calvelo (hoxe desaparecida) cunha curiosa estrutura para paso de auga e persoas sobre o barranco de Pina da que perduran restos que merecerían por dereito propio formar parte do patrimonio histórico dos estradenses. Este río foi motor da electrificación da vila, que contou con luz pública desde 1900 grazas á central instalada nel por Camilo Pardo. Todo o complexo é digno de visita, e estivo baseado na máis antiga presa de Pina: no 1709 o cura Adrián Rodrigo de Leis e varios veciños chegaron a un acordo para a súa construción co mestre canteiro de San Tomé de Quireza don Francisco Escudeiro

“abaixo do muíño de Trasmonte chamado de Salgueiro, pola cantidade de trescentos ducados de vélaro, dezaseis fanegas de pan, catro moios de viño e ademais poñer homes de traballo até rematar a obra de facer a e arranxar en forma a dita presa de auga até traela arriba da casa reitoral por todo o monte entre penedas e precipicios”.

Mais no canto de proceder á súa protección e coidado mediante os instrumentos necesarios, o mentado río e presa foron obxecto de novos aproveitamentos industriais recentemente, en detrimento da



Viaducto do barranco de Pina sobre o río Liñares.



Viaducto e acueducto da presa de Leira sobre o río Umia.

comunidade tradicional de regantes e nun momento no que as necesidades de produción eléctrica non eran tan apremiantes como para estragar o noso patrimonio natural e histórico.

E do Umia, entre as parroquias de Rivela e Codeseda, dérvase a presa de Leira que discorre fertilizando terras e movendo rodicios de muíños que foron desa importante familia que lle deu nome: a auga e a xente pasaban por unha ponte-acueducto erguida sobre un arco de medio punto en paraxe imbuída dos espíritos e lendas dos mouros e que berra por unha prospección arqueolóxica de calado. E chegando á parroquia de Parada temos a chamada ponte de Rivela, que comunica con Liripio, e o que queda da ponte do Cura... .

Entre as parroquias de Tabeirós e Guimarei, a ponte de Xerliz, pola que pasa o Camiño Real cara á vila, a da Algalia como antes-la da esquecida casa grande dese nome, a do Zarabeto, a da Torre, a da Pinguela, etc.

En San Xurxo de Cereixo (sé do primeiro concello moderno da vila) a ponte de Pernaviva sobre o Pego Negro (de curioso nome que fai pensar na posible presenza alí doutra picota), a de Mollarrabo e a de Cereixo (sobre o regato da Fervenza desde 1840). E como non mencionar a ponte do Santo xunto á igrexa, antigo paso para Calobre.

A modo de epílogo desta breve introdución e con vistas á preparación dun estudo máis pormenorizado que debería contemplar unha colaboración multidisciplinar da Historia, a Arqueoloxía, a Arquitectura, a Arquivística, a Epigrafía, a Xeografía... consideramos que resulta imperativa unha catalogación ou inventariado das pontes, pontellas, pasais, pontillóns, pasos, portos<sup>1</sup> e outras vías similares que forman parte do acervo histórico e cultural do noso pobo. Paso previo sería definir e conceptuar as diversas tipoloxías presentes (no caso das pontes, por exemplo, se son adinteladas, dun ou máis arcos, de falso arco...), analizar de modo sistemático as súas fábricas con vistas á súa datación aproximada e, posteriormente, crear un ficheiro que conteña as coordenadas, medidas, datos históricos suliñables e imaxes de cada unha desas manifestacións en pre-

1 Os portos, moi presentes na microtoponimia, serían enlastrados realizados en ríos de pouco andar para evitar que os carros ou/e o gando afondasen na lama ou na area do fondo.



Pontella en Figueiroa, preto do casco urbano da Estrada.



visión das futuras reparacións (que serán irremediabes co devalar do tempo), reconstrucións e actuacións que sexan necesarias para mantelas cando menos nun estado de decrepitude controlada que non deturpe a súa antigüidade e esenza nin ofrezca perigo aos viandantes: non olvidemos que son obras que lles confiren aos lugares novos valores paisaxísticos.

Noutras palabras: saber o que hai, onde e como está. Actuación que cumpriría efectuar tamén con outros tipos de bens inmobles que forman parte do noso patrimonio etnográfico e da nosa historia: velaí o caso dos muíños de río, dos que temos posiblemente a maior concentración do mundo e apenas contamos deles cunha someira catalogación (non por incompleta menos meritosa) de X. López Pampín.

Sería un bo paso previo para ter en conta ante posibles aproveitamentos ecosostibbles do –aínda– privilexiado medio natural e forestal no que se manifestan as pontes, que vaia máis alá da mera explotación madeireira para subprodutos de pasta de papel ou de leña para calefacción e que podería pasar polo establecemento de rutas, o exercicio de actividades deportivas ou artísticas que graviten en torno a eses fenómenos, o desenvolvemento de ramificacións do turismo do Camiño de Santiago ou de aventura, o aproveitamento gastronómico dos fungos e outras producións das fragas destinadas á alimentación... ademais da utilidade que seguirían a ter estas manifestacións arquitectónicas para a gandería ecolóxica ou calesquera outras actividades do crecente mercado turístico en alza, que agradecería a posta en valor de roteiros antigos e reconstrucións de carácter histórico.

En definitiva, un chanzo máis para acadar un rexurdimento nestes –e vindeiros– tempos de crise que podería pasar pola oferta de produtos artesanais, diferentes, exclusivos... nosos.

A estas alturas da disquisición xa haberá quen se pregunte polo financiamento destas actuacións aparentemente raianas na utopía. Mais non debemos esquecer que un pobo que efectúa investimentos en cultura fomenta a concienciación e o civismo; e aínda que resulta doado pontificar con cartos alleos, non sería imprudente destinar unha parte (aínda que sexa do modesto 1%) dos nosos cada día máis elevados trabucos, taxas, exaccións ou imposicións (municipais ou supramunicipais) á conservación do noso pasado, que deba mere-

cer tanto respecto coma o fútbol, o ciclismo ou outras manifestacións culturais postmodernas.

Porque xa decía o poeta:

“Ai daquel home ou daquel pobo que se esquezan das súas raíces históricas, porque sentirán pouco medo ante o futuro e a súa mediocre instalación no presente será estéril!”

## Bibliografía e fontes arquivísticas\*

- ALVARADO, S.; DURÁN, M.; NÁRDIZ, C. *Puentes históricos de Galicia*. Santiago, 1989.
- BARREIRO SOMOZA, Xosé. *El señorío de la Iglesia de Santiago de Compostela (siglos IX-XIII)*. A Coruña, 1987.
- BAS LÓPEZ, Begoña. *Construccións populares galegas*. A Coruña, 1980.
- CAAMAÑO GESTO, Xosé Manuel. *As vías romanas*. Santiago, 1984.
- FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo. *El Reino de Galicia en la monarquía de Felipe II*. En *La Galicia rural en tiempos de Felipe II*, Santiago, 1998.
- FERREIRA PRIEGUE, Elisa. Los caminos medievales de Galicia. En *Boletín Auriense*, anexo IX, 1988.
- FILGUEIRA VALVERDE, J. *Los canteros gallegos*. Editorial Palacios. Vigo, 1973.
- GELABERT GONZÁLEZ, Juan Eloy. Dos indicadores de la coyuntura económica en la Galicia del siglo XVIII: los barcajes de Ulla y Sarandón, 1740-1787. En *Compostellanum*, 1972.
- HOYO, Jerónimo del. *Memorias del Arzobispado de Santiago*. A. Rodríguez González e B. Varela Jácome (Ed.). Santiago, 1972.
- LISÓN TOLOSANA, Carmelo. *Antropología cultural de Galicia*. Madrid, 1971.
- LÓPEZ ALSINA, Fernando. De Asseconia a Compostela: pervivencia de estructuras viarias antiguas en la Alta Edad Media. En *Compostellanum*, 1986.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio. *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago, 1898-1908.
- LORENZO FERNÁNDEZ, X. *Os oficios*. Editorial Galaxia. Vigo, 1983.
- OTERO PEDRAYO, Ramón. A aldea galega no seu decorrer histórico. En *Grial* n° 8, 1965.
- REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel. *A Estrada rural*. Pontevedra, 1990.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Ángel. *Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los irmandiños*. A Coruña, 1984.
- TABOADA CHIVITE, X. La encrucijada en el folklore de Galicia. *Boletín Auriense*. Tomo V. Ourense, 1975.
- VARELA CASTRO, Pedro. *La Estrada*. Santiago, 1923.

\* Foi imprescindible a colaboración sempre amable e desinteresada do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago e do Arquivo Histórico Universitario para a elaboración deste artigo. Vaia para os membros de ambas institucións o noso agradecemento polo seu traballo a prol da Historia de Galicia.



# O crime do cura de Sabucedo

Calros Solla Varela  
ratorabisaco@yahoo.es

**Resumo.** O envelenamento do reitor de San Lourenzo de Sabucedo, Ángel Nodar Matalobos, acaecido o 11 de setembro de 1888, súmase á listaxe de actos delituosos ventilados na prensa decimonónica. Así e todo, o asunto de Sabucedo vai máis alá dos crimes perpetrados contra a autoridade (neste caso, eclesiástica). Da lectura dos xornais da época destilamos a existencia dun xuízo paralelo obrado polos valedores da moral cristiá, unha condena substanciada no apriorismo e un feixe de prexuízos fundamentados na corrente positivista de Lombroso, Ferri e Garofalo: o delinciente como feito observábel.

**Abstract.** The poisoning of the parish priest of San Lourenzo de Sabucedo, Ángel Nodar Matalobos, on the 11th September 1888, is added to the endless list of crimes ventilated in the nineteenth-century press. However, this issue of Sabucedo goes beyond the crimes perpetrated against the authority (in this case, ecclesiastical). From the period newspapers it can be distilled the existence of a parallel trial executed by defenders of Christian morality, a sentence based on apriorism and several prejudices based on the positivism of Lombroso, Ferri and Garofalo: the offender as an observable fact.

Co gallo da publicación d'O *crime de Pardesoa* (nº 13 da colección Cerdedo in the Voyager), o amigo Carlos Baliñas, egrexio cerdense, ao tempo que me afagaba cos seus parabéns, atraía a miña atención cara a outro *affaire* criminoso acontecido, tamén no postremo do século XIX, na aldea de Sabucedo (A Estrada).

Impelido pola curiosidade, acendín a cachimba de Holmes e principiei a pescuda. Velaquí o froito das miñas investigacións.

O día 11 de setembro de 1888, terza feira, o reitor de San Lourenzo de Sabucedo, Ánxel Nodar Matalobos, dispúñase como cada día, e dende había case un ano, a celebrar misa no vedraño e deteriorado templo parroquial. Roldaban as sete ou oito da mañá.

As obras de conservación do edificio promovidas polo crego obrigaban a manter as portas francas día e noite.

Para a liturxia do día de autos, Ánxel Nodar non dispuxo as xerriñas da misa na casa reitoral, pois, en sobrando auga e viño dos oficios da véspera, coidou oportuno deixar os recipientes na credencia.



Templo parroquial de Sabucedo, A Estrada.

Misou o crego auxiliado por un veciño de confianza, mais, tras a consagración, ao inxerir os líquidos transmutados, axiña se sentiu indisposto. Así o recollen as crónicas da época, verbigracia o xornal compostelán *Gaceta de Galicia* do luns 17 de setembro, que reproduce o publicado con anterioridade polo tamén compostelán *El Pensamiento Galaico*:

Al consumir notó cierto sabor amargo en el vino, hasta tal punto que llegó a sospechar al instante que le habían envenenado. Al terminar, y ya en el atrio, dijo a los concurrentes: “Me envenenaron, y quien me envenenó fue Manuel Alonso”. Cogióse fuertemente a su amigo, el que le había ayudado a misa, y díjole: “Ayúdame a bien morir; pide por mí”. Lo llevaron a casa y, ya en cama, apuró con ansia un vaso de aceite común. Era tarde; los remedios eran inútiles: los síntomas de intoxicación general se presentaron rápidamente. No tuvo más tiempo que para instituir por heredera de sus bienes a su cuñada ante los testigos necesarios, expirando al poco rato.

O xornal *El Lucense* (“Diario católico de la tarde”) do mércores 19 de setembro engade: “A la media hora de beber el mortal veneno falleció en medio de horriblos dolores”.

In artículo mortis, os estertores do cura de Sabucedo melloraban a súa cuñada e condenaban o seu veciño Manuel Alonso Paredes.

Quen viña sendo o tal Manuel? *Gaceta de Galicia* (17-9-1888), contravindo a presunción de inocencia, ofrece un perfil tendencioso do acusado:

El presunto criminal se llama Manuel Alonso y tiene treinta y cuatro años de edad. Es de regular estatura, moreno, de ojos negros que despiden fulgor siniestro y ostenta barba negra y larga. Hállase domiciliado en Sabucedo, en donde ejerce el oficio, por no llamarle profesión, de curandero, cirujano y no se que “otras yerbas más”. Casado y con hijos, abandonó a su mujer, prostituyendo a una joven con quien llegó a hacer vida común, hará poco más de un año. Tales son los antecedentes y cualidades del presunto criminal.

O xornal lugués *Eco de Galicia* (19-10-1888), xustificando o seu nome, asume o publicado por *El Pensamiento Galaico*.

*El Lucense* (19-10-1888) emenda a descrición achegada pola *Gaceta* e repetida polo *Eco*: “Manuel Alonso, vecino de Sabucedo, es curandero de ganado, casado, y de 36 años de edad. Es de elevada estatura, moreno de color, de barba cerrada, negra como el pelo, las cejas y los ojos. Viste pantalón y blusa de tela gris, sombrero negro de fieltro y calza zuecos”.

Informadas as autoridades, a Garda Civil visita o domicilio de Manuel Alonso Paredes que, sabedor do delito que se lle imputaba, decide, de primeiras, fuxir. Finalmente, consonte lemos no xornal lugués *El Regional* (22-9-1888), o presunto asasino entrégase o xoves 13.

O venres 21 de setembro, *Eco de Galicia* avanza o móbil do crime:

Los móviles a que parece ha obedecido el envenenamiento del señor cura de Sabucedo fueron la negativa de este señor a inscribir como hijo legítimo un hijo natural de un sujeto casado y recién llegado de América, por cuya negativa prometió éste que se vengaría del cura.

O suxeito non é outro que Manuel Alonso. Denomínase “fillo natural” o nado fóra do matrimonio.

O luns 24 de setembro, *El Regional* engade:

Dicho sujeto dijo que se vengaría, para lo cual, días pasados, se introdujo de noche en la iglesia y, según parece, envenenó el vino que contenían las vinajeras.

Pola contra, a prensa desfaise en gabanzas cara á persoa do crego Ánxel Nodar Matalobos. *Gaceta de Galicia* (17-9-1888) e *Eco de*

*Galicia* (19-9-1888), plaxiando a *El Pensamiento Galaico*, escriben: “virtuosísimo sacerdote”, “actualmente, vivían en su compañía una cuñada y dos sobrinos, hijos de ésta, a quienes quería con locura y daba carrera”.

Ao día seguinte do falecemento de Ánxel Nodar Matalobos, a diocese compostelá nomea un substituto, elixindo a Miguel Garmallo Fernández cura ecónomo de San Lourenzo de Sabucedo.

Seis meses despois, o venres 15 de marzo de 1889, rematan na Audiencia Provincial de Pontevedra as sesións do xuízo oral verbo do caso de envelenamento do cura párroco de Sabucedo. O fiscal pide para o procesado Manuel Alonso Paredes a pena de morte. O avogado defensor Augusto González Vesada, a absolución do seu representado.

Na España de finais do século XIX, a pena de morte aplicábase mediante o sistema do garrote vil, instituído polo rei Fernando VII (artigo 38 do Código Penal de 1822). Agás o lapso progresista da II República, este procedemento estivo vixente até a derogación da pena de morte (Constitución de 1978). Baixo a ditadura franquista, o garrote vil foi empregado por última vez o 2 de marzo de 1974, cando a execución do anarquista Salvador Puig Antich.

O xornal *Gaceta de Galicia* do xoves 21 de marzo de 1889, reproduce o impreso días atrás por *El Diario de Pontevedra*:

Fue dictada la sentencia en la causa que se ha seguido a Manuel Alonso Paredes por envenenamiento del cura de Sabucedo. La sentencia condena al procesado a la pena de cadena perpetua, pago de costas e indemnización de 1.500 pesetas para los herederos del cura fallecido. Se ha tenido en cuenta la circunstancia atenuante de arrebato y obcecación. A la una de la tarde pasó a la cárcel el oficio de la secretaría de la audiencia el señor Blanco, encargado de notificar la sentencia al Manuel Alonso. Éste se presentó bastante abatido e impaciente. Al acabar la lectura de la sentencia exclamó: “¡Parece mentira que sin haber cometido delito se me haga pagar esa pena! Innumerables veces repitió lo mismo. No ha demostrado desconsuelo o aflicción. En su fisonomía, más que otra cosa, se reflejaba algo de ira contenida. Se negó a firmar la diligencia de notificación, en vista de lo cual firmaron los presentes testigos, incluso el redactor de *El Diario* también presente.

*Eco de Galicia* (22-3-1889), apelando de novo á súa cabeceira, copia o contido da sentenxa ofrecido pola *Gaceta* que xa antes fusilara a *El Diario*. Así e todo, o 9 de abril de 1889, *Eco de Galicia*

informa que, segundo os boticarios Segundo Santos (subdelegado de farmacia) e Marcial Moure, a substancia empregada para envelenar o crego de Sabucedo fora a estricnina.

Á luz do aparecido na prensa, poderíase pensar que neste asunto a dúbida carece de póla onde aniñar, mais, enfrascado no meu rol de sabuxo, a por de remexer, fun dar coa *Gaceta de Galicia* do sábado 15 de setembro de 1888, tan só catro días despois de acaecido o crime.

Na páxina 3 do dito xornal compostelán lese o seguinte:

“Algunos señores sacerdotes se presentaron a esta redacción para que desmintamos por completo la noticia publicada por el periódico El País Gallego (otro diario santiagués) respecto a la muerte del cura de Sabucedo. Se conoce que algunos de los datos adquiridos por dicho colega son completamente inexactos y, antes de darlos a la luz, pudo consultarlos, pues eran algo graves”.

Mágoa que, polo momento, non dispoñamos das suxerentes páxinas de *El País Gallego*, xa que, probabelmente, levado o rato ao burato, faciamos por ben esclarecer o que semella froito da atávica rivalidade entre bruxos e abades.

\* \* \*

## O crime do cura de Sabucedo

(Transcripción do publicado na prensa da época)

### Ano 1888

*Gaceta de Galicia: Diario de Santiago* (Compostela, sábado 15 de setembro), páx. 3:

Santiago

Algunos señores sacerdotes se presentaron a esta redacción para que desmintamos por completo la noticia publicada por el periódico *El País Gallego*<sup>1</sup> respecto a la muerte del cura de Sabucedo.

Se conoce que algunos de los datos adquiridos por dicho colega son completamente inexactos y, antes de darlos a luz, pudo consultarlos, pues eran algo graves.

*Gaceta de Galicia: Diario de Santiago* (Compostela, luns 17 de setembro), páx. 2:

Noticias de Galicia

Escriben lo siguiente a nuestro colega *El Pensamiento Galaico*<sup>2</sup>, acerca del horroroso crimen del cura de Sabucedo:

Don Ángel Nodar, virtuosísimo sacerdote y cura párroco de Sabucedo, de cuarenta a cuarenta y cuatro años de edad, natural de Parada, en este distrito, haría próximamente un año que estaba desempeñando, por primera vez, la cura de almas y, actualmente, vivían en su compañía una cuñada y dos sobrinos, hijos de ésta, a quienes quería con locura y daba carrera.

La iglesia de Sabucedo estaba bastante deteriorada, por cuya razón el párroco llevó a cabo algunas obras de reparación, las que aún no están terminadas, debiéndose precisamente a esto el que dicha iglesia se halle constantemente abierta, tanto por el día como por la noche.

Serían las ocho de la mañana cuando el señor cura se dispuso a celebrar el Santo Sacrificio de la misa, como de costumbre, y aunque siempre llevaba de la casa rectoral el vino y el agua, este día no se cuidó de ello, ni de reconocer las vinajeras, sin duda porque había sobrado lo suficiente del anterior. Tampoco pudo ayudarle a misa su sobrino, porque no se hallaba en casa, teniendo que hacerlo un honrado anciano, íntimo amigo suyo.

Ya en misa, al consumir notó cierto sabor amargo en el vino, hasta tal punto que llegó a sospechar al instante que le habían envenenado. Al terminar, y ya en el atrio, dijo a los concurrentes:

“Me envenenaron, y quien me envenenó fue Manuel Alonso”. Cogióse fuertemente a su amigo, el que le había ayudado a misa, y díjole: “Ayúdame a bien morir; pide por mí”. Lo llevaron a casa y, ya en cama, apuró con ansia un vaso de aceite común. Era tarde; los remedios eran inútiles: los síntomas de

1 Xornal editado en Compostela. Non se puido consultar o exemplar aludido nin ningún outro anterior á data do 15 de setembro.

2 Xornal editado en Compostela: “Diario católico tradicionalista”. Non se puido consultar o exemplar aludido.



La Gaceta

DIARIO DE SANTIAGO

CONTOS DE SUBSCRICION EN EL OFICINA DE LA FACETA DE GALICIA... FUNDADOR PROPIETARIO MANUEL BIVIANO FERNANDEZ... PRECIOS DE SUBSCRICION

SECCION EDITORIAL

SITUACION PECUNIARIA DEL AGRICULTOR

Nuestro trabajo es que una de las causas que impiden y hacen precaria la vida de agricultores, es la falta de capital, la necesidad que por tal razón se encuentran...

CRISISIS

A mi querido amigo, Manuel Fernández Tañal, redactor y administrador de la Gaceta de Galicia.

Las hay de muy diversos géneros y colores: crisis monetaria, crisis ministerial, crisis agrícola, crisis comercial, etc. etc.

Mirad para su rostro demagogico, examinad el benéfico de ojos, la radiante promiscua de sus pupilas, fijados en aquella insignia fortiva que simula escapa de sus pupilas, para si a momentos avergonzada en su barba; seguidle a ese hombre, averigued su vida, observad los menores detalles de su existencia doméstica, y al poco rato sabréis que es hijo del trabajo ajeno...

¿Qué D. Cristóbal no es, con toda formalidad, que no veede ni un celvino de pimiento, ni un cuarto de azúcar, que D. Sirobusto es asaque del mismo modo que los artículos de novedad, en pañeta, así como las de comer, badey, y demás apar de diatos cas de baby, su manestras paralizados y que D. Pascual atade que la venta de la quinacrina y otros objetos de conveniencia es un millo y así por entre estos todos los donas productos de la industria y vuestros creencia que muchasa rasta, hasta que no lo contra personas tan graves, que la crisis comercial se profunda.

¡Llega el doctor a vuestra casa a examinar el padecimiento que sufris uno de vuestros parientes y no le hace falta de la medida de la crisis, para hablar del período de crisis porque atravesá el enfermo, en sus dolencias, y con seguridad, vuestros en un fiero por mi crisis sería capaz de mandarlo a paseo.

En esta y en las demás cuestiones que se han de tratar, las autoridades del Congreso, y el vestigio del Sordo se ven en un día de crisis ministerial, completamente llenos de hombres, y en vuestro semblante coocerán lo que...

una, pero cuyo deslizado brillo se perdió en la oscuridad de los tiempos, horas que ríen por todos lados y pantalones que recordan días muy buenos, aun cuando en esa ocasión ningún profeta se atreva a dar una palabra chica por ellos.

En mis sueños, generalmente pálidos, se veía la amabilidad, la dulz, la inextinguible, y así asegurari que en aquella noche era el Gobierno, un rayo de esperanza y alegría brillaba en su semblante. Resumidamente por completo, estos hombres son los que de una crisis se salvan, en crisis ministerial, pasar a mejor vida; en una palabra, constituir la colonia de cesantes y son los primeros que se desbaratan atropellados por los continuos de oblicuos y moños que se agolpan a la entrada de la calle Mayor esperando la salida de aquella estación negra para volver a sus habitos sencillos.

No tienen para pan, pero no pueden producir en esos días de las insuperables penurias.

Para un rapaz preguntando el extraordinario del D. Cristóbal con la nueva constitución, como en cualquier parte, menos en círculos cerrados y nuestro hombre más cinco, diez, quince minutos, lo que quiere, y saboreo El Entrado que es un pasidillo de un color pálido determinado retrama la identidad de palabras sobre sus correligionarios para señalar el peligro que un profeta habla de los ruidos contrarios por este o por otro para ser desmentar tal o cual cargo y oírán al cesante grito, ponderar sus sacrificios por... el partido en que milita (dese parvada), como dirían en Santiago.

En cambio, tampoco faltaban en los círculos, donde aquellos se encuentran, otros de diverso aspecto que forjado coherente tomen y en su demencia se sembraron parais de la vida ministerial a la crisis ministerial. Como aquellos hombres sencillos, indagan, preguntan y no salen de la casa de sus parientes.

¿Veis a aquel pobre labrador que desde las primeras horas del día de mercado, se encuentra en la población, acompañado de su voz arreata su desigualdad. ¿Lo veis?

Fue, apenas cualquier cosa a que volver para la adula con ella, después de haber vivido en su día de trabajo y que merda sin haber visto alguno algo en la población.

No le falta, ese hombre no tiene un cuarto de existencia de un horrible crisis agraria.

Que D. Cristóbal no es, con toda formalidad, que no veede ni un celvino de pimiento, ni un cuarto de azúcar, que D. Sirobusto es asaque del mismo modo que los artículos de novedad, en pañeta, así como las de comer, badey, y demás apar de diatos cas de baby, su manestras paralizados y que D. Pascual atade que la venta de la quinacrina y otros objetos de conveniencia es un millo y así por entre estos todos los donas productos de la industria y vuestros creencia que muchasa rasta, hasta que no lo contra personas tan graves, que la crisis comercial se profunda.

Llega el doctor a vuestra casa a examinar el padecimiento que sufris uno de vuestros parientes y no le hace falta de la medida de la crisis, para hablar del período de crisis porque atravesá el enfermo, en sus dolencias, y con seguridad, vuestros en un fiero por mi crisis sería capaz de mandarlo a paseo.

Lector, todo fué una bronca, solo yo me encuentro en momentos críticos: excusado por un lado, crisis ministerial por el otro, compadecido de mi y si pudiese, saldríe de este conflicto.

BALDOMERO LOPEZ.

Agosto de 1888.

NOTICIAS EUROPEAS

Paris 14 Setiembre de 1888. El presidente de la república francesa se...

que connotado ovaciones en su rápido viaje por la Nueva Romaña. En el Havre fué vítorado ayer por 3.000 obreros de la Sociedad de las Forjas y astilleros del Mediterráneo, y por otros 2.000 de los Duclos. Hoy el señor Carnot se halla en Rusia, donde ha sido calorosamente acogido. El banquete que en la ocasión la mencionada puede ser comparado en magnificencia con un banquete real. Pero como que esta clase de festines siempre suelen ser más interesantes para los conquisados que para el público que los ve, pasáremos a Viena donde acaba de tener lugar un incidente que puede ser de gran transcendencia para la paz entre Austria y Rusia.

Al recibir el emperador Francisco José en Belovar a los austríacos críticos y religiosos supo con disgusto que monseñor Strossmayer había dirigido el siguiente telegrama al conde estauo de Kere.

«Tengo el honor y la alegría de participar a vuestra familia la feliz noticia de haberse restituido a Viena, la fe sacra, en la «reconstrucción, la vida, la luz y la gloria para el mundo de la patria». He aquí que el «reino» a la «religión y la vida» guardando la fe, y con «su poderoso socorro pueda llevar, junto con vuestro deber, esta gran misión que le ha sido dada por el mismo Dios.

«Es lo que desira del fondo del corazón»

Strossmayer»

La corte de Austria es indigno de tal modo, que se prometió no dejar pasar desaprobada la conducta del demagogico político belod. He aquí que el conde estauo de Belovar, monseñor Strossmayer, presencio al emperador el circo de su diocesis. Después de los saludos de costumbre el monarca levantó a parte el obispo y le dijo: «¿Habéis viajado a la sabiduría cuando habéis viajado a vuestro telegrama a los papaves de Roma? «¿Habéis obrado contra la Monarquía, la «religión y la vida»? El obispo contestó inclinandose con respeto: «Majestad, mi conciencia es pura». Según aseguran personas dignas de fe, el emperador habia estado hablando de un modo violento: «Creo que no sabianis lo que estáis haciendo. No se hallaban, «con ragra fiu, estáis retrayendo». Después de este incidente, algunos obispos querían consultar a monseñor Strossmayer, pero este último contestó que no tenia necesidad de ellos, que su conciencia estaba tranquila.

Por la noche, ese príncipe y los obispos Hacivier y Foulvire, no se retiraron a la comoda de gala. Ayer monseñor Strossmayer solicitó una audiencia al príncipe Rodolfo por el heredero de la corona de Austria en la actualidad.

Demos un salto hasta Marsella, en cuya villa acaba de tener lugar un doloroso accidente. El buque Galatienbachoff ayer matara treinta avestruces enarman. Ena pájarcos han venido de Orán destinados al reino zoológico. Sin embargo, es probable que las diez más hermosas vendrán a aumentar el número de búhos raris en el jardín de aclimatación de esta capital. Medios capidos fueron a consultarlos al momento de embarcarse en las jaulas; un individuo se rebastante con la vida, tuvo el capricho de arrojarse una pluma a uno de ellos pero al mismo tiempo se rebotó en el suelo y cayó en el ventrillo y defendiérselo. Que se juzgue del asombro que produjo tan inesperada tragedia. — R. D.

LA GACETA EN MADRID

15 de Setiembre de 1888.

Todos los centros políticos están bastante animados.

En la sala de billar y dilos muchos asiste del silencio y consecuencia que puede tener para el partido liberal un completo desmembramiento de reformas que deben plantearse para mejorar las tristes condiciones en que se encuentra el légitimo.

Muchos conseruadores que de esto hablan...

GACETA DE GALICIA

...crem haya ocurrido nada de un año á esta parte que haya cambiado las condiciones de los jueces y oficiales del Distrito, y por tanto es el léxico el que ha sufrido las modificaciones...

En cambio, la inmensa mayoría de los magistrados y los partidos democráticos entendieron que llegó el momento de realizarse, sin escusa ni expedientes dilatorios, por tardío el espíritu del país y de Echevarría, haciendo desaparecer en el futuro todo motivo de dispendio en las causas generales.

Los generales Martínez Campos, Jovellar, Quintana, O'Ryan y otros insisten en que debe conservarse por ahora el estado quo en lo esencial que trató de reformar el general Canales.

No tendría facha de extraneo que el señor Alonso Martínez participase de esta opinión; pero si las circunstancias varias pudiesen darse el caso de ser convencido por el Sr. Sagasta, que coincide con la mayoría de los Ministros en que se debe de hacer algo útil y positivo tan pronto como regrese el Cortes.

Entonces quedará plantado un problema político de extraordinaria importancia para el fatigadísimo Sr. Capitán general, reforzado con los elementos de la gran fuerza que una división en el partido.

Lo más sensible del caso es que, cuando más tiempo pasa, mayores dificultades presenta toda solución que no sea radical.

Sin embargo, el Presidente del Consejo de Ministros, ante las numerosas solicitudes del Sr. Alonso Martínez, apenas toda discusión y acuerdo hasta el punto de haberse referido como faltaron pocas semanas para la apertura de Cortes, hizo la posible a fin de que la Gaceta publique algunas reformas en que haya posibilidad de delegar á un acuerdo deplorable demás para que el Cuerpo Legislativo decidiera la más oportuna.

Según los impresionables, la salida de los señores Alonso Martínez, O'Ryan y Rodríguez Arias del Ministerio puede considerarse como un hecho positivo tan pronto como se hable en Consejo de las reformas militares.

Estreñir. El Norte 15.—La revista militar celebrada el Norte del brillante, el conjunto de todas las armas sumaba 600 hombres, que desfilaron delante del presidente de la república, cuando era muy victorioso.

UNA CARTA DE ECHEGARAY. Echeagaray el indague autor de La muerte en los bellos, Mar y el avilán y El gran galano, humildemente impresionado por la muerte de Rafael Calvo, ha dirigido á V. la carta siguiente:

Querido Vico. Acabo de llegar. Momentos antes de salir de Pontevedra recibí un telegram: ¡mucho tiempo voy a verla en verdad en honor de nuestro inolvidable Rafael y me voy á usted en un que cora, no se corre el viento, ni se puede expresar la una veracidad y profecía que leísteo. Me parece mentira! No me resigno á creerlo! Me figuro que es una pesadilla, que voy á despertar y á encontrarme como siempre; que aquella inteligencia tan vigorosa, aquel cuerpo activo, no han podido desaparecer de ese modo, tan trasformador, tan por sorpresa! Por lo que V. sienta comprenderá V. lo que siento yo. Al llegar á ésta, entre las cartas que me regaló guardadas, he encontrado una de Rafael, contradictoria á la que le escribisteis el día antes por la muerte de su hija. Recibir, casi soy después de muerte! ¡Hay escarabajo mayor! Es imposible, es imposible conformarme con estas infamias de la suerte! En fin... no quiero atormentarme de V. más: todo lo que yo digo le voy V. pensando alguna misma. ¿Que transcenda tus alegrías de verano iba pasadas? ¿Que desentente las horribles Femeba á O'Ryan, que desentente á Coimbra, y por Lisboa volver á Madrid y pensaba empezar en Portugal, aquel drama de espectáculo en que Calvo tenía aquel día?

No sabría a veces y la realidad de la vida está á sembrar los maldades. El pobre Ricardo Dile V. un abate de mi parte, y milojosmo con toda la edición de un libro á Ricardo y á sus hermanos.

Adios por hoy. Dos abonos muy apretados, uno por V. otro por aquel á quien no abracas ni en sociedad de devota ni en noche de tráfalo.

V. de cada día más; porque cada día que das más a las filias y mecumam aperturas así y más.—Suyo, Echeagaray.

NOTICIAS GENERALES

El crimen de Valencia. Los notariales de abogado, hechos por la señoría Potenciana y Astasio Vila y el Ministro, quienes representaron por todos los procesados en esta ridícula causa que uno dice todos, diez hombres y dos mujeres.

El notariado se entregó á don Luis Fabre, presidente de la dirección y defensor de la señoría Potenciana. El señor Fabre entró camino de Zaragoza á Madrid. A su último punto se le dirigió el telegrama. El señor Vila no se ha recibido contención. Y como no sea conveniente que la procesada en causa de representación, en el feo feo feo provisionalmente al señor Stanchi Bruna.

El jueves no recibió visita la señoría López. Una criada llevó la comida. Sus hermanas no fueron á verlo, por haberse algo indignado de la señora.

Astasio Vila (a) Náyra, ha nombrado abogado defensor al señor Huguet.

Se ha verificado una inspección sobre la casa de la señora, el resultado el asesinato de don Dionisio López.

Al año asistieron los señores y los abogados y procuradores de las doce provincias. La inspección ha verificado sobre la posibilidad de pensar en la habitación donde se cometió el crimen por el señor de teatro de Apolo, por el piso de la casa bañada, o subiendo desde la primera, que está habitada.

El doctor desde los cuartos de la calle hasta las ocho de la noche. Los periodistas han presenciado el acto de la inspección desde las ventanillas del teatro de Apolo.

¿El esposo que los señores pasaron desde la galera del principal a la casa donde se cometió el crimen.

El director de la justicia había sido á visitar a una amiga suya y la llegada de aquel hombre impresionado produjo entre las señoras gran curiosidad e interés.

Dolores y María Avila se emocionaron de tal modo que rompieron á llorar.

No así la Higienda, que haciendo gala de su alegría nerviosa, quiso conocer al verdugo diciendo con vivacidad:

—¿Quiéno hablarás con el hombre que me ha de apagar el cordón.

Sólo se veía, como un convesado en el teatro y el ejecutor tuvo que retirarse como vino. Higienda se apartó un poquito al parcerío, pero á los tres de la tarde tuvo necesidad de acercarse, acomodado de un matrimonio.

Era que se recibiera en multitud de habitantes, cuya vida creyó tener valor de arrostrar, había estado alguna alegría faja.

Se ha suicidado en la Habana, disparando, el capitán de Navia, el doctor D. Isabel Capalino, hermano de José muy conocido en la buena sociedad habanera.

Se ha suicidado en la Habana, disparando, el capitán de Navia, el doctor D. Isabel Capalino, hermano de José muy conocido en la buena sociedad habanera.

De un suceso extraño y verdaderamente

deplorable ocurrido en la Habana 60 cuenta el telegrama al Sr. Ministro de Ultramar. En la mañana de la tarde de aquel puerto un funcionario del Estado, observó de pronto que se aproximaba un bandido, el cual al retroceder hacia la playa, oyendo del terrible grito: «¡ay! muerro sobre la arena en el momento de poner los pies sobre tierra; firmo».

El señor obispo de Madrid ha tratado ya la buena de poner en conocimiento de la Santa Sede y del nuevo episcopado en la corte, las actuales presiones de celebrar un congreso de católicos, y oportunamente el participó así mismo á todos los grandes señores, políticos ya en el mundo y reasistidos el programa y los temas que se van de leer, se le para que no dé lugar las modificaciones que juzgan convenientes, invitándole, por último, á que tome parte en la organización y en las sesiones de tan importante asamblea religiosa.

La presidencia del congreso se la dará al señor asco, si se digna admitirla, y en su defecto al señor cardinal arzobispo de Toledo, ó á cualquier de los señores cardenales, creándose el que quien pueda correspondiente, guardando siempre la guarnición y la antigüedad.

Continúa de un periódico de Madrid: «—El jilón, el jilón... repátese á las seis de la tarde en cinco millores de voces, en una mayoría infante, en el Prado Recolector.»

El congreso de la palabra la acción, corria las gentes hacia el Sr. Barquillo, sobre la calle de San Juan, y multitudinariamente el magnífico globo Pádra de Paris.

Habíanse elevado entre nosotros sobre la Plaza de Sol y el edificio del ave franco de la tarde del domingo á Madrid.

Cuando ya se hablaba á poca altura, observó el público que venía ocupado, y creó la curiosidad para conocer al intruso, acriollando que venía del teatro; por lo que se le dio la bienvenida y arrojando flores y confeti que recogían los calcetines mientras las niñas y solistas se iban fangando del vistoso aire.

El ascensor creció de punto cuando se supo que no era un hombre, sino un niño de poca vida dentro del globo, haciendo es tiempo de su salud en la madrugada del centro de la Plaza.

Pero este esfuerzo fueron inútiles. El Vicio de París quedó suspendido entre la calle del Barquillo y la casa número 10 de la misma calle, y estacionado en los lados del teléfono que cruzan por aquel sitio.

Momento después llegaba el gobernador civil, Sr. Aguilera, quien distó las medidas convenientes para que vados soldados bajaran al teléfono á la terralla, vaiga y para que los depones y sus dependientes pudiesen recoger el globo.

Un detalle: cuando la aglomeración era mayor en la calle del Barquillo, avanzó por ella un granjero conducido á Villavieja.

NOTICIAS DE GALICIA

Reciben lo siguiente á nuestro colega El Pionero: Calvo, suceso del heroico crimen del cura de Sabucedo.

El Ángel Nador, virtuosísimo sacerdote, y cura parroco de Sabucedo, de cuarenta y cuatro años de edad, natural de Ferrol, en ese distrito, había pronunciado un año que estaba desentrenado, por patriarcal, a cura de alma, y actualmente vivían en su casa, una cuñada y dos sobrinos, hijos de ésta, á quienes quena con loeas y dadas caritas.

La Iglesia de Sabucedo estaba bastante deteriorada, por cuya razón el párroco llevó á cabo algunas obras de reparación, las que en su estado terminadas, debiéronse profremente á este que el día quince de agosto corria la noche.

En la mañana del día de mañana cuando el señor cura se dispuso á celebrar el Sacro Sacramento de la eucaristía, como de costumbre, y en el momento de salir de su casa se encontró el viento y el agua, entre día no se volvió á él, ni de reconocer las viñetas, ni alaba, porque había subido en el edificio del anterior. Tampoco pudo ayudarle á salir su mujer, porque no se hallaba en casa, teniendo que haberlo en su casa, como el anterior, á punto de salir, y al salir se encontró á punto de salir, y al salir se encontró á punto de salir, y al salir se encontró á punto de salir.

El señor cura se hallaba en casa, teniendo que haberlo en su casa, como el anterior, á punto de salir, y al salir se encontró á punto de salir, y al salir se encontró á punto de salir, y al salir se encontró á punto de salir.

firmado. Al terminar, y ya en el altar, que los concurrentes: «—El señor obispo de Madrid ha tratado ya la buena de poner en conocimiento de la Santa Sede y del nuevo episcopado en la corte, las actuales presiones de celebrar un congreso de católicos, y oportunamente el participó así mismo á todos los grandes señores, políticos ya en el mundo y reasistidos el programa y los temas que se van de leer, se le para que no dé lugar las modificaciones que juzgan convenientes, invitándole, por último, á que tome parte en la organización y en las sesiones de tan importante asamblea religiosa.»

